

ds
X50W05X

izpR087

CADERNOS DE LINGUA



17

1.º SEMESTRE, 1998

REAL
ACADEMIA
GALEGA



ZñDVW

— V10 —

E
o
F
i
x
a

D
W
a

R E A L
A C A D E M I A
G A L E G A



R(05)13

CADERNOS DE LINGUA

1.º SEMESTRE. 1998

17

R E A L
ACADEMIA
GALEGA




Director: Constantino García
Vicedirector: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Consello de redacción:

Carlos Díaz Abraira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
 Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Comité científico:

R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giralt (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Paderborn), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coímbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), Boris Narumov (Un. San Petersburgo), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

Colaboracións e correspondencia:

Xosé Luís Regueira Fernández
 r/. Hórreo, 31-2º
 15702 Santiago de Compostela

Subscripción e intercambio: Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.
 r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

© Real Academia Galega
 A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega
 r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
 Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro

Imprime: Obradoiro Gráfico, S. L.
 Avda. Rebullón, 49 - Mos

Esta publicación é posible gracias á colaboración económica da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

ÍNDICE

ARTIGOS

- X. GONZÁLEZ MILLÁN, O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión 5
- M. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. RODRÍGUEZ NEIRA, A relación entre competencia e uso do galego 25
- X. V. LÁMINA, O estudio do galego en Rusia 47
- F. J. DÍAZ PÉREZ, A motivación na aprendizaxe do galego en alumnos de fóra de Galicia 57
- S. FAGINAS SOUTO, As realizacións de /e/ no castelán da Coruña 83
- M^a X. BELLO RIVAS, O ordenador como medio de comunicación lingüística: entre oralidade e escrita 105

RECENSIONS

- O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, X. M. BOUZADA FERNÁNDEZ, LORENZO SUÁREZ (G. Rei Doval) 123
- Gramática da lingua galega I, Fonética e fonoloxía*, X. R. FREIXEIRO MATO (F. Dubert García) 133



O CRITERIO FILOLÓXICO E A CONFIGURACIÓN DUNHA LITERATURA NACIONAL: ACHEGAS A UN NOVO MARCO DE REFLEXIÓN

XOÁN GONZÁLEZ MILLÁN
International Research Center for Galician Studies
Graduate School and University Center-CUNY
Hunter College

1. A crise dun criterio privilexiado

Aínda sendo conscientes de que as xeneralizacións, sobre todo as socioculturais, tenden a paralizar e distorsionar a intelección dos fenómenos que caen dentro da súa xurisdicción, pode afirmarse que os ensaios normativos de Fichte e Herder sobre a lingua e a cultura nacional alemanas iniciaron unha vía importante para articular unha determinada concepción das formacións nacionais, na que a lingua foi utilizada de forma privilexiada para definir como nacionais determinadas experiencias colectivas; de Blas Guerrero sintetiza con precisión esta formulación ao afirmar que, pola súa inigualable eficacia para articular os procesos de identidade colectiva, e sobre todo a nacional, "ninguna ideoloxía ha podido competir con la nacionalista en la utilización de esta manifestación estrictamente política de la lengua que acompaña a sus dimensiones comunicativa y participativa" (1994: 101-102). Esta forma de fundamentar filoloxicamente o discurso nacional tería que competir ao longo dos séculos XIX e XX con outros argumentos que privilexiaban factores asociados co poder de articulación política; pero incluso periodicamente os representantes dos estados-nacións se verían obrigados a botar man da lexitimación filolóxica para solucionar simbolicamente momentos de crise provocados polos movementos de reivindicación nacional que xurdían no seo do espacio estatal.

A sorte do criterio filolóxico seguiu vieiros distintos segundo as experiencias nacionais estivesen caracterizadas ou non pola ausen-

cia ou deficiente articulación institucional dos diversos ámbitos socioculturais e políticos¹. Pero en xeral, pode afirmarse que esta forma de encarar a fundamentación dunha experiencia nacional, con dúas vertentes ben definidas, unha histórico-ideolóxica e outra filosófico-paradigmática, está na orixe de moitos dos obstáculos epistémicos e analíticos que aínda perviven no estudio do fenómeno nacionalitario, e que derivan, en gran medida, do excesivo protagonismo asignado a unha visión esencialista do factor lingüístico nos procesos de formación nacional. Neste contexto, a observación de A. Smith de que "todos los intentos de 'reducir' el nacionalismo a una especie de variable más fácilmente inteligible terminan con la derrota en el terreno empírico o se convierten en tautologías" (1976 [1971]: 214) é especialmente aplicable aos defensores do nacionalismo filolóxico. A reflexión sobre a constitución e institucionalización dunha literatura nacional, a partir dun marco conceptual e heurísticamente multifactorial do discurso literario, debería axudar a reconsiderar algunhas hipóteses utilizadas polos defensores do criterio filolóxico en relación coa determinación lingüística do fenómeno nacionalitario e a intervención do factor lingua na demarcación dun espazo literario nacional. Tal é o punto de partida deste traballo, no que se pretende superar o espellismo dunha cultura filolóxica na definición e delimitación do comportamento dunha literatura nacional e na concepción mesma do fenómeno lingüístico.

A privilexiada condición do criterio filolóxico é analizada e criticada por A. Smith en base a unha serie de hipóteses (1976 [1971]: 207; ver tamén 256-61) sintetizadas nos seguintes termos: a cultura, como fenómeno social, é irreducible á súa dimensión lingüística, e por tanto deben desbotarse por inoperantes as clasificacións nacionais en función de taxonomías baseadas no fenómeno da lingua; noutras palabras, nin o nacionalismo é necesariamente un movemento lingüístico nin a lingua un factor esencial ou imprescindible no desenvolvemento dos movementos nacionalistas. Conclúe A. Smith a súa argumentación (dirixida especialmente a descualificar a E. Gellner) coas seguintes palabras:

Es cierto que muchos nacionalistas han sido fervientes partidarios de los estudios filológicos. También existe una fuerte correlación entre los renacimientos literarios y la modernización del lenguaje y la aparición de algunos movimientos nacionalistas. Pero lo inte-

¹ Ver A. Figueroa (1987) para a dinámica da filoloxización cultural en situacións institucionalmente deficitarias.

resante aquí es seguramente que esas actividades lingüísticas reflejan el sentimiento nacional creciente de los que las llevan a cabo ... La lengua vernácula se glorifica y se eleva a la categoría de la lengua popular (pero no en todos los casos de Europa), sólo después de que sus estudiosos hayan tenido inclinaciones nacionalistas y porque ya han realizado este autodescubrimiento. (1976 [1971]: 212)

Noutras palabras, a idea de nación, fundamentada nunha experiencia étnica, sería previa á súa articulación filolóxica, entendida tanto en termos sociolingüísticos como literarios. Estas obxeccións de A. Smith, con ser unha emenda importante á concepción panlingüista do nacionalismo, non poden evitar a tentación do primordialismo, polo que corren o perigo de desvirtuar a complexa realidade histórica dos fenómenos nacionalistas.

Outro estudioso do nacionalismo igualmente preocupado polas complexas relacións entre as formacións nacionais e a experiencia lingüística, E. J. Hobsbawm, propón unha lectura do nacionalismo lingüístico en termos dunha linguaxe pública, representada pola lingua lexitimada pola educación pública e polo seu uso oficial; consonte esta perspectiva, as investigacións deberían centrarse "[in] the written language, or the language spoken for public purposes" (1992: 113). Só así pode superarse unha visión abstracta e esencialista da comunicación social e da cultura, e acceder simultaneamente ás cuestións inevitables de poder político, status e ideoloxía. Esta formulación facilita a relación do nacionalismo lingüístico cos diversos procesos de constitución e institucionalización dun discurso literario, sobre todo se este é visto como un factor fundamental na configuración dunha identidade nacional. A esta vía de investigación hai que engadir outra consideración importante sobre a complexidade e as múltiples tensións xeradas pola implantación dunha política lingüística; como apunta C. Calhoun: "it is not obvious where people's primary linguistic loyalties lie; and the politics of language can be much more complicated than the simple idea of respecting a 'national' language implies" (1997: 41)².

² Ver tamén Hobsbawm (1992: 41-44) para as relacións entre literaturas nacionais e linguas periféricas, e o clásico estudio de R. Balibar e D. Laporte sobre a burguesía e a articulación dunha lingua nacional (1976 [1974]), que, en palabras dos prologuistas (E. Balibar e P. Macherey), documenta como "al constituir una práctica lingüística especial, la del francés elemental, codificado en y para el aprendizaje escolar, sólo el desarrollo del aparato escolar puede dar una idea concreta y una realización efectiva a la constitución del francés nacional, 'lengua común' pensada para resolver todos los antagonismos lingüísticos y que en realidad proporciona una nueva base a dichos antagonismos" (21). Na mesma liña traballa M. Pecheux (1975).

O concepto de proto-nacionalismo articulado polo mesmo E. Hobsbawm (1992) axuda a entender o que el denomina nacionalismo lingüístico e a superar as dificultades sinaladas por A. Smith na súa crítica a E. Gellner. O recoñecemento de experiencias protonacionais permite intuír como intervirán nunha futura consolidación do fenómeno nacionalitario determinados factores sociais, entre eles a lingua³. Con esta proposta, Hobsbawm entra na polémica entre os primordialistas e os discursivistas ou constructivistas. Se ben acepta a existencia dunha serie de vivencias dunha identidade colectiva proto-nacional, que poderían ser utilizadas posteriormente polos colectivos encargados de articular as institucións estatais ou nacionais, nesa fase histórica non pode falarse aínda de lingua nacional, que para el, como para Balibar e Laporte (1976[1974]), está directamente relacionada coa institucionalización da educación primaria:

National languages are almost always semi-artificial constructs and occasionally [...] virtually invented. They are the opposite of what nationalist mythology supposes them to be, namely the primordial foundations of national culture and the matrices of the national mind. They are usually attempts to devise a standardized idiom out of a multiplicity of actually spoken idioms, which are therefore downgraded to dialects. (54)

Esta intervención dos correctores e normalizadores no espazo social que Hobsbawm denomina "culture-language" (61) faise eco do modelo articulado por B. Anderson en *Imagined Communities*, no que utiliza o concepto de 'national print-languages':

Print-languages laid the bases for national consciousnesses in three distinct ways. First and foremost, they created unified fields of exchange and communication below Latin and above the spoken vernaculars [...]. Second, print-capitalism gave a new fixity to language, which in the long run helped to build that image of antiquity so central to the subjective idea of the nation [...]. Third, print-capitalism created languages-of-power of a kind different from the older administrative vernaculars. (1991: 45)

Na bibliografía hispánica destaca a proposta de J. R. Recalde, que desbota tamén o tratamento esencialista da lingua como un factor permanente e constitutivo da experiencia nacionalista, e ofrece

³ Ver tamén E. Balibar, en Eley e Suny (1996) para unha lúcida reconceptualización dos momentos pre-nacionais.

como alternativa unha lectura a tres niveis do fenómeno lingüístico: como elemento de creación da sociedade nacional, na medida na que o proceso de modernización cultural pon en funcionamento unha tendencia á unificación lingüística; como factor de modelación das identidades; e como instrumento de dominio da clase social no poder (1982: 341). Entre a fase pre-nacional e a nacional propiamente dita produciríase, segundo esta articulación, un salto cualitativo representado pola distancia entre a lingua tradicional e a lingua como un factor de conformación nacional: "Frente al sistema de comunicación dialectal se va constituyendo el sistema modernizado, para cumplir los objetivos de la sociedad en transformación: la intercomunicación mercantil, la administrativa y burocrática, la judicial e incluso ... la reforma religiosa" (342). Esta distinción entre dúas situacións sociolingüísticas, a da lingua dialectal e a nacional, obriga a repensar os usos mesmos do concepto de linguaxe, para non caer en extrapolacións perigosas e deformadoras, sobre todo cando se analiza o fenómeno sociolingüístico no marco do nacionalismo. M. Billig propón unha forma moi semellante de encarar a cuestión do nacionalismo lingüístico cunha frase que sintetiza o mencionado corte epistémico entre a visión nacional da lingua e as situacións pre- ou proto-nacionais:

The modern imagining of different languages is not a fantasy, but it reflects that the world of nations is also a world of formally constituted languages. The disciplinary society of the nation-state needs the discipline of a common grammar ... The questions about language, which today seem so 'natural' and so vital, did not arise [before the formation of the world of nations]. To put the matter crudely: the mediaeval peasant spoke, but the modern person cannot merely speak; we have to speak something – a language. (1995: 31)

Por tanto, coa institución dunha formación nacional aparece unha concepción e un funcionamento radicalmente novos do fenómeno lingüístico, que pasa a constituírse en lingua nacional. M. Billig, e neste enfoque coincide con R. Recalde, considera indisolubles ambos elementos: a lingua, tal e como a (sobre)entendemos hoxe só pode ser unha lingua nacional: "language does not create nationalism, so much as nationalism creates language; or rather nationalism created 'our' common-sense, unquestioned view that there are, 'naturally' and unproblematically, things called different 'languages', which we speak" (30). Recalde formula esta mesma idea, na que se sintetiza a teorización da lingua como factor moderno de

intercomunicación e como instrumento de construción nacional, sinalando a necesidade dunha linguaxe unitaria e normativa, "esto es, un léxico nuevo adaptado a la nueva realidade jurídica uniformada; la libre circulación de mercancías, el establecimiento de la forma general del contrato de trabajo provocan así una importante alteración del lenguaje" (346).

Pero na historia do nacionalismo filolóxico (un termo que me parece máis preciso e adecuado ca o de nacionalismo lingüístico) hai outra corrente, a representada polos mencionados ensaios fundacionais de Herder e Fichte, nos que a lingua tradicional, a que aquí se vén denominando como pre- ou protonacional, actúa como instrumento privilexiado na lexitimación da identificación nacional. O estudioso dos nacionalismos filolóxicos enfróntanse, pois, a un dobre desafío: dunha banda, debe documentar en cada caso a máis ou menos difícil supervivencia dos fenómenos lingüísticos e a súa identificación cun proxecto nacional; e doutra, está obrigado a entroncar a dinámica destes dous procesos, o de supervivencia e o de identificación, no marco xeral dun desenvolvemento socioeconómico e político articulado en termos de modernidade. Esta dobre liña de investigación recolle dúas motivacións no nacionalismo filolóxico: a utilización da lingua na defensa e preservación do sistema tradicional fronte aos desafíos de renovación socioeconómica; e a súa posta en funcionamento como parte fundamental dun programa de modernización do proceso de (re)construción nacional (aquí entra a cuestión central da política lingüística, traducida xeralmente en termos de normalización e normativización), a partir dunha constatación inevitable; en palabras do mesmo Recalde: "el idioma prenatal, para acceder a la condición de nacional, necesita plantearse hacia sí mismo la modernización lingüística y como instrumento social precisa de una política administrativa y cultural de introducción en los lazos modernos de movilidad social" (350). Outros teóricos do nacionalismo, como amosa a cita de J. Breuilly, insisten nunha inevitable lectura institucional da formación nacional e dos factores que interveñen neste proceso:

The codification of a number of spoken dialects into a written language is a creative and modern achievement ... The idea that language is a basis for making political distinctions is modern. Only when language was rendered institutionally significant in the three modern components of nationality -law, polity, and economy- did it acquire political significance ... In other words, language becomes significant not merely as a repository of the national culture

and memory, as a storehouse of myths, but also as a matter of political, economic, legal and educational interests. I would argue that when it is nothing more than the former, it does in fact have very limited significance to any but self-selected cultural elites. (1996: 152)

A partir dunha experiencia histórica distinta, o historiador indio Partha Chaterjee referenda esta mesma hipótese:

The crucial moment in the development of the modern Bengali language comes in mid[nineteenth]century, when the bilingual elite makes it a cultural project to provide its mother tongue with the necessary linguistic equipment to enable it to become an adequate language for 'modern' culture. An entire institutional network of printing presses, publishing houses, newspapers, magazines, and literary societies is created around this time ... The bilingual intelligentsia came to think of its own language as belonging to that inner domain of cultural identity, from which the colonial intruder had to be kept out; language therefore became a zone over which the nation first had to declare its sovereignty and then had to transform in order to make it adequate for the modern world. (1996: 218)

Os defensores do nacionalismo filolóxico tenden a relegar a un segundo termo, e incluso condenan ao silencio, desoíndo os principios máis elementais da sociolingüística, as irrevogables e permanentes tensións e intereses no seo das comunidades lingüísticas. Esta tendencia a silenciar as diferencias dentro dun mesmo ámbito nacional, sobre todo cando este corre o perigo de extinción ou subordinación a outra formación nacional, é unha tentación constante nos ideólogos do nacionalismo, que desoen a inevitable intervención dos intereses de clase en todo feito lingüístico, especialmente cando é utilizado como eixe de articulación do ideario nacional, e pechan os ollos á manipulación ideolóxica da lingua nacional como sinal de distinción entre os diversos grupos sociais⁴. Estas últimas consideracións abren unha importante e difícil vía de investigación, ás que se intenta dar resposta na seguinte sección, coa aplicación dun paradigma sociocrítico baseado no concepto de discurso social⁵.

⁴ Bourdieu, sobre todo (1986), propón un modelo das diversas modalidades de capital social que pode servir como punto de referencia para analizar esta dimensión do fenómeno sociolingüístico. Ver tamén algúns dos traballos recollidos en *Language and Symbolic Power*.

⁵ Nun moi recomendable traballo de síntese a partir dalgunhas teorías dos discursos sociais, D. Macdonell resume a súa liña argumental co seguinte comentario: "A crucial argument concerning discourse is that meanings are to be found only in the

2. *Un novo horizonte: os discursos sociais*

A partir da natureza discursiva das diversas formas do poder (social, económico, cultural ou político), algúns estudiosos dos discursos sociais, influenciados en parte por Foucault, pero tamén por Althusser e Bajtin, propoñen un horizonte conceptual e heurístico dunha gran utilidade para estudar o fenómeno nacional. Diane Macdonell sintetiza en *Theories of Discourse* (1986) algúns dos aspectos centrais deste paradigma: en primeiro lugar, recoñece a dimensión social de toda práctica discursiva e a correspondente xerarquía institucional das formacións discursivas que interactúan nun momento sociohistórico específico; en segundo lugar, destaca a relevancia das mesmas institucións e a das posicións dos axentes discursivos na análise dos discursos sociais; e finalmente destaca o papel interventor destes últimos como delimitadores e definidores da mesma realidade social.

É esta unha liña de investigación que, paradoxalmente, non ten sido explotada en toda a súa capacidade en relación coa articulación dos idearios nacionalistas, a pesar de ofrecer perspectivas renovadoras e moi útiles para reexaminar toda a cuestión do nacionalismo, e máis concretamente o filolóxico. O marco de intelección está estruturado a partir dunha serie de principios, entre os que habería que destacar: a concepción dos discursos sociais como factores de produción e reprodución da realidade social, a dinámica intertextual e interdiscursiva como trazo constitutivo das operacións discursivas, a xa aludida natureza discursiva das diferentes formas de poder, os discursos sociais como espazos de conflictividade e as inevitables correlacións entre as diferentes formas de poder, os cambios sociais e os discursos. No fondo, como sintetiza Dominique Lecourt, trátase de “pensar la historia de los acontecimientos discursivos como estructurada por relaciones materiales que se encarnan en instituciones” (1973 [1972]: 107). Aquí só se pretende repasar algunhas destas propostas e relacionalas coa problemática específica do nacionalismo filolóxico. Se o nacionalismo filolóxico parte da intervención da lingua nos cambios socioculturais, a dimensión práctico-social e institucional dos acontecementos discursivos, entre eles o da comunicación lingüística, amósase como un espazo especialmente relevante para estudar os procesos de constitución dunha formación nacional, sobre todo cando o modelo insiste nos conflitos internos dentro dos es-

concrete forms of differing social and institutional practices: there can be no meaning in 'langage'” (1986: 12).

pacios sociodiscursivos, e considera os cambios discursivos mesmos como unha dimensión de macrocambios sociais e culturais.

En relación cos desafíos epistémicos e heurísticos que presenta un fenómeno sociocultural tan complexo como o do nacionalismo, o paradigma dos discursos sociais traballa cunha serie de perspectivas que inciden directamente nunha moi necesaria revisión das formas tradicionais de reflexionar sobre a experiencia nacional. En primeiro lugar, insiste na análise da especificidade dos diversos tipos de textos que son producidos nun momento determinado da sociedade en cuestión, porque representan dominios particulares das diferentes prácticas sociais e axudan a identificar e analizar a xerarquía discursiva predominante (Nun estudio do criterio filolóxico, no que se observa unha tendencia a privilexiar os textos literarios, non pode quedar sen analizar o como e o por que outras manifestacións discursivas quedan relegadas ou silenciadas, por ser consideradas irrelevantes na articulación dun ideario nacional). En segundo lugar, a teoría dos discursos sociais parte da concepción dos textos como produtos discursivos heteroxéneos e ambiguos, como resultado da conflictiva confluencia de varios discursos sociais⁶. Por tanto, ademais de recoñecer a especificidade discursiva dos diferentes tipos de textos, hai que documentar a intervención dos diversos discursos sociais en cada un deles. (Consecuentemente, a concepción da literariedade como condición privilexiada e permanente de determinados textos e como principio fundacional dun ideario nacional debe ser sometida a unha seria revisión). En terceiro lugar, este paradigma esixe que os discursos sexan estudados histórica e dinamicamente, para documentar as súas cambiantes configuracións e para ver como estes cambios reflicten e constitúen cambios sociais máis amplos (A dimensión diacrónica e a inestabilidade da lóxica que garante a estabilidade institucional e a lexitimación de cada un dos discursos sociais son dúas características que os cultivadores do nacionalismo filolóxico tenden a silenciar). En cuarto lugar, os discursos sociais son especialmente útiles para o estudo do nacionalismo, e máis concretamente o filolóxico, porque funcionan como espazos mediáticos nos procesos de constitución dos suxeitos, nas relacións sociais, e nos sistemas de coñecemento, e ofrécense como un marco ideal para estudar os efectos das formacións ideolóxicas. En quinto lugar, un dos aspectos centrais na teoría dos discursos sociais debe ser, en palabras de N. Fairclough, a análise das "power relations in discourse ... how power relations and power

⁶ Para a relevancia da interdiscursividade no marco dunha teoría dos discursos sociais, ver M. Pecheux (1975).

struggle shape and transform the discourse practices of a society or institution" (1992: 36); que son tamén algunhas das preocupacións centrais na reflexión sobre o fenómeno do nacionalismo. Finalmente, os discursos sociais, por ser unha área de estudio privilexiada para analizar a capacidade de transformación das ideoloxías e das prácticas sociais correspondentes, así como a súa intervención para asegurar a súa reprodución, son un punto de referencia fundamental para analizar a dimensión ideolóxica do fenómeno nacionalista.

N. Fairclough, un dos investigadores máis atentos á dinámica dos discursos sociais, formula unha serie de cuestións que teñen implicacións directas para a conceptualización do nacionalismo, e máis concretamente o filolóxico:

To what extent discursive changes constitute these wider social or cultural changes, as opposed to merely 'reflecting' them? And how far, therefore, can wider processes of change be researched through analysis of changing discursive practices? There is also the question of how widespread and how effective are conscious efforts by institutional agents to engineer changes in discursive practices. (55)

Para dar unha resposta efectiva a estas preguntas dende o horizonte problemático do nacionalismo filolóxico hai que considerar a xénese específica dos discursos sociais, o do literario entre eles⁷, pero tamén a transformación institucional da concepción mesma do fenómeno lingüístico, como queda sinalado en parágrafos anteriores. O fenómeno nacionalitario, segundo estas liñas de investigación, vai da man de profundos cambios na dinámica social que comeza a institucionalizarse mediante formas discursivas e as prácticas correspondentes; e por tanto, serve como guía eficaz para analizar os complexos procesos socioculturais e políticos, entre os que o da formación nacional ocupa un lugar destacado. A última cuestión, a da intervención institucional de determinados axentes sobre os ámbitos discursivos, que no caso do nacionalismo lingüístico están directamente relacionados coa delimitación do campo filolóxico, transformado este en linguaxe nacional, é crucial para entender os proxectos de modernización e normativización que, de forma complementaria, axudaron a configurar un imaxinario nacional.

⁷ J. Habermas e outros estudiosos, a partir do concepto de espacio público, documentan a xénese do discurso literario europeo no século XVIII.

Das consideracións anteriores debe deducirse que o tipo de análise proposto pola teoría dos discursos sociais non pode quedar reducida ás formas lingüísticas dos textos; debe incluír o estudo dos procesos e comportamentos discursivos que interveñen na produción e interpretación textual, o das súas condicións sociais e o dos seus efectos, sempre nun marco situacional, institucional e social. Só un horizonte de intelección semellante, no que os discursos son estudados simultánea e conxuntamente como instrumentos de configuración de identidades sociais, como institucións eficaces na produción e reprodución de relacións sociais, e como formas ideacionais para representar e apropiarse a realidade, pode responder aos múltiples desafíos conceptuais e heurísticos xerados polo fenómeno nacionalitario.

Na consideración do nacionalismo como forma ideolóxico-discursiva, da que é un bo exemplo o traballo de Julio Cabrera, *La nación como discurso* (1992), tende a considerarse a dimensión ideolóxica, vía a semioloxía, e silénciase a condición dos discursos sociais como prácticas políticas. Unha ollada a este libro dá unha idea da necesaria revisión dos presupostos cos que traballan os estudiosos do nacionalismo como formación ideolóxica, e, ao mesmo tempo, das limitacións que entorpecen o estudo discursivo do nacionalismo filolóxico. A pesar das extensas e ben articuladas reflexións preliminares sobre o "proceso ideolóxico del nacionalismo", non aparece coa suficiente precisión o concepto de discurso, que se dilúe ao ser enmarcado nun paradigma ideacional excesivamente pegado ao modelo da semioloxía. O desenvolvemento posterior do horizonte conceptual e heurístico exposto no primeiro capítulo confirma o condicionamento da temática xeral do libro, que está estruturado en capítulos con títulos tan reveladores como "Estructura léxica", "Estructura semántica" e "Estructura semiolóxica". No último capítulo o autor propónse considerar o discurso nacional dende a reprodución do discurso mesmo, do consumo do mito, a partir de tres das súas características: "la integración (cohesión, identidad), la movilización (acción y estrategias políticas) y el esclarecimiento (codificación social)" (179); obsérvase, por tanto, un intento de saír do nivel ideacional da formación ideolóxica do nacionalismo, para incorporar a dimensión pragmática e institucional que lle é consubstancial á definición mesma dos discursos sociais, especialmente a unha formación ideolóxica como o nacionalismo nas súas variantes, pero o tenor xeral do libro, tan condicionado polo modelo semántico, ideacional, obstaculiza esa saída: a do estudo dos procesos de produción, distribución e consumo dos discursos sociais en referencia ás institucións políticas e

económicas que tan activamente interveñen na súa configuración como tales discursos sociais⁸. A distinción, e inevitable conexión, entre ambas dimensións é explicitamente argumentada por Fairclough:

Discourse as a political practice establishes, sustains and changes power relations, and the collective identities (classes, blocs, communities, groups) between which power relations obtain. Discourse as an ideological practice constitutes, naturalizes, sustains and changes significations of the world from diverse positions in power relations ... Political and ideological practice are not independent of each other, for ideology is significations generated within power relations as a dimension of the exercise of power and struggle over power. (1992: 67)

Noutras palabras, os discursos sociais non só deben ser concibidos como un espacio de conflictividade social e política, senón tamén como un dos ámbitos sociais dos que os diversos colectivos pretenden apropiarse para lexitimar a súa propia hexemonía social⁹.

Estas consideracións sociodiscursivas axudan a deliñar vías exploratorias para estudar as relacións entre as diversas formas de configuración e interpretación das unidades discursivas (os textos), os seus mecanismos de produción, distribución e consumo, e as prácticas sociais discursivas en canto actividades directamente relacionadas coas estruturas sociais e os conseguintes niveis de conflictividade. Como marco conceptual e heurístico representa unha contribución fundamental para o estudio do nacionalismo filolóxico, porque parte dunha visión do fenómeno lingüístico que anula a tentación esencialista e primordialista, e ao mesmo tempo establece os termos da análise ideolóxica nun contexto institucional, superando as lecturas ideacionais (semiolóxicas) que se veñen proponendo dende determinados ámbitos académicos.

⁸ A. de J. Cabrera representa unha opción heurística importante, quizais non a máis rendible, pero é incuestionable a súa innovadora contribución a un ámbito de estudio que, sobre todo no caso do galego, segue viciado por presupostos conceptuais e heurísticos de dubidosa entidade crítico-analítica. Estas observacións críticas non deben ser traducidas en termos dunha primacía dos factores materiais "[that] we need to see the discourse of nationalism as multidimensional ... [and that] nations have multiplesources, including the discourse of nationalism itself" (1997: 23), e parece máis útil considerar a hipótese da adaptación do fenómeno lingüístico e ideolóxico ás esixencias dunha dinámica sociopolítica específica e non ao revés.

⁹ A cuestión da hexemonía sociocultural, que aquí é simplemente mencionada, debe figurar entre os aspectos fundamentais da articulación dos discursos sociais.

3. *Áreas de investigación*

Das observacións anteriores non é difícil deducir que para estudar o criterio filolóxico non poden silenciarse unha serie de áreas de problematicidade, en correspondencia coa complexidade do fenómeno nacional mesmo. Os tres aspectos seguintes son só unha mostra das operacións que o estudioso do criterio filolóxico debe afrontar na investigación de situacións específicas. En primeiro lugar, debe analizar os procesos socioeconómicos, culturais e políticos cos que, mediante complexos mecanismos de lexitimación ideolóxica, determinados axentes sociais consolidan a identificación da lingua cunha hipotética esencia nacional. Para documentar a especificidade deste tipo de experiencias terá que contrastalas con situacións sociopolíticas nas que o fenómeno lingüístico non funciona de forma tan determinante, e incluso é irrelevante como factor de nacionalización. En segundo lugar, ten que someter a unha análise sociocrítica as diversas fórmulas ideolóxicas que directa ou indirectamente son articuladas arredor dunha mitificación da lingua. Mediante esta operación heurística poderá relacionarse o nacionalismo filolóxico con outras manifestacións socioculturais nas que tamén intervén o fenómeno lingüístico como un elemento estruturante e simultaneamente logrará concretar os trazos da súa especificidade. En terceiro lugar, o estudioso do nacionalismo filolóxico, como queda indicado en parágrafos anteriores, debe operar cunha visión institucional do fenómeno lingüístico e desvencellar, só por razóns de tipo analítico, da articulación nacionalitaria a experiencia lingüística para ver esta última como un proceso fundamentalmente sociodiscursivo¹⁰, ou o que é o mesmo, debe revisar a visión ideacional dos comportamentos lingüísticos, e consecuentemente a das teorías da representación sobre a que se apoian as concepcións tradicionais dos idearios nacionalitarios.

Cando a lingua funciona como o alicerce dunha determinada identidade colectiva, a literatura, a sintetizada nos textos canónicos, constitúese igualmente nun instrumento privilexiado de lexitimación e institucionalización da identidade nacional. O estudio diacrónico destes procesos nunha situación determinada ten que precisar cada unha das súas diversas fases para documentar a variabilidade funcional do discurso literario como un discurso nacional e as súas relacións coa imaxe social do idioma. Así, no caso de Galicia, as reaccións ne-

¹⁰ Neste sentido, a sociolingüística pode ofrecer tamén interesantes elementos de xuízo e saídas á visión excesivamente monolítica que ofrecen os teóricos do nacionalismo filolóxico.

gativas de determinados colectivos fronte aos procesos de renovación do discurso literario na década dos 80, exemplifican o grao de complexidade das relacións entre a institución da lingua e a do discurso literario, e permiten observar como as transformacións deste último repercuten directa e indirectamente nos tradicionais mecanismos de lexitimación social do fenómeno lingüístico. Neste reaxuste interdiscursivo, que é unha constante na forma como se desenvolven ambos fenómenos socioculturais, interveñen, cada vez con máis efectividade, novos (ou renovados) discursos sociais (o político, o histórico, o filolóxico, o xurídico, o científico e o xornalístico, entre outros) e axencias de comunicación social (a radio e a televisión, de forma privilexiada).

Esta dinámica interdiscursiva é fundamental para entender o comportamento dos discursos sociais, entre eles o literario e o do fenómeno lingüístico mesmo, porque cada un deles, especialmente a lóxica que determina o seu comportamento e o conxunto das prácticas discursivas que lexitima, defínese non tanto en termos dunha hipotética autonomía (unha tese excesivamente acariciada por Bourdieu e outros sociólogos) como en relación coa serie de conflitos que circulan polo ámbito sociodiscursivo que a sociedade lles asigna. A dinámica mesma da conflictividade discursiva dependerá das formas de interdiscursividade prevalentes nun momento determinado. Unha vez máis, os cambios sufridos pola literatura galega a partir de 1975 só poden ser explicados en relación directa coas transformacións que se operan non só no discurso literario senón tamén nos demais discursos sociais que (re)inician unha dinámica máis intervencionista nesa mesma época¹¹.

Por eso as múltiples interaccións discursivas que determinan e configuran o espazo sociopolítico e cultural no que emerxe o criterio filolóxico, as relacións entre o fenómeno lingüístico, o literario e o nacionalitario, e as articulacións que lexitiman cada un deles como formacións sociodiscursivas específicas, configuran un horizonte interdiscursivo privilexiado, estruturado arredor de tres puntos de inflexión. En primeiro lugar, aquel no que coinciden e interactúan a lingua e a experiencia da formación nacional. Un segundo punto de inflexión é o representado pola confluencia e as tensións entre o fenómeno lingüístico e o discurso literario: o recoñecemento destas relacións de inestabilidade é especialmente relevante para analizar

¹¹ Este ámbito de investigación, que aínda está por investigar en toda a súa complexidade, é fundamental para explicar as múltiples e serias transformacións do discurso literario galego na primeira década do posfranquismo.

unha situación como a galega, na que a conciencia sociolingüística e a evolución do discurso literario seguen determinándose mutuamente. As relacións entre o discurso literario e a experiencia nacional constitúen un terceiro, e moi importante, punto no estudio do criterio filolóxico, porque as transformacións desta correlación teñen unha incidencia directa na súa avaliación.

As transformacións na forma como se produce, transmite e consume o discurso literario (e as súas diversas codificacións formais) están directamente relacionadas coa renovación das funcións e a imaxe social da lingua nacional. A aparición de linguaxes autónomas na produción literaria galega das últimas décadas, que ten a súa orixe na dinámica mesma do discurso literario e na súa interacción con outros discursos sociais, dá unha idea do grao de complexidade destas interrelacións¹². Esta agresiva transformación dos tradicionais presupostos normativos cos que funcionaba un discurso literario como o galego, é un dos fenómenos que mellor definen a súa inestable condición como discurso fundacional, á que non lle son alleas nin a progresiva lexitimación de novos rexistros lingüísticos nin a mencionada intervención doutros discursos sociais, que participan cada vez con máis efectividade na articulación nacional da vida colectiva galega. Loxicamente, unha crecente, aínda que lenta, autonomía (institucional) do campo literario repercute directamente na distinción entre os distintos rexistros da lingua comunicativa, as diversas linguaxes literarias e a lóxica normativa do discurso literario¹³.

Pero un estudio dos axentes e institucións que interveñen e colaboran na institucionalización deste proceso non pode ser disociado dunha análise dos que obstaculizan e cuestionan esta reformulación do discurso literario como un discurso autónomo e estético, unha concepción que, en principio, parece atentar contra os tradicionais presupostos do nacionalismo literario. Este movemento renovador encaixa nunha dinámica sociocultural máis ampla, representada fundamentalmente por tres tendencias: a relegación da oralidade como referencia normativa en beneficio da escrita, unha crecente disparidade entre a intervención política e a conciencia estética na imaxe social dos escritor¹⁴ e a progresiva xerarquización dos produtos cul-

¹² Ver J. Frow (1986) para este proceso de recodificación discursiva na interacción entre a literatura e outros discursos sociais.

¹³ Para a cuestión da crecente autonomía e estetización dun discurso literario en situacións socioculturais periféricas, ver G. Jusdanis (1991) e D. Kiberd (1995).

¹⁴ Os recentes cambios na imaxe social do escritor galego constitúen, sen dúbida, un ámbito de investigación fundamental para estudar as relacións entre o fenómeno lingüístico e o fenómeno literario.

turais, que culmina na selección de determinados produtos como compendio dun máximo grao de capital cultural. Estas tres tendencias teñen consecuencias directas para a articulación das linguaxes literarias, para o estatuto do discurso literario e para a xerarquización dos rexistros e sistemas de codificación do fenómeno lingüístico mesmo, sobre todo cando estes procesos son considerados como ámbitos socioculturais privilexiados na constitución dunha formación nacional.

A expansión e diversificación dos mundos imaxinarios é outra área de estudo para analizar as complexas relacións entre as demandas dun idioma nacional, a reformulación dun discurso literario e a diversificación dos seus subsistemas de codificación. A incorporación e lexitimación de novas modalidades literarias, sobre todo a narrativa de xénero, na literatura galega das últimas décadas supuxo un verdadeiro desafío para a lingua e para o discurso literario, pola obrigada incorporación de novos rexistros e polos efectos desintegradores destes últimos nas convencións predominantes, coas que comparten (e compiten por) un mesmo espazo público literario. Este proceso obriga tamén a cuestionar, dunha banda, a hipotética correlación natural entre determinados rexistros lingüísticos e uns imaxinarios literarios específicos, e, doutra, os reduccionismos derivados dunha lectura esencialista dos fenómenos sociolingüísticos¹⁵. A expansión dos mundos imaxinarios e a dinámica dos xéneros e dos subxéneros obriga a considerar os seguintes aspectos: o tradicional predominio da lírica na xerarquía xenérica do discurso literario como un espazo privilexiado na formación dos idearios nacionais; o transvasamento de capital cultural entre os xéneros, como resultado das crises e transformacións na xerarquía nacional das formas xenéricas, e as lóxicas consecuencias para a imaxe nacional do discurso literario; o impacto no fenómeno lingüístico dos cambios operados na xerarquía dos xéneros e simultaneamente a impronta dos condicionantes sociolingüísticos na dinámica dos xéneros literarios; a expansión do discurso literario como fórmula de lexitimación social da lingua, que se traduce na conquista de novos ámbitos de expresión do fenómeno literario como un instrumento de reivindicación sociolingüística e simulta-

¹⁵ En relación coa expansión do imaxinario literario debe estudiarse o que algúns sociólogos denominan proceso de destradicionalización, e o seu contrapunto, o da filoloxización, dúas tendencias de intervención simultánea observable na dinámica do fenómeno literario galego actual, e con obvias repercusións para a imaxe social da lingua. Para unha revisión dos procesos de destradicionalización ver Heelas, Lash and Morris (1996), Antón Figueroa articula en *Diglosia e texto* (1987) unha innovadora interpretación da filoloxización cultural.

neamente como un acto lexitimación social do discurso literario mesmo; e finalmente, a diversificación das formas xenéricas en relación coa diversificación dos mundos imaxinarios, que se amosan como dous ámbitos especialmente importantes para estudar a dinámica do discurso literario, a diversificación dos seus sistemas de codificación e as súas múltiples relacións co idioma¹⁶.

Se a dinámica dos xéneros intervén de forma efectiva na correlación de forzas entre a articulación dun discurso literario nacional e lexitimación dunha lingua como a expresión dunha identidade igualmente nacional, a institucionalización da lingua e a literatura como materias de investigación e sobre todo de ensino amósanse como dous procesos de incuestionable transcendencia nesta mesma dirección. Para ser medidos en toda a súa complexidade, deben ser conceptual e heurísticamente inscritos nunha serie de áreas de estudio sectoriais, que aquí só poden ser enumerados de forma sintética: a dinámica propia de cada un dos ámbitos do ensino da lingua e da literatura e as necesarias e obrigadas relacións institucionais mutuas; a reapropiación pedagóxica da literatura para promover determinados rexistros lingüísticos; a institucionalización de determinados rexistros da linguaxe literaria e o conseguinte impacto no discurso literario e nas diversas axencias do campo literario; o efecto destes procesos na lexitimación social da lingua e da literatura galegas; a apropiación e lexitimación canónica dun determinado corpus de textos literarios; e finalmente, a transferencia de lexitimación cultural entre unha lingua nacional a unha literatura nacional¹⁷.

A lexitimación social e a canonización nacional dunha lingua e da literatura correspondente corren parellas con outra serie de correlacións, a representada polo proceso de normativización lingüística e a consolidación dos procesos de institucionalización nacional do discurso literario. Este ámbito de investigación é especialmente relevante para analizar situacións marcadas por unha notable inestabilidade normativa, nas que a lingua á que acceden os escritores, a que é aceptada e recoñecida polas casas editoriais, é definida frecuentemente a partir dunha concepción da lingua nacional que non está exenta dun alto grao de problematicidade. É o caso dos escritores galegos na década dos 80, que se ven obrigados a participar nun proceso de

¹⁶ En González Millán (1995) aventúranse algunhas hipóteses de traballo neste ámbito de investigación.

¹⁷ A curta experiencia do galego e da súa expresión literaria como materias de ensino aínda non xerou unha necesaria e urxente bibliografía crítica que permita documentar cada unha das áreas aquí sinaladas.

normativización lingüística, ao que algúns deles se opoñen utilizando como argumento unha distancia radical entre o discurso literario e o lingüístico e a problemática politización da normativa instituída. Estas consideracións apuntan, de novo, ás inevitables relacións entre a normalización cultural, a normativización lingüística, e a institucionalización do fenómeno literario.

4. Coda

Se ao peche do segundo milenio moitas sociedades seguen debatendo con tanta vehemencia a cuestión da lingua e a literatura é porque aínda ven nelas dous ámbitos privilexiados para articular idearios e identidades nacionais, e porque a tendencia esencialista que identifica determinados rexistros lingüísticos con imaxinarios literarios específicos continúa exercendo unha efectiva atracción sobre os ideólogos do nacionalismo filolóxico. Nunha sociedade como a galega, na que continúa vixente a efectiva intervención do criterio filolóxico para reivindicar o pasado, avaliar o presente e proxectar o futuro, veñen observándose nas últimas décadas serias transformacións socioculturais que se ben non cuestionan a vixencia deste principio fundacional como factor determinante na articulación dunha identidade nacional polo menos obrigan a contrastalo con outras modalidades de transmisión e consumo do fenómeno literario e do lingüístico¹⁸. A pesar dos graduais avances, representados por unha incipiente institucionalización do discurso literario e por unha tímida normalidade do galego como medio de comunicación social, aínda queda por ver se nestes dous ámbitos segue operando baixo novas formas o criterio da filoloxización. Un investigación nesta dirección permitiría documentar, entre outros aspectos, a consolidación de novas comunidades de lectores e as modalidades de recepción correspondentes¹⁹.

Das consideracións previas pode deducirse, como mínimo, que o estudio deste fenómeno multidimensional esixe a clarificación das áreas de problematicidade sinaladas, pola súa relevancia non só para unha mellor articulación conceptual e analítica dos procesos de filoloxización cultural senón tamén para unha comprensión menos re-

¹⁸ O exemplo máis emblemático da pervivencia do criterio filolóxico na forma de entender a cuestión galega está representado polo recente best-seller de X. R. Freixeiro Mato, *Lingua galega: normalidade e conflito* (1997).

¹⁹ Para o concepto de comunidades de lectores é especialmente recomendable R. Chartier (1994 [1992]).

ductiva doutros aspectos da dinámica de produción e reprodución do discurso literario como un discurso social privilexiado na articulación dunha identidade nacional. Noutras palabras, para superar as deformacións xeradas pola imposición dunha correspondencia esencialista entre lingua, literatura e nación, cómpre unha maior precisión conceptual e heurística no estudio dos complexos fenómenos tradicionalmente caracterizados como lingüísticos e literarios, sobre todo cando son analizados no marco do nacionalismo literario.

Referencias bibliográficas

- Anderson, B. 1991. *Imagined Communities. Reflections on the Origine and Spread of Nationalism*. London: Verso (2nd ed.).
- Balibar, E. 1996. "The Nation Form: History and Ideology." En A. Reader, G. Eley and R.G. Suny (eds.): *Becoming National*. Oxford: Oxford Univ. Press.
- Balibar, R., Laporte, D. 1976 [1974]. *Burguesía y lengua nacional*. Trad. de Lluís Maria Todó. Barcelona: Editorial Avance.
- Billig, M. 1995. *Banal Nationalism*. London: Sage Publications.
- Blas Guerrero, A. de. 1994. *Nacionalismos y naciones en Europa*. Madrid: Alianza Ed.
- Bourdieu, P. 1986. "The Forms of Capital." En John G. Richardson (ed.): *Handbook of Theory and Research for the Sociology of Education*. New York: Greenwood Press.
- 1991. *Language and Symbolic Power*. Cambridge, Mass: Harvard Univ. Press.
- Breuilly, J. 1996. "Approaches to Nationalism." En Gopal Balakrishnan (ed.): *Mapping the Nation*. London: Verso.
- Cabrera, J. 1992. *La nación como discurso. La estructura del sistema ideológico nacionalista: el caso gallego*. Madrid: CIS/Siglo XXI de España Editores.
- Calhoun, C. 1997. *Nationalism*. Minneapolis: Univ. of Minnesota Press.
- Chartier, R. 1994 [1992]. *The Order of Books. Readers, Authors, and Libraries in Europe between Fourteenth and Eighteenth Centuries*. Translated by G. Cochrane. Cambridge: Polity Press.
- Chatterjee, P. 1996. "Whose Imagined Community?" En Gopal Balakrishnan (ed.): *Mapping the Nation*. London: Verso.
- Fairclough, N. (1992). *Discourse and Social Change*. Cambridge: Polity Press.

- Figueroa, A. 1987. *Diglosia e texto*. Vigo: Xerais de Galicia.
- Freixeiro Mato, X.R. 1997. *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago: Laiovento.
- Frow, J. 1986. *Marxism and Literary History*. Cambridge, Mass.: Harvard Univ. Press.
- González-Millán, X. 1995. "A cuestión dos xéneros na periferia literaria." *A Trabe de Ouro*, 23: 343-352.
- Heelas, P., Lash, S., Morris, P. (Eds.). 1996. *Detraditionalization*. Oxford: Blackwell.
- Hobsbawm, E.J. 1992. *Nations and Nationalism since 1780. Programme, Myth, Reality*. Cambridge: Cambridge Univ. Press (2nd ed.).
- Jusdanis, G. 1991. *Belated Modernity and Aesthetic Culture. Inventing National Literature*. Minneapolis: Univ. Of Minnesota Press.
- Kiberd, D. 1996. *Inventing Ireland. The Literature of the Modern Nation*. Cambridge, Mass: Harvard Univ. Press.
- Lecourt, D. 1973 [1972]. *Para una crítica de la epistemología*. Trad. de Marta Rojtzman. Buenos Aires: Siglo XXI de Argentina.
- Macdonell, D. 1986. *Theories of Discourse. An Introduction*. Oxford: Blackwell.
- Pecheux, M. 1975. *Les vérités de la palice. Linguistique, sémantique, philosophie*. Paris: F. Maspero.
- Recalde, J. R. 1982. *La construcción de las naciones*. Madrid: Siglo XXI de España.
- Smith, A. 1976 [1971]. *Las teorías del nacionalismo*. Trad. de Lluís Flaquer. Barcelona: Ed. Península.

A RELACIÓN ENTRE COMPETENCIA E USO DO GALEGO

MAURO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
MODESTO RODRÍGUEZ NEIRA
Univ. da Coruña / Univ. de Santiago

Introducción

Unha boa parte dos estudos sobre a situación sociolingüística galega ocupouse de cuantificar aqueles fenómenos que avalían máis directamente a vitalidade da lingua, como o uso e a súa evolución ou as actitudes; sen embargo, son menos abundantes os traballos dirixidos a encontra-las causas que provocan os cambios na dinámica da lingua. O Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) proporcionou unha ampla radiografía daquela situación, se ben sen afondar nos motivos polos que un falante decide nun momento determinado abandona-la súa lingua habitual. Parece, polo tanto, obrigado empezar a afronta-lo estudio das motivacións que inducen a alguén a cambiar de idioma e o papel que nesa mudanza desempeñan as relacións sociais. Dado que as linguas son ferramentas de uso comunitario que se realizan na comunicación cos outros individuos parece axeitado pensar que a interacción entre as persoas debería ser un axente fundamental do cambio lingüístico. Parfraseando o dito popular: "dime con quen falas e direiche en qué idioma o fas". De ser así, podería esperarse que as redes sociais nas que o falante se integra tivesen unha forte incidencia no comportamento lingüístico do individuo e, por extensión, no cambio lingüístico.

Os estudos cuantitativos tenden a amosar polo xeral unha realidade globalizada. Esta perspectiva xeral impide en moitas ocasións a avaliación dos fenómenos que operan na base e que constitúen a cela básica da vida dunha lingua e da súa evolución. Daquela, a necesidade de afondar no coñecemento da situación lingüística galega reclama outra perspectiva máis miúda, nuclear e cualitativa.

Por outra banda, un dos fenómenos que o MSG puido constatar con maior firmeza foi a elevada competencia oral en galego ente a poboación de Galicia. Sen embargo, esta continxencia amosa dúas direccións ben distintas, pero igualmente transcendentales para o futuro da lingua: dunha parte, individuos que tendo un considerable dominio oral en galego non empregan este idioma; doutra, falantes que, adscritos pola súa circunstancia vital ós grupos menos galeguizados, contra toda previsión usan habitualmente o galego. Dende a perspectiva do multilingüismo social ámbolos dous comportamentos son posibles porque os falantes poden optar por instalarse nunha lingua determinada, mesmo tendo competencia noutra distinta. Sen embargo, o segundo amosa ser un feito máis complexo en tanto que presupon, en moitos casos, unha elección contraria ó costume dominante no ámbito do individuo. Sobre a elección de lingua inflúen moitos e ben coñecidos factores, algúns deles comúns a tódalas situacións multilingües: maior estatus, universalidade dunha lingua, etcétera. Estes factores favorecen a escolla do idioma máis prestixiado. En cambio, a preferencia pola lingua menos prestixiada parece obedecer a razóns de distinta natureza, quizais máis relacionados co sistema de valores de cada falante ou coas peculiaridades da súa interacción cotiá (converxencia co grupo, imaxe que quere proxectar, etcétera). Neste senso, adquiren unha importancia evidente os estudos da rede social na que se integra un individuo, en tanto que cada suxeito constitúe o ego de referencia da mesma. En definitiva, cómpren estudos máis individualizados e cualitativos que respondan a interrogantes do tipo ¿por que algúns falantes, en ámbitos pouco propicios para o uso dunha lingua, optan sen embargo por ela?

Non obstante, os estudos desta natureza precisan dunha exploración previa que determine o marco das investigacións ulteriores. A metodoloxía macrocuantitativa constitúe unha ferramenta coa que poder elaborar hipóteses nas que se fundamente o labor cualitativo posterior e a pertinencia do material elixido, neste caso a función de congruencia, entendida como unha relación entre competencia e uso. O acatamento desta xerarquía metodolóxica e conceptual obríganos a pospoñer-lo estudio da incidencia das redes sobre a devandita función para outra xeira. Nesta primeira parte manterémonos, pois, dentro da perspectiva globalizadora.

A inmensa base de datos do MSG serve de punto de partida para empezar a explorar polo miúdo algúns destes aspectos específicos da situación sociolingüística de Galicia que, por razóns obvias, non foron abordados en profundidade na explotación dos resultados xerais. Aproveitando a riqueza de información do MSG e co obxecto

de dar resposta a interrogantes coma o enunciado arriba e de seguir afondando no coñecemento da realidade sociolingüística galega, abordamos agora o estudio macrocuantitativo da congruencia (ou non congruencia) entre competencia e uso nunha submostra de poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos, que nos servirá de fonte para o ulterior estudio da influencia das redes sociais nesa congruencia.

A nosa información procede do banco de datos do MSG, confeccionado a partir dun cuestionario de 148 preguntas, aplicado a unha mostra de 38.897 persoas maiores de 15 anos. Para esta análise reteremos só os 13.673 suxeitos que se axustan ós límites de idade citados. Deles, 7.488 posuían no momento da recollida de datos (en 1992) entre 16 e 25 anos, e o resto, 6.185, entre 26 e 34 anos.

A necesidade de coñecer detalladamente a realidade sociolingüística galega obrigou a operar non cunha mostraxe única, senón con 34 mostras diferentes correspondentes a outros tantos sectores discontinuos. Cada unha destas 34 mostras, estratificadas por idade e sexo a partir dos datos do Censo de Poboación de 1991, presentaba un erro máximo probable do 3% para unha característica cualitativa dicotómica coa máxima dispersión (proporción = 0,5) e un nivel de confianza do 95%. Isto deu como resultado mostras de arredor de 1.000 persoas para cada sector, sendo a maior de 2.002 suxeitos, e a menor de 665. Esta distribución permitiu facer análises detalladas para cada sector. Pero naturalmente, cando non se estudian sectores, senón que se integran as 34 mostras nunha única para toda Galicia con case 39.000 suxeitos, resulta absolutamente necesario aplicar ós casos de cada un dos sectores un coeficiente de ponderación que corrixa o seu peso no conxunto de Galicia de acordo con peso demográfico real de cada sector. Nesta exploración utilizaremos un coeficiente distinto do empregado no MSG; neste último agregáronse os sectores de xeito que cada un simulaba a súa poboación real, representando entre todos a poboación total de Galicia de 16 ou máis anos; así, as 1.170 entrevistas de A Coruña facíanse valer por 199.008, isto é, o 9,1% da poboación galega de máis de 15 anos¹.

¹ A fórmula utilizada naquela ocasión para a agregación foi:

$$P = \sum_{i=1}^n W_i \cdot P_i$$

onde:

P = porcentaxe de respostas a unha opción dunha pregunta para o total de Galicia

Este procedemento non era inadecuado naquela ocasión, pois, en xeral, non estabamos facendo estatística inferencial, senón simplemente descritiva; obviamente, ó simular unha mostra de máis de dous millóns de individuos, carece de sentido preguntarse se unha diferenza é estatisticamente significativa ou non; se temos acceso á totalidade da poboación (sexa este acceso real ou simulado), unha diferenza de milésimas é unha diferenza real e non unha consecuencia do azar; cuestión diferente é, por suposto, a interpretación que se lle queira dar a esa diferenza. Nesta ocasión, posto que en ningún momento imos tratar sectores por separado e dado que si faremos algún uso da estatística inferencial, interésanos que o total de casos non aumente como consecuencia da ponderación, xa que de por si é o suficientemente grande como para que diferenzas mínimas resulten estatisticamente significativas; para iso, multiplicámo-los casos de cada sector por un coeficiente que lles asigne na mostra de 38.897 casos o peso que a poboación do sector ten na poboación real. Por exemplo, as 1.170 entrevistas realizadas no sector número 1, a cidade de A Coruña, representan o 3% do total das enquisas efectuadas nos 34 sectores; pero a poboación de A Coruña maior de 15 anos constitúe o 9,1% da galega, polo que cada caso de A Coruña haberá que ponderalo contándoo como se fosen 3,02 casos. Na maioría dos sectores rurais, naturalmente, haberá que multiplicar por números inferiores á unidade, co que o total trala ponderación será inferior ó número de entrevistas reais.

1. A congruencia entre a competencia oral en galego e o uso desta lingua

Vexamos en primeiro lugar os datos xerais de uso, para a poboación que tiña entre 16 e 34 anos de idade cando se aplicou a enquisa pois, como xa se dixo, este traballo refírese só a ela. Os datos

W_i = Ponderación que se aplica para cada sector

P_i = porcentaxe de respostas a unha opción dunha pregunta nun sector determinado

n = número de sectores

(W_i = é a proporción da poboación dun sector determinado en relación co conxunto de Galicia; é dicir:

$$W_i = \frac{N_i}{N}$$

onde:

N_i é o número de individuos maiores de 15 anos nun sector determinado e

N o número total de individuos maiores de 15 anos no conxunto de Galicia).

proveñen das contestacións á pregunta “¿En que lingua fala habitualmente?”, con catro posibilidades de uso:

Táboa 1. *Lingua habitual (16-34 anos)*

só castelán	15,9%
máis castelán	31,7%
máis galego	26,6%
só galego	25,8%

Aínda que a resposta dominante é ‘máis castelán’, a suma das dúas opcións favores ó galego amosa que este é en xeral lixeiramente máis utilizado có castelán: 52,4% fronte a 47,6%, 4,8 puntos favorable ó primeiro.

Un dos resultados máis sólidos do MSG foi a constatación da diminución progresiva do uso do galego como lingua habitual a medida que descendemos na escala de idade. Limitándonos aquí ós dous grupos de idade obxecto desta exploración, observamos (táboa 2) que nos máis novos a suma das opcións favorables ó castelán supera xa ás do galego: 46,6% fronte a 53,4%, 6,8 puntos por enriba. Entre os que teñen máis de 25 anos, en cambio, o 59,6% usan só ou máis galego, fronte ó 40,4% que usa só ou máis castelán.

Táboa 2. *Lingua habitual por grupos de idade.*

LINGUA HABITUAL	IDADE	
	de 16 a 25 anos	de 26 a 34 anos
só castelán	17,7%	13,8%
máis castelán	35,7%	26,6%
máis galego	23,0%	31,0%
só galego	23,6%	28,6%

Vexamos agora os resultados xerais relativos á competencia en galego. A autoavaliación desta capacidade obtívose mediante a pregunta “¿Cal é o seu dominio do galego?”, desglosada segundo catro destrezas: “enténdeo”, “fálao”, “leo” e “escribo”, con catro opcións de resposta para cada unha (“moito”, “pouco”, “bastante” e “nada”). A táboa 3 recolle os datos xerais referidos a un dos núcleos de referencia deste traballo: á capacidade para falar. O 79,8% considera que pode falar “bastante” ou “moito” en galego. A porcentaxe dos que non poden falalo é irrelevante.

Táboa 3. *Competencia oral en galego (16-34 anos).*

nada	2,2%
pouco	18,0%
bastante	42,1%
moito	37,7%

Estando tan xeneralizada a competencia oral, non é de esperar que haxa diferencias moi importantes nin por idade nin segundo outras variables. Na táboa 4 pódese observar que as variacións son moi febles e que non seguen un patrón ben definido: na opción "bastante" os maiores de 25 anos superan ós menores desta idade, pero na opción "moito" sucede precisamente o contrario. O feito de que as diferencias entre os dous grupos sexan estatisticamente significativas, débese ó gran tamaño da mostra. Como se verá máis adiante, o coeficiente V de Cramer -un dos que en comparanza con outros índices amosa valores máis elevados para estima-la forza dunha asociación- é neste caso só de 0,0683, polo que nin se podería considerar unha asociación moderada.

Táboa 4. *Competencia oral en galego por grupos de idade.*

COMPETENCIA ORAL	IDADE	
	de 16 a 25 anos	de 26 a 34 anos
nada	1,5%	3,1%
pouco	19,1%	16,7%
bastante	40,6%	44,0%
moito	38,7%	36,1%

Para poder explora-la congruencia entre competencia e uso debemos cruzar ámbalas dúas variables (táboa 5):

Táboa 5. *Lingua habitual segundo a competencia oral en galego.*

LINGUA HABITUAL	COMPETENCIA ORAL			
	nada	pouco	bastante	moito
só castelán	100,0%	43,4%	8,9%	5,6%
máis castelán	0,0%	52,0%	32,0%	23,2%
máis galego	0,0%	3,1%	32,4%	33,0%
só galego	0,0%	1,5%	26,7%	38,2%

Naturalmente, quen carece de competencia oral en galego (como vimos na táboa 3, son só un 2,2% do total) usa exclusivamente castelán. Entre os que teñen unha competencia oral pobre (o 18% do total) case todos usan habitualmente só ou máis castelán, sendo esta última a opción dominante. Nos demais, o galego presenta unha clara vantaxe: usa só ou preferentemente esta lingua o 59,1% daqueles que teñen bastante competencia, e o 71,2% dos que teñen moita. A asociación entre estas dúas variables é moderada: V de Cramer = 0,3589.

De acordo cos nosos obxectivos, excluímos deste estudio ós entrevistados que declaran non ter ningunha competencia oral en galego -usuarios obrigados do castelán- e a aqueles que a teñen baixa, e que bastante fan con introducir algún uso do galego no seu repertorio lingüístico; neles non procede explora-la congruencia entre competencia e uso do galego, por ser esta moi cativa². Os primeiros son, certamente, congruentes en tanto que non falan a lingua que descoñecen. Sen embargo, interézanos aquí a congruencia dende outra perspectiva. O noso obxectivo é o estudio da congruencia / non congruencia dende a perspectiva do galego, polo que haberá que tomar en consideración aqueles casos que, tendo unha competencia oral suficiente nesta lingua, non a utilizan habitualmente; é dicir, os comprendidos no cuadrante superior dereito da táboa 5. Estes casos deben contrastarse cos do cuadrante inferior dereito, é dicir, con aqueles que teñen competencia oral suficiente en galego e fan uso habitual del. Obviamente, ó elimina-las dúas primeiras columnas da táboa, que son as que amosan unha maior coherencia entre competencia e uso, descenderá o coeficiente de asociación. Agora o V de Cramer para o resto da táboa é de 0,1459.

Seleccionando os casos correspondentes a estes dous cuadrantes ($N = 11.244$), creamos unha nova variable dicotómica, na que rotulamos como "non congruentes" a aqueles que, sendo bastante ou moi competentes no galego falado, usan só ou preferentemente castelán; e como "congruentes" a quen, tendo bastante ou moita competencia oral en galego, o empregan só ou preferentemente. A táboa 6 recolle as porcentaxes xerais desa nova variable:

² Nos poucos casos nos que se declara unha baixa competencia en galego e un elevado uso desta lingua probablemente nos encontremos diante dunha excesiva modestia na avaliación desta destreza, porque falar un idioma implica un certo grao de coñecemento do mesmo.

Táboa 6. *Congruencia / non congruencia entre competencia e uso.*

competencia alta / uso alto (= congruentes)	64,8%
competencia alta / uso baixo (= non congruentes)	35,2%

Atendendo á distribución por idade (táboa 7), obsérvanse diferenzas importantes.

Táboa 7. *Congruencia / non congruencia entre competencia e uso por grupos de idade.*

CONGRUENCIA / NON CONGRUENCIA	IDADE	
	de 16 a 25 anos	de 26 a 34 anos
competencia alta / uso alto (congruentes)	57,8%	73,1%
competencia alta / uso baixo (non congruentes)	42,4%	26,9%

Aínda que a congruencia domina en ámbolos dous grupos, no de máis idade é claramente superior, con algo máis de 15 puntos de diferenza sobre os menores de 26 anos. A forza da asociación, sen embargo, é moderada-baixa: V de Cramer = 0,1587.

2. *A predicción da congruencia entre competencia oral en galego e uso desta lingua*

Dado que outras variables, en especial a lingua materna, están tamén asociadas coa idade, procede explora-la súa repercusión na congruencia. Na táboa 8 presentámo-los coeficientes de asociación da lingua habitual, a competencia oral e a congruencia entre ambas segundo un conxunto de variables que poderían ser relevantes: lingua inicial, sexo, idade, clase social, estudos, hábitat de nacemento, hábitat de residencia, ámbito de adquisición / aprendizaxe do galego, máis tres variables que teñen unha importancia decisiva no tránsito da adolescencia á idade adulta: a inserción no mercado laboral, o establecemento de relacións de parella e o ter descendencia.

Táboa 8. Asociación (*V* de Cramer) entre lingua habitual, competencia oral, congruencia (competencia / uso) e diversas variables.

	lingua habitual	competencia oral	congruencia
lingua inicial	0,4784	0,2608	0,6664
sexo	0,1272	0,1389	0,0536
idade	0,1310	0,0683	0,1587
clase social	0,1216	0,0650	0,2000
estudios	0,2017	0,0826	0,3385
háb. nacemento	0,3280	0,2140	0,5059
háb. residencia	0,3541	0,1580	0,4576
ámbito adq. gal.	0,3241	0,2532	0,4577
ter traballo	0,1612	0,0724	0,1539
ter parella	0,1298	0,0824	0,1622
ter fillos	0,1643	0,0754	0,1793

Na columna correspondente á lingua habitual obsérvase que só os coeficientes relativos á lingua inicial, ó hábitat de residencia e de nacemento e ó ámbito de adquisición do galego presentan unha asociación moderada; o resto das variables amosan coeficientes moi baixos. Na columna da competencia oral, vemos que tódolos resultados, agás o correspondente ó sexo, descenden en relación ós da columna anterior, e que os máis elevados son os da lingua inicial, o ámbito de adquisición do galego e o lugar de nacemento. En canto á nova variable resultado de combina-las anteriores, observamos que tódolos coeficientes (excepto, de novo, o correspondente ó sexo) experimentan unha suba, sempre importante en relación coa competencia e ás veces tamén importante en relación coa lingua habitual; a asociación coa lingua inicial é agora de 0,6684, e son tamén importantes os coeficientes correspondentes ó hábitat de nacemento e de residencia e ó ámbito de adquisición do galego, seguidos dos estudos e a clase social.

Posto que algunhas das variables anteriores correlacionan tamén entre elas (a lingua inicial, por exemplo, está asociada con case tódalas demais), necesitamos efectuar unha análise multivariable que

nos permita discernir, na medida do posible, a importancia relativa de cada unha delas.

Sendo a congruencia unha variable dicotómica e tódalas outras nominais (ou, no mellor dos casos, ordinais), a análise máis axeitada é a regresión loxística, coa congruencia como variable dependente e as demais como independentes, trasformándoas en 'variables de intervalos simuladas' (*dummy variables*)³. Para evita-la proliferación de novas variables con moi poucas ocorrencias, eliminamos nalgunhas das primitivas as categorías de menor interese (a opción "outras" na lingua inicial, "fóra de Galicia" no hábitat de nacemento, "ningún" e "outros" nos estudos), o que nos reduce a mostra a 10.308 casos. A táboa 9 recolle a lista de variables que entran na ecuación de regresión, na orde en que foron seleccionadas para a súa entrada na mesma mediante o método de 'inclusión progresiva' (*stepwise, forward*), xunto cos estatísticos pertinentes:

³ Con este procedemento, créanse tantas variables dicotómicas como categorías da variable orixinal, menos unha, que se toma como categoría de referencia. Por exemplo, no caso da lingua inicial na táboa 9, a categoría de referencia é a dos bilingües iniciais, cos que se comparan os efectos de ser galego ou castelanfalante inicial. As categorías de referencia teñen o valor de 0, polo que os coeficientes positivos favorecen a congruencia e os negativos a non congruencia.

Táboa 9. Resultados da análise de regresión loxística multivariada.

	B	Sig. (Wald)	R	Exp (B)
LINGUA MATERNA		0,0000	0,3151	
galego	2,2579	0,0000	0,2381	9,5627
castelán	-0,9071	0,0000	-0,0956	0,4037
LUGAR DE RESIDENCIA		0,0000	0,1069	
urbano	-1,0672	0,0000	-0,1074	0,3440
vilas	-0,5281	0,0000	-0,0445	0,5897
TRABALLA (non)	-0,2490	0,0006	-0,0272	0,7796
LUGAR DE NACEMENTO		0,0000	0,0913	
urbano	0,9108	0,0000	-0,0919	0,4022
vilas	-0,4732	0,0000	-0,0392	0,6230
ADQUISICIÓN DO GALEGO		0,0000	0,0682	
familia	0,1568	0,2952	0,0000	1,1699
escola	-0,5770	0,0008	-0,0264	0,5616
amigos	0,6358	0,0004	0,0286	1,8886
ESTUDIOS		0,0000	0,0538	
primarios	0,5168	0,0000	0,0481	1,6766
secundarios	0,0924	0,2585	0,0000	1,0968
SEXO (home)	0,5604	0,0000	0,0719	1,7513
CLASE SOCIAL		0,0000	0,0463	
baixa	0,9203	0,0000	0,0334	2,5100
media-baixa	0,3853	0,0070	0,0201	1,4700
media	0,0989	0,4738	0,0000	1,1039
TEN PARELLA (non)	-0,2392	0,0194	-0,0163	0,7872
IDADE (< 26)	-0,2603	0,0019	-0,0241	0,7708
TEN FILLOS (non)	-0,0373	0,7290	0,0000	0,9634
CONSTANTE	0,5849	0,0071		

O modelo predí correctamente a pertenza de cada entrevistado ó grupo de congruentes ou non congruentes no 85,50% dos casos, exactamente o 88,77% dos congruentes e o 79,21% dos non congruentes.

Destaca a importancia da lingua materna, a única que presenta un coeficiente de correlación parcial relativamente importante. De feito, cando se introduce soamente esta variable na regresión, a capacidade de predicción correcta acada ó 82,15% dos casos (o 89,94% dos congruentes e o 67,15% dos non congruentes), cunha correlación parcial arredor do 0,5; que este valor descenda coa introducción doutras variables débese ás correlacións que existen entre estas e a lingua materna. O valor de R para o resto das variables é baixo, moi baixo nalgúns casos, polo que haberá que atribuí-la significación estatística daquelas variables con R a penas superior a cero ó elevado tamaño da nosa mostra. Non son significativamente diferentes de cero, en relación coas respectivas categorías de referencia, as contribucións das categorías seguintes: adquiri-lo galego na familia, ter cursado estudos secundarios, pertencer á clase social media e carecer de fillos.

Calculemos agora probabilidades de pertencer ou non ó grupo dos congruentes⁴. A probabilidade máis alta, practicamente de 1 (0,99289) é a de quen reúne as características seguintes, por orde de importancia:

lingua materna: galego
lugar de residencia: rural
traballan: si
lugar de nacemento: rural
ámbito de adquisición do galego: na familia (ou cos amigos)
estudios: primarios
sexo: homes
clase social: baixa
ter parella: si
idade: maiores de 25 anos
ter fillos: si.

Pola contra, a probabilidade máis baixa, practicamente de 0 (= 0,02574) téñena os que reúnen as características seguintes:

⁴ Utilizamos para este cálculo a fórmula habitual:

$$\text{Probabilidade estimada} = \frac{1}{1 + e^{-z}}$$

onde Z é a suma da constante máis os coeficientes B correspondentes a cada unha das variables pertinentes, e e a base do logaritmo natural (aproximadamente, 2,718).

lingua materna: castelán
lugar de residencia: urbano
traballan: non
lugar de residencia: urbano
ámbito de adquisición do galego: na escola
estudios: universitarios
sexo: mulleres
clase social: media-alta
ter parella: non
idade: menores de 26 anos
ter fillos: non.

Obsérvese que a idade ocupa un lugar moi baixo na xerarquía de variables do modelo: o cambio no 'logit' (= *log of the odds*) no grupo de menor idade en relación co da maior supón unha diminución de 0,2603 -ou, se se prefire, unha multiplicación por 0,7707, que é o valor do $Exp(B)$ - o que, por exemplo, se traduce na práctica en que a probabilidade máis elevada redúcese tan só nunhas milésimas se cambiamos o grupo de idade e mantemos o resto das características. Á inversa, os que reúnen as condicións que favorecen a probabilidade máis baixa a penas soben unha ou dúas centésimas se cambiámo-lo grupo de idade ó dos maiores de 25 anos, mantendo as demais condicións igual. O valor de R para a idade, ademais, a penas supera o cero.

Pero aínda que o efecto global desta variable sexa baixo, é posible que outras variables se comporten de forma diferente no interior de cada un dos grupos de idade. Para comprobalo, efectuámo-la regresión por separado para cada un dos dous grupos, obtendo os coeficientes B seguintes⁵:

⁵ Prescindimos dos non significativos -aínda que, naturalmente, hai que incluílos na ecuación para o cálculo das probabilidades- así como do resto dos datos: error estándar dos coeficientes, Wald, etcétera.

Táboa 10. Coeficientes B de regresión loxística segundo os grupos de idade.

	IDADE	
	de 16 a 25 anos	de 26 a 34 anos
LINGUA INICIAL		
galego	2,4866	1,9765
castelán	-0,8649	-1,0026
LUGAR DE RESIDENCIA		
urbano	-1,1576	-0,9992
vilas	-0,4824	-0,5890
TRABALLA (non)	-0,4608	—
LUGAR DE NACEMENTO		
urbano	-0,8831	-0,9569
vilas	-0,4437	-0,4831
ADQUISICIÓN DO GALEGO		
familia	—	—
escola	—	—
amigos	1,0779	—
ESTUDIOS		
primarios	—	0,6484
secundarios	—	—
SEXO (home)	0,5532	0,6039
CLASE SOCIAL		
baixa	0,7485	1,1510
media-baixa	—	0,6029
media	—	—
TEN PARELLA (non)	—	-0,3908
TEN FILLOS (non)	-0,4165	—
CONSTANTE	0,7539	0,4699

O modelo para os menores de 26 anos predí correctamente o 85,36% dos casos (86,63% dos congruentes e 83,57% dos non congruentes). O dos maiores de 25 anos, á súa vez, predí correctamente o 85,88% (91,10% dos congruentes e o 71,07% dos non congruentes).

Destacan, en primeiro lugar, a escasa relevancia do ámbito de adquisición do galego e dos estudos. No primeiro teñen unha maior probabilidade de congruencia os menores de 26 anos que adquiriron o galego cos amigos (1,0779). Nos estudos, en cambio, son os maiores de 25 do nivel primario quen acada o maior coeficiente (0,6484).

En ámbolos dous grupos de idade a clase baixa é a máis congruente. No grupo máis novo non hai diferencias entre as outras tres clases, mentres que no de máis idade a media baixa resulta ser tamén máis congruente que as clases media e media-alta.

Os lugares de residencia e de nacemento teñen un efecto moi semellante nos dous grupos de idade, cunha merma da congruencia no hábitat urbano en relación coas vilas, e nestas en relación co hábitat rural.

A variable que ten máis importancia é, de novo, a lingua inicial, cunha marcada diminución da congruencia entre os castelanfalantes iniciais en relación cos bilingües iniciais, e un tamén notorio aumento, especialmente no grupo máis novo, entre os galegofalantes iniciais.

Finalmente, as tres variables que resultan decisivas no tránsito da adolescencia á idade adulta son escasamente relevantes. A mosan coeficientes significativamente distintos de cero (aínda que moi baixos) só nun dos grupos de idade: a inserción no mundo laboral e a experiencia da procreación entre os máis novos, e o establecemento de relacións afectivas estables entre os de maior idade.

Probada, pois, a importancia da lingua inicial, vexamos cómo se distribúen os resultados segundo esta variable en congruentes e non congruentes, atendendo tamén ós grupos de idade:

Táboa 11. *Congruencia / non congruencia entre competencia en galego e uso deste idioma por lingua inicial e grupo de idade.*

CONGR./NON CONG.	IDADE					
	de 16 a 25 anos			de 26 a 34 anos		
	LINGUA INICIAL			LINGUA INICIAL		
	galego	castel.	as dúas	galego	castel.	as dúas
comp. alta / uso alto	93,8%	19,4%	43,8%	95,0%	30,5%	61,4%
comp. alta/ uso baixo	6,2%	80,6%	56,2%	5,0%	69,5%	38,6%

Entre os galegofalantes iniciais a congruencia é practicamente total nos dous grupos de idade, o que nos leva a descartalos como obxectivo de posteriores indagacións. Non obstante, recórdese que só son galegofalantes iniciais o 36,75% do grupo de menor idade, e o 46,75% dos que teñen entre 26 e 34 anos. Nos outros grupos de lingua inicial obsérvase unha diferenza importante nas porcentaxes de congruencia segundo a idade: a proporción de congruentes é maior no grupo de máis idade, tanto entre os castelanfalantes iniciais (30,5% fronte a 19,4%) como entre os bilingües iniciais (61,4% fronte a 43,8%).

Se repetímo-la análise de regresión excluindo ós galegofalantes iniciais, xa que case todos son congruentes, e mantendo separados os grupos de idade, por unha parte, e a lingua inicial (castelanfalantes e bilingües iniciais) por outra, obtémo-los coeficientes seguintes⁶:

⁶ De novo, prescindimos dos que non son estatisticamente significativos.

Táboa 12. *Coefficientes B de regresión loxística segundo a lingua inicial e os grupos de idade.*

	LING. INIC. CASTELÁN		LING. INIC. BILINGÜES	
	IDADE		IDADE	
	16 a 25	26 a 34	16 a 25	26 a 34
LUGAR DE RESIDENCIA				
urbano	-1,2004	-0,9881	-0,7633	-0,7018
vilas	—	—	-0,4853	—
TRABALLA (non)	-0,6450	—	-0,4019	—
LUGAR DE NACEMENTO				
urbano	-1,0540	-1,0701	-0,8592	-1,1572
vilas	—	—	-0,7664	-0,9241
ADQUISICIÓN DO GALEGO				
familia	—	—	—	—
escola	-0,6341	—	—	—
amigos	1,0011	—	3,4496	—
ESTUDIOS				
primarios	—	—	0,6188	1,3626
secundarios	—	—	—	—
SEXO (home)	0,4949	0,6081	0,6864	0,8079
CLASE SOCIAL				
baixa	1,0899	—	—	2,1842
media-baixa	—	—	—	—
media	—	—	—	—
TER PARELLA (non)	—	—	—	-0,8596
TER FILLOS (non)	—	—	—	0,6104
CONSTANTE	—	—	—	—

As porcentaxes de predicción correcta de pertenza ou non ó grupo dos congruentes varían bastante. A mellor predicción por termo medio é a da ecuación correspondente ós castelanfalantes ini-

ciais do grupo de idade dos máis novos (a primeira columna da táboa), cun 82,6% de casos correctos; pero a predicción é francamente mala no caso da congruencia: só o 18,76% dos casos congruentes son preditos correctamente, fronte ó 96,61% dos non congruentes (e que sendo con moito a categoría dominante, fan que a predicción por termo medio teña esa aparencia de aceptable). O mesmo sucede no outro grupo de idade (a segunda columna): a porcentaxe media de predicción correcta é o 73,52% (89,95% dos non congruentes e 34,28% dos congruentes).

En canto ós bilingües iniciais menores de 26 anos, a ecuación correspondente predí correctamente o 70,54% dos casos e de forma máis equilibrada que nos dos grupos anteriores: o 77,93% dos non congruentes e o 61,28% dos congruentes. E, por último, entre os bilingües iniciais maiores de 25 anos a porcentaxe de predicción correcta é o 71,55%, inverténdose a relación entre congruentes e non congruentes: nesta última ecuación predise correctamente só o 59,08% dos non congruentes fronte ó 79,50% dos congruentes.

Residir na cidade reduce en tódolos casos as probabilidades de congruencia, especialmente entre os castelanfalantes iniciais menores de 26 anos. Habitar nas vilas, en cambio, só se diferencia con significación estatística de residir no hábitat rural entre os bilingües iniciais máis novos. As correlacións parciais, aínda figurando entre as máis elevadas de todas, son moi baixas: entre -0,08 e -0,13 para o caso do hábitat urbano.

Tamén o ter nacido na cidade afecta negativamente ás probabilidades de congruencia; nacer nas vilas non se diferencia significativamente de facelo no hábitat rural entre os castelanfalantes iniciais, pero si entre os bilingües iniciais, nos que se aprecia un efecto das vilas moi próximo ó producido por ter nacido na cidade.

O sexo ten un efecto semellante en tódolos grupos, aínda que con lixeiras diferencias na intensidade: a condición de home fai aumentar en tódolos grupos a probabilidade de congruencia. Con todo, a correlación parcial é baixa: 0,1152 no máis elevado dos casos, que é o dos bilingües iniciais maiores de 25 anos.

O ámbito de adquisición do galego non afecta de forma estatisticamente significativa ós maiores de 25 anos, independentemente da súa lingua inicial. Entre os menores desa idade obsérvase un efecto negativo da escola entre os castelanfalantes iniciais, e un positivo do feito de ter aprendido o galego cos amigos entre os dous grupos de lingua inicial. Non obstante, obsérvase un erro estándar demasiado grande entre os bilingües iniciais: loxicamente, estes deberían responder todos eles que aprenderon o galego na familia, e así o fixo o 93%;

o resto probablemente interpretou de forma incorrecta o alcance dalgunha das preguntas. Como consecuencia de todo iso, a correlación parcial é só de 0,0545.

Os estudos non afectan de forma estatisticamente significativa ós castelanfalantes iniciais. Entre os bilingües iniciais aumentan as probabilidades de congruencia entre quen ten cursado os primarios, de forma máis destacada entre os de máis idade onde a correlación parcial é de 0,1732.

Pertencer á clase social baixa aumenta as posibilidades de congruencia entre os castelanfalantes iniciais máis novos e entre os bilingües de máis idade. O erro estándar é demasiado alto, e a correlación parcial é 0,0678 no caso máis elevado.

O feito de ter parella ou non resulta relevante só entre os bilingües iniciais de máis idade, cunha diminución das probabilidades de congruencia entre os que non a teñen. Neste mesmo grupo obsérvase un efecto inverso do feito de ter fillos: as probabilidades de congruencia aumentan entre quen non ten descendencia, sendo irrelevante o efecto nos outros grupos. O feito de traballar ou estar desocupado, por último, parece afectar só ós máis novos, independentemente da lingua inicial, diminuíndo as probabilidades de congruencia entre os que non traballan onde a correlación parcial de 0,089 no caso máis elevado.

3. O tránsito á vida adulta plena e a congruencia entre competencia oral en galego e uso desta lingua: o papel das redes sociais

As exploracións anteriores poñen de manifesto que ningunha das variables consideradas, agás a da lingua inicial, desempeña un papel importante como predictor da congruencia; o conxunto de todas elas, sen embargo, permite predicir moi ben quén non será congruente no grupo dos castelanfalantes iniciais, especialmente entre os máis novos, e relativamente ben os que serán congruentes no grupo dos bilingües iniciais, en especial entre os de máis idade. Sen embargo, o escaso efecto de cada unha das variables por separado fai que sexa moi arriscado utilizar estas ecuacións para apoiar calquera modelo teórico no que as variables que determinan o tránsito da adolescencia á vida adulta (establecemento de relacións afectivas estables, entrada no mundo laboral e procreación) ocupen un lugar prominente polas súas hipotéticas consecuencias no uso dunha lingua minoritaria (ou minorizada). Os datos de que dispoñemos indican máis ben que a variable que máis condiciona, e que mellor predí, o uso da lin-

gua minoritaria, suposto un nivel de competencia aceptable na mesma, é a lingua inicial: utilizan o galego habitualmente case tódolos que o teñen como lingua inicial, e só algúns dos que aprenderon a falar primeiro en castelán: estes últimos son os que teñen para nós un maior interese.

Tendo en conta o cadro xeral que acabamos de esbozar, a cuestión básica que deberíamos intentar resolver é a seguinte: ¿por que algúns castelanfalantes iniciais, dos que as nosas ecuacións predín que non deberían usar galego, o empregan sen embargo habitualmente? A resposta a esta cuestión esixe un estudio de casos en profundidade, no que se comparen individuos de baixa probabilidade e elevada congruencia con individuos de baixa probabilidade e baixa congruencia, mantendo sempre idénticas na medida do posible as características sociodemográficas.

As nosas hipóteses apuntan cara a un papel decisivo dos cambios nas redes de interacción habituais. Obviamente, a lingua habitual é unha función da lingua falada nas situacións de interacción máis espontáneas, entre as que ocupa un lugar esencial a lingua falada cos amigos. E posto que parece absurdo que alguén cambie de lingua habitual se non cambia polo menos en parte de interlocutores habituais, podemos adianta-la hipótese de que aqueles castelanfalantes iniciais que amosan, en contra do esperado, congruencia entre competencia oral en galego e uso do mesmo o fan como resultado de cambia-las súas relacións habituais, e especialmente os seus amigos. Istoponse ben de manifesto nos nosos datos se introducímola lingua falada cos amigos na ecuación de regresión correspondente ós castelanfalantes iniciais máis novos (primeira columna da táboa 12): a correlación parcial desta variable é, como era de esperar, a maior de todas (0,43 para o conxunto das categorías), e a capacidade predictiva da ecuación mellora considerablemente, en especial en relación cos congruentes, nos que pasamos do 18,76% visto anteriormente a un 73,63%; a predicción correcta dos non congruentes acada agora o 96,17%, sendo a predicción correcta por termo medio o 92,11%. Os resultados con esta variable son, de acordo coa hipótese, mellores que con calquera outra da que a lingua habitual sexa función: así, se introducímola lingua falada polo pai cos entrevistados, a capacidade de predicción dos congruentes só acada o 45,83%. Unha porcentaxe semellante (42,11%) obtemos se elixímola lingua falada pola nai cos entrevistados; bastante mellor, en cambio (62,7%) se escollémola lingua falada cos irmáns; e conseguimos unha mellora practicamente idéntica á obtida coa lingua falada cos amigos cando incluímola lingua falada cos veciños: 90,42% de predicción correcta por termo

medio, correspondente ó 94,09% dos non congruentes e ó 73,70% dos congruentes. A inclusión da lingua falada no traballo ou coa parella tamén melloran a capacidade de predicción, especialmente a última, pero o tamaño do grupo redúcese aproximadamente a unha décima parte, polo que resulta difícil sacar conclusións a partir destas dúas últimas variables.

Naturalmente, introducir na ecuación a lingua falada cos amigos, ou con calquera outro interlocutor máis ou menos habitual, é en boa medida tautolóxico; por iso só poden esperarse bos resultados desa introducción, tanto mellores canto máis habitual sexa a interacción. Todo isto vén apoiar-la importancia das redes de interacción habitual na conducta lingüística, especialmente naqueles comportamentos paradoxalmente congruentes: a galeguización, aínda que miúda e discreta, tamén existe. Profundar nos itinerarios desta galeguización contra corrente esixe, como dixemos ó comezo deste traballo, un estudio específico cunha metodoloxía diferente. Abordaré-molo sen máis demora nunha próxima entrega.



O ESTUDIO DO GALEGO EN RUSIA¹

XENIA V. LÁMINA
Universidade de San Petersburgo

De acordo co testemuño da maioría de fontes bibliográficas², o estudio da lingua galega en Rusia iniciouse moito máis tarde có estudio da historia, etnografía e literatura de Galicia. O interese científico por esta lingua, actualmente cooficial en Galicia, non ten no noso país as profundas e antigas raíces que ten o estudio da lingua castelá.

A primeira publicación dedicada ó galego aparece en 1929 na primeira edición da *Gran Enciclopedia Soviética* (tomo 14). Titúlase "O dialecto galego" e pertence ó célebre traductor e crítico literario Fiodor V. Kellin. Do título deste artigo constatamos que o galego se cualifica de "dialecto" e que se lle nega o status de lingua románica independente.

Un trato parecido recibe esta lingua na segunda edición da *Gran Enciclopedia Soviética* en 1952 (tomo 10): chámasele "dialecto do portugués algo españolizado".

Na terceira edición da *Gran Enciclopedia Soviética*, en 1972 (tomo 10), rexístrase certa incoherencia: por unha banda, dise que "a literatura galega desenvolveuse no dialecto galego do portugués", e, por outra, recoñécese que o galego, igual que o castelán, portugués e catalán, forma parte do subgrupo das linguas ibero-románicas (tomo 22, 1975, artigo "Linguas románicas", pp. 193-194).

¹ Traducido do orixinal español por M. dos Anxos Sobrino Pérez.

² Revísten especial interese no noso tema o libro do académico M. Alekseiev *Rusia y España: una respuesta cultural* (versión directa do ruso e prólogo de J. Fernández Sánchez), Madrid, 1975; *Ispanistika v SSSR. Bibliografía 1918-1969* ("Os estudos hispánicos na URSS. Bibliografía 1918-1969"), Moskva, 1970; así como os dous tomos da obra bibliográfica editada en 1986 polo Instituto de Lingüística da Academia de Ciencias da URSS titulada *Iberoromanskoye yazykoznanie v SSSR. Bibliografía 1918-1984* ("Lingüística ibero-románica na URSS. Bibliografía 1918-1984").

Esta diversidade no tratamento que recibe o galego reflicte o feito obxectivo de que esta lingua recibiu o recoñecemento como tal nos estudos románicos internacionais de xeito tardío e non unánime.

Momento importantísimo no estudio das linguas ibero-románicas en Rusia é 1941, ano da publicación da célebre obra do académico Vladimir F. Shishmariov (1875-1957) "Ensaio sobre a historia das linguas de España"³. Foi o primeiro traballo de recompilación destas características en lingua rusa. Na mencionada obra o autor aborda a historia das linguas castelá, catalana, galega, portuguesa e vasca desde a súa ampla base cultural e histórica, e atendendo en todo momento á estreita interacción existente entre as denominadas historia interna e externa dun idioma. V. F. Shishmariov consideraba que as linguas da Península Ibérica constituían "un interesantísimo e riquísimo campo de estudio tanto para o teórico da lingüística como para o historiador do idioma" (p. 7) e que o estudio das relacións entre as linguas da Península conduce a "interesantísimos problemas teóricos e históricos" (p. 8), tales como a relación entre idiomas pertencentes a distintos sistemas, a interferencia e o bilingüismo e a clasificación das linguas románicas.

V. F. Shishmariov inclúe o galego no seu ensaio sobre o portugués ("Galego e portugués", pp. 243-269), aínda que apunta a posibilidade de recoñecelo como lingua independente, idea que será posteriormente desenvolvida por moitos ibero-romanistas rusos.

Os problemas teóricos da lingüística románica e xeral, o estudio dos cales se fundamentaba nunha ampla base documental, así como o programa trazado polo autor dos "Ensaio" con moitos anos de antelación, determinaron os intereses dos especialistas formados na escola filolóxica do académico Shishmariov.

Nos anos da posguerra, moitos dos principais especialistas en linguas románicas empezaron a utiliza-lo galego nas súas investigacións comparativas.

Lugar especial merecen aquí as obras da catedrática da Universidade de Leningrado, Olga K. Vasilieva-Švede (1896-1987), unha da fundadoras dos estudos ibero-románicos rusos. Olga K. Vasilieva-Švede combinaba unha sólida formación clásica con profundos coñecementos de varias filoloxías, dominando á perfección varios idiomas románicos e os seus correspondentes dialectos. No transcurso de case corenta anos conseguiu que tanto o galego como o catalán deixaran de ser considerados idiomas exóticos.

³ Shishmariov V. F., *Ocherki po istorii yazykov Ispanii*, Moskva-Leningrad, 1941.

O. K. Vasilieva-Švede publicou varios artigos sobre temática galega, como por exemplo: "Introducción á problemática do galego (algúns trazos específicos das formas non persoais do verbo)" (1966), "Poesía satírica galaico-portuguesa e provenzal dos séculos XIII-XV" (1976), "As linguas catalana e galega na cultura dos pobos da Península Ibérica" (1983)⁴.

O. K. Vasilieva-Švede presentou relatorios sobre os resultados das súas investigacións nos XII, XIII, XIV, XVI e XVII Congresos Internacionais de Filoloxía e Lingüística Románicas. Nalgúns deles foron utilizados materiais comparativos galegos⁵.

As obras do académico Gueorgui V. Stepanov, Director do Instituto de Lingüística da Academia de Ciencias da URSS, membro estranxeiro da Real Academia Española da lingua (1919-1986), conferiron un considerable impulso ós estudos dos problemas sociolingüísticos do galego, especialmente a súa monografía *Tipoloxía das situacións e estados lingüísticos nos países de fala románica* (1976) e o artigo "Sociolingüística das linguas da Península Ibérica" (1983)⁶.

G. V. Stepanov manexa nas súas obras amplo material de linguas románicas, que estudia desde o punto de vista histórico para desenvolver-la súa teoría sobre a relación existente entre o sistema externo dun idioma e a súa estrutura interna. Suxeriu e desenvolveu o concepto de "estado" e "situación" lingüísticos, demostrando a im-

⁴ "K voprosu o galisiiskom yazyke (nekotoryye cherty nelichnyj form glagola)", en *Romanskaya filologiya. Uchenyye zapiski Leningradskogo universiteta. Seriya filologicheskij nauk*, Vyp. 70, pp. 23-38; "Galisiysko-portugalskaya i provansalskaya satiricheskaya poeziya XIII-XV vv.", en *Sravnitelnoye izuchenie literatur*, Leningrad, pp. 334-340; "Katalanskiy i galisiyskiy yazyki v kulture narodov Pireneiskogo poluostrova", en *Iberica. Kultura narodov Pireneiskogo poluostrova*, Leningrad, pp. 116-136.

⁵ "La categoría del aspecto verbal en las lenguas pirenaico-romances (español, gallego, portugués, catalán)", resumos das comunicacións presentadas ó XIII Congreso Internacional da Lingüística e a Filoloxía Románicas, Québec (Canadá), 1971; véxanse tamén as *Actes du XIII^{ème} Congrès International de Linguistique et Philologie romanes tenu à l'Université Laval (Québec, Canada) du 29 août au 5 septembre 1971*, T. I. Québec, pp. 483-492; "Algunos problemas actuales del estudio de los idiomas pirenaico-romances (español, portugués, gallego y catalán)", *XIV Congresso internazionale di Linguistica e Filologia romanza (Napoli, 15-20 aprile 1974)*, Riassunti delle comunicazioni, Napoli, 1974; véxase tamén *XIV Congresso internazionale di Linguistica e Filologia romanza (Napoli, 15-20 aprile 1974)*, *Atti*, vol. II, Napoli, pp. 97-106.

⁶ *Tipologiya yazykovykh sostoyaniy i situatsiy v stranakh romanskoy rechi*, Moskva, 1976; "Yazyki Pireneiskogo poluostrova v sotsiolingvísticheskom aspecte", en *Iberica. Kultura narodov Pireneiskogo poluostrova*, Leningrad, Nauka, 1983, pp. 109-115.

portancia que os factores sociais revisten no feito da diversificación lingüística.

Aceptando que a situación e a cuestión do galego constitúen un dos máis complexos problemas da sociolingüística románica, G. V. Stepanov aportou convincentes argumentos, definitivos segundo o noso xuízo, en favor da independencia do galego como lingua: "Desde o punto de vista lingüístico, é dicir, desde o punto de vista da individualidade da súa estrutura interna, diferénciase do resto das linguas románicas que integran a situación española, e por este motivo xa non se pode incluír nos dialectos do castelán (...) Polo que respecta á súa estrutura, o galego moderno diferénciase do portugués. A diferenza entre estas dúas linguas non é tan grande como a existente entre o galego e o castelán, pero aínda así, é ben patente" (p. 150). A isto engade: "Pero se deixamos de lado o aspecto lingüístico, o galego non pode considerarse dialecto do portugués por motivos sociolingüísticos (por non mencionar xa os motivos políticos, históricos, culturais, nacionais e etnográficos): non forma parte da comunidade sociolingüística portuguesa, non ten correlación cos dialectos do portugués, e a súa variante escrita non se atopa en situación de complementariedade funcional coa do portugués literario" (p. 152).

Tamén críticos literarios rusos trataron a problemática relacionada co galego. Cabe mencionar neste senso a obra "Papel do bilingüismo na creación literaria nas linguas da Península Ibérica" (1983), pertencente a Zacarías Plavskin, ex-catedrático da Universidade de San Petersburgo e especialista na literatura multinacional de España⁷.

Nos anos 70 e 80, a temática galega pasa a ocupar un posto importante nos distintos ámbitos da filoloxía.

O material galego é parte orgánica do manual universitario *Introducción á filoloxía románica*, publicado pola catedrática da Universidade de San Petersburgo Tamara A. Répina en coautoría coas romanistas moscovitas Tatiana B. Alisova e María A. Tariverdieva⁸ e da *Historia do portugués* escrita por Elena M. Wolf (1988)⁹. Neste último libro unha parte considerable está consagrada ó estudio do período galego-portugués, de finais do século XII a mediados do século XIV (pp. 36-58).

⁷ "Rol dvuyazychiya v literaturnom tvorchestve na materiale yazykov Pirenskogo poluostrova", en *Iberica. Kultura narodov Pirenskogo poluostrova*, Leningrad, Nauka, 1983, pp. 45-61.

⁸ *Vvedeniye v romanskuyu filologiyu*, Moskva, 1ª ed. 1982; 2ª ed. 1987.

⁹ *Istoriya portugalskogo yazyka*, Moskva, 1988.

Ó estudio do galego dedícase activa e fructiferamente Borís P. Narúmov, do Instituto da Lingüística da Academia de Ciencias de Rusia. Publicou unha serie de artigos, como por exemplo "Galego, portugués e galaico-portugués" (1990), "Evolución da situación lingüística na Península Ibérica" (1993), "Particularidades lingüísticas e o funcionamento da literatura artística galega" (1994), "Particularidades da formación da norma literaria do galego actual" (1996)¹⁰. É así mesmo autor da primeira monografía editada en Rusia sobre o galego —"O galego moderno" (1987)—, que inclúe unha descrición sistemática da estrutura e funcionamento da lingua galega, así como un ensaio sobre a súa evolución desde as orixes ata mediados do século XX. A descrición do sistema fonolóxico e gramatical do galego moderno ilústrase con gran cantidade de exemplos, tomados da literatura galega¹¹.

B. P. Narúmov interesouse tamén por cuestións de tradución ó galego. Cabe mencionalo seu artigo "Traducción al gallego de la conferencia de M. Heidegger "La esencia de la verdad" (1991). B. P. Narúmov traduciu ó galego a narración de Chéjov *Casa con ático*. En 1993 esta tradución foi galardoada co premio "Ramón Cabanillas", instituído pola Xunta de Galicia.

Desde os anos 70, e ata o presente, foron moitos os romanistas, doutores en filoloxía e estudiosos novos que se centraron cada vez máis en cuestións relacionadas coa filoloxía galega. A isto contribuíu, sen dúbida ningunha, o restablecemento de relacións diplomáticas con España, as viaxes de estudiosos rusos a España para desenvolver traballos de investigación, así como para impartir conferencias e participar en congresos e simposios. Algúns ibero-romanistas fixeron da temática galega ámbito central das súas investigacións. Os traballos por eles publicados desenvolven os temas:

1.- Da clasificación das linguas románicas. Vide o artigo conxunto de Susana P. Nikolayeva e Tatiana O. Kuznetsova "Algunhas particularidades das áreas marxinais da Ibero-Romania" (1977), no que as autoras estudian as sibilantes do galego, fixándose

¹⁰ "Galisiiskiy, portugalskiy, galisiisko-portugalskiy", en *Res filologica. Filologicheskoye issledovaniya*, Moskva-Leningrad, 1990, pp. 183-191; "Razvitiye yazykovoy situatsii na Pireneiskom poluostrove", en *Diajronicheskaya sotsiolingvistica*, Moskva, 1993; "Osobennosti yazyka i funktsionirovaniya galisiyskoy judozhestvennoy literatury", en *Literaturnyi yazyk i kulturnaya traditsiya*, Moskva, 1994; "Osobennosti stanovleniya sovremennoy literaturnoy normy galisiyskogo yazyka", en *Izvestiya Akademii Nauk, Seriya literatury i yazyka*, t. 55, n° 3, 1996, pp. 25-34.

¹¹ *Sovremenniy galisiyskiy yazyk*, Moskva, 1987, 166 páxinas.

nos trazos comúns existentes coas sibilantes do portugués, os existentes entre portugués e castelán, así como os trazos específicos das sibilantes galegas¹². G. P. Zenenko analizou no artigo "Galego e portugués modernos" (1982) as diferencias entre ambos idiomas en fonética, morfoloxía e sintaxe, considerándoas suficientes para que se recoñeza o status independente do galego¹³.

2.- Do sistema fonolóxico. No artigo conxunto de Melitina A. Borodina e Susana P. Nicolayeva "Algunhas particularidades do galego (sobre materiais do "Atlas lingüístico de la Península Ibérica")" (1970)¹⁴ e o manual de A. V. Shirokova "Fonética histórico-comparativa das linguas románicas da Península Ibérica" (1982)¹⁵.

3.- No ámbito da gramática debemos facer referencia ós artigos de Anatoli M. Gaj "Algunhas particularidades do galego en comparación co español e o portugués" (1985)¹⁶ e de G. P. Zenenko "Particularidades do sistema de pronomes persoais do galego en comparación cos sistemas do español e o portugués" (1980), "Sobre a expresión do complemento directo e indirecto mediante substantivos denotantes de seres vivos nas linguas da Península Ibérica" (1982) e "Sobre algúns problemas actuais da gramática galega" (1988)¹⁷. En Galicia publicouse o resumo do relatorio de Ekaterina E. Guerbek "Algunhas peculiaridades do uso de preposicións e frases prepositivas no galego (comparado co castelán)"¹⁸ e o artigo de E. E. Guerbek e Elena S. Zernova "Algunhas peculiaridades do uso das preposicións e

¹² "Nekotoryie osobennosti marginalnyj arealov Iberoromanii", en *Arealnyie issledovaniya v yazykoznanii i etnografii*, Leningrad, 1977, pp. 138-142.

¹³ "Galisiyskiy i portugalskiy yazyki segodnia", en *Voprosy iberoromanskoj filologii*, Moskva, 1982, pp. 13-17.

¹⁴ "O nekotoryj osobennostij galisiyskogo yazyka", *Tezisy dokladov VII mezhrvuzovskoy nauchnoy konferentsii po romano-germanskim yazykamnaniyu*, Piatigorsk, 1970, pp. 8-9.

¹⁵ *Sravnitelno-istoricheskaya fonetika romanskij yazykov Pireneiskogo poluoostrova*, Moskva, 1982, 84 páxinas.

¹⁶ "Nekotoryie osobennosti galisiyskogo v sravnenii s ispanskim i portugalskim", en *Voprosy teorii i istorii romanskij yazykov*, Leningrad, 1985, pp. 61-66.

¹⁷ "Osobennosti sistemy lichnyj mestoimeniy galisiyskogo yazyka v sravnenii s etimi zhe sistemami v ispanskom i portugalskom yazykaj", en *Semantika i grammatika yazykovyj edinitis*, Moskva, 1980, pp. 115-120; "K voprosu o vyrazhenii priamogo i kosvennogo ob'ektov odushevlennoj suschestvitelnoj v romanskij yazykaj Pireneiskogo poluoostrova", en *Voprosy iberoromanskoj filologii*, Moskva, 1982, pp. 18-25; "O nekotoryj aktualnyj voprosaj grammatiki galisiyskogo yazyka", en *Istoriya i sovremennoye sostoyaniye iberoromanskij yazykov*, Moskva, 1988, pp. 39-43.

¹⁸ I Congreso Internacional "A lingua galega. Historia e actualidade", 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 1996, p. 52.

frases prepositivas con significado prelocativo e postlocativo no galego (comparado co castelán)" (1996)¹⁹.

4.- No campo da estilística funcional cómpre destaca-los traballos de E. S. Zernova "Adxectivo atributivo nas linguas castelá, catalana e galega"²⁰ e "O adxectivo como factor diferenciador dos estilos funcionais no galego" (1996)²¹.

5.- Problemas da sociolingüística peninsular discútnense no artigo de Venedikt S. Vinogradov "Algunhas particularidades da situación lingüística e a política lingüística na España actual" (1986)²².

Os centros principais de estudio da filoloxía galega son as Universidades de San Petersburgo e Moscova, así como o Instituto de Lingüística da Academia de Ciencias de Rusia e o Instituto de Relacións Internacionais do Ministerio de Asuntos Exteriores da Federación Rusa. En Rusia, consideramos que o estudio e o ensino das linguas cooficiais do Estado español nos departamentos de románicas das facultades de filoloxía está contribuíndo a mellora-lo nivel profesional dos licenciados, ampliando a súa formación no campo da romanística.

Na Cátedra de Filoloxía Románica da Universidade de San Petersburgo o pioneiro no ensino do galego foi o profesor Anatoli M. Gaj, quen durante cinco anos (1978-1983) impartiu un curso teórico-práctico desta lingua ós estudantes de diferentes departamentos da cátedra. Varios profesores da cátedra levaron tamén este curso durante un ano. Esta iniciativa da cátedra e do profesor Gaj impulsou o interese dos alumnos polo estudio comparativo das linguas ibero-románicas.

Falando da Universidade de San Petersburgo, gustaríame destacar-lo importante labor que leva a cabo o Centro de Estudos Galegos, dirixido por Elena S. Zernova. Este centro foi creado en 1994 dentro do marco do convenio asinado pola nosa Universidade e a Xunta de Galicia. Gracias ás actividades do centro volveuse a introducir-lo ensino da lingua galega para os estudantes de primeiro e segundo ciclos e de posgrao (a cargo do Dr. Borís P. Narúmov). Cada verán, varios estudantes do Departamento de Español participan nos

¹⁹ *Cadernos de lingua*, 1996, nº 13, pp. 105-114.

²⁰ "Atributivnoye prilagatelnoye v ispanskom, katalanskom i galisiiskom yazykaj", en *Aktualnyie problemy ibero-romanistiki*, Sankt-Peterburg, 1996, pp. 94-107.

²¹ *I Congreso Internacional "A lingua galega. Historia e actualidade"*, 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 1996, p. 117.

²² "O nekotoryj osobennostij yazykovoy situatsii i yazykovoy politiki v sovremennoj Ispanii", en *Izvestiya Akademii nauk. Seriya literatury i yazyka*, Moskva, 1986, pp. 41-47.

cursos de lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela como bolseiros da Xunta de Galicia. Nos anos académicos 96/97 e 97/98 varios alumnos do Departamento de Español estudiaron durante un semestre no Departamento de Galego da Universidade de Barcelona. O material galego utilízase na preparación das súas memorias de licenciatura.

Na Universidade Estatal de Moscova o galego impártese en calidade de lingua optativa ós estudantes de distintos departamentos. Cos estes grupos traballa a profesora M. A. Kosárik.

En Rusia iniciouse a formación de especialistas altamente cualificados e doutores en filoloxía galega. En 1988, en Moscova, foi lida a primeira tese doutoral dedicada a un tema galego: Olga A. Saprykina "Lingua e estilo dos trobadores galaico-portugueses" (o director da tese foi o Dr. Venedikt S. Vinogradov). Os materiais da súa tese foron publicados nunha serie de artigos: "Sobre algunhas particularidades da linguaxe poética dos trobadores galaico-portugueses (ss. XII-XIV)", "A repetición como base das canción galego-portuguesas", "A linguaxe da poesía lírica no sistema da lingua galaico-portuguesa común" e outros²³.

En 1997, na Universidade de San Petersburgo, Ekaterina E. Guerbek leu a súa tese "Preposicións frontais no seu aspecto cognitivo" (dirixida por Elena S. Zernova), na que as preposicións galegas son estudadas cun enfoque cognitivo e comparadas coas do ruso e o castelán.

Gustaríame rematar esta revista do que se fai en Rusia para fomentalo estudio da lingua galega, con algúns datos relativos á literatura galega. Como se sabe, o Centro de Estudos galegos da Universidade de San Petersburgo publicou tres tomos da Antoloxía bilingüe de poesía galega (t. 1 *Poesía dos trobadores*, 1995, 238 páxinas; t. 2 *Entre dous silencios*, 1996, 240 páxinas; t. 3 *Voces novas*, 1997, 272 páxinas). Case tódalas traducións foron feitas especialmente para esta edición por coñecidos poetas de San Petersburgo e publícanse por primeira vez. Elena Golubeva e Elena Zernova publicaron en 1997 un artigo de resumo da "Poesía galega en traducións rusas"²⁴.

²³ "O nekotoryj osobennostij poeticheskogo yazyka galisiisko-portugalskij trubadurov (XII-XIV vv.)", en *Zapadnoevropejskaya srednevekovaya slovesnost*, Moskva, 1985, pp. 74-75; "Povtor kak osnova postroyeniya galisiisko-portugalskij pesen", en *Sbornik nauchnyj trudov MGPIIYA im. M. Toreza*, Vyp. 296, Moskva, 1987, pp. 31-39; "Yazyk liricheskoy poezii v sisteme obschenarodnogo galisiisko-portugalskogo yazyka", en *Istoriya i sovremennoye sostoyaniye ibero-romanskij yazykov*, Moskva, 1988, pp. 101-112.

²⁴ *Boletín Galego de Literatura*, nº 18, 2º semestre de 1997, pp. 103-109.

E hai algúns días a editorial da Universidade de San Petersburgo publicou, nunha brillante versión rusa feita por Elena Zernova, a novela de Alfredo Conde *Xa vai o griffón no vento*. Así, os lectores rusos terán a oportunidade de coñecer unha obra dun dos mellores escritores da Galicia de hoxe.

Todo o que se dixo ata aquí dá fe de que, tanto en San Petersburgo como noutros centros de investigación científica, existe un verdadeiro interese pola galeguística, e que, durante as últimas décadas no noso país, se formou persoal preparado para traballar neste campo, non só no aspecto teórico senón tamén no práctico.

L. LURIDEANO

O propósito deste artigo é dar a coñecer aos lectores de toda Galicia a existencia de obras de investigación científica no campo da galeguística, realizadas no ámbito da Universidade de San Petersburgo, así como tamén das outras universidades e institutos de Galicia, e a traer información importante sobre o desenvolvemento das actividades de investigación e de publicacións no campo da galeguística. É importante porque os datos que se recollen reflicten o esforzo realizado en Galicia para estudar os aspectos científicos e literarios da galeguística. O texto do artigo baséase nos datos publicados no *Problemas de Investigacións Lingüísticas Galegas*, publicado pola Universidade de San Petersburgo, en colaboración cos autores, e nos artigos publicados no *Boletín de Investigacións Lingüísticas Galegas*, editado pola Universidade de San Petersburgo. O artigo baséase tamén nos datos publicados no *Boletín de Investigacións Lingüísticas Galegas*, editado pola Universidade de San Petersburgo. O artigo baséase tamén nos datos publicados no *Boletín de Investigacións Lingüísticas Galegas*, editado pola Universidade de San Petersburgo.

Para a realización de estas actividades, a Universidade de San Petersburgo organiza, en colaboración coa Universidade de Galicia, o curso de galeguística en San Petersburgo, que se realiza no curso de lingua gallega, entre o 1.º e o 3.º semestre, e no curso de lingua portuguesa, entre o 1.º e o 3.º semestre, e no curso de lingua castelá, entre o 1.º e o 3.º semestre. O curso de galeguística en San Petersburgo comeza o 1.º de outubro e o 2.º de outubro de 1986 comeza a primeira unidade e o 2.º de outubro e o 3.º de outubro de 1986 comeza a segunda unidade. Estes cursos son impartidos respectivamente polo profesorado do departamento de lingüística e do departamento de lingüística e literatura da Universidade de Galicia, en colaboración coa Universidade de San Petersburgo.

A importancia da galeguística (L. LURIDEANO)

Debido á importancia da galeguística, a Universidade de San Petersburgo organiza o curso de galeguística en San Petersburgo, que se realiza no curso de lingua gallega, entre o 1.º e o 3.º semestre, e no curso de lingua portuguesa, entre o 1.º e o 3.º semestre, e no curso de lingua castelá, entre o 1.º e o 3.º semestre.

„...într-o vreme când România era încă în plină perioadă de tranziție, după căderea comunismului, când societatea noastră era încă în proces de schimbare profundă și când rolul mass-media era încă în discuție. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune.”

„...într-o vreme când România era încă în plină perioadă de tranziție, după căderea comunismului, când societatea noastră era încă în proces de schimbare profundă și când rolul mass-media era încă în discuție. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune.”

„...într-o vreme când România era încă în plină perioadă de tranziție, după căderea comunismului, când societatea noastră era încă în proces de schimbare profundă și când rolul mass-media era încă în discuție. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune.”

...într-o vreme când România era încă în plină perioadă de tranziție, după căderea comunismului, când societatea noastră era încă în proces de schimbare profundă și când rolul mass-media era încă în discuție. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune.”

...într-o vreme când România era încă în plină perioadă de tranziție, după căderea comunismului, când societatea noastră era încă în proces de schimbare profundă și când rolul mass-media era încă în discuție. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune.”

...într-o vreme când România era încă în plină perioadă de tranziție, după căderea comunismului, când societatea noastră era încă în proces de schimbare profundă și când rolul mass-media era încă în discuție. Într-o vreme în care oamenii erau încă în căutare de noi modele de gândire și acțiune.”

A MOTIVACIÓN NA APRENDIZAXE DO GALEGO EN ALUMNOS DE FÓRA DE GALICIA

FRANCISCO JAVIER DÍAZ PÉREZ
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

O principal obxectivo deste estudio consiste en analiza-los tipos de motivación que levaron a oitenta persoas de fóra de Galicia a estudar galego. Avalia-la intensidade ou grao da motivación e descubrir cáles son os temas que máis espertan o interese destes alumnos nas clases de galego e a que destrezas lingüísticas se lles outorga máis importancia atópanse así mesmo entre os propósitos deste traballo. Ós informantes tamén se lles solicita que valoren cáles son as actividades que consideran máis útiles para levar a cabo nas clases de galego. O factor sexo e o nivel do curso (Iniciación ou Perfeccionamento) utilizáronse como variables para estudar ata que punto son orixe dalgunha diferenza nos aspectos previamente mencionados. Elixíronse estas dúas variables coa intención de comprobar se hipóteses formuladas en estudos precedentes ós que se fará mención posteriormente se confirman ou non neste caso.

Para a recolleita de datos administrouse un cuestionario a oitenta suxeitos procedentes de fóra de Galicia matriculados nos cursos de lingua galega, niveis de Iniciación e Perfeccionamento, promovidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística, que tiveron lugar en Santiago de Compostela entre o 30 de xaneiro e o 27 de marzo de 1996 nunha primeira quenda, e entre o 23 de abril e o 18 de xuño do mesmo ano nunha segunda quenda. Estes oitenta suxeitos representan practicamente a poboación total de alumnos procedentes de fóra de Galicia matriculados nos cursos anteditos.

2. A motivación na aprendizaxe dunha L2

Debido á importancia que se lle concede como factor determinante para a adquisición e aprendizaxe de segundas linguas e lin-

guas estranxeiras, a motivación vén sendo desde finais dos anos cincuenta un tema amplamente tratado por diversos autores. Xa no ano 1956 Nida escribe un artigo acerca da motivación no que afirma que esta constitúe o factor máis importante na aprendizaxe dunha lingua estranxeira e que os tipos de motivación que proporcionan maiores posibilidades de éxito na aprendizaxe son o desexo de comunicar e maila sensibilidade cara á comunidade falante da L2. Serán nembargantes Gardner e Lambert (1959) os considerados como pioneiros neste ámbito de investigación. Foron eles quen introduciron os conceptos de motivación integradora e motivación instrumental. A motivación integradora identifícase cunha serie de actitudes positivas cara ós falantes da lingua meta ou cun desexo de interactuar con eles. Pola outra banda, na motivación instrumental, como o seu propio nome indica, son aspectos máis prácticos, como por exemplo acadar un posto de traballo ou recoñecemento social, os que condicionan o estudio dunha lingua determinada. No mesmo artigo, baseándose nos resultados obtidos con 75 estudantes de francés en Montreal que tiñan o inglés como lingua nai, conclúese que aqueles estudantes que posúen unha motivación integradora teñen máis posibilidades de éxito na aprendizaxe do idioma estranxeiro que aqueloutros que o estudian simplemente por razóns instrumentais. Nun estudio posterior, conclúen Gardner e Lambert (1972) que o nivel académico acadado polo estudante na lingua meta relaciónase coa súa motivación no proceso de aprendizaxe. Matízase ademais neste estudio a súa afirmación acerca da superioridade que supón ter unha motivación integradora, xa que en ambientes onde resulta fundamental o dominio dun segundo idioma, un achegamento de tipo instrumental ó seu estudio pode resultar moi efectivo.

Gardner (1985) salienta o feito de que se debe distinguir entre "orientación" e "motivación", xa que mentres a orientación relaciónase con razóns subxacentes para estudar unha L2, a motivación refírese ó esforzo que fai o estudante para aprendela. A motivación na aprendizaxe dunha lingua inclúe non só a orientación cara a un obxectivo, senón tamén o desexo de aprendela, as actitudes cara á situación e á actividade de aprendizaxe e o esforzo realizado para conseguilo obxectivo proposto. Este novo achegamento ó concepto de motivación e os resultados obtidos neste eido formalizounos Gardner (1985) no que deu en chamar *Modelo socio-educativo*, que salienta a idea de que as linguas diferéncianse doutras materias en que implican a aprendizaxe do comportamento doutro grupo cultural, de tal xeito que as actitudes cara á comunidade da L2 han condicionar, alomenos parcialmente, o éxito na aprendizaxe da lingua.

A pesar de que marcou un fito no estudio da motivación na aprendizaxe de segundas linguas e linguas estranxeiras, a clasificación proposta por Gardner e Lambert (1959) non estivo exenta de críticas. Así, por exemplo Ladousse (1982) atopa inconvenientes en dita clasificación, xa que, por unha banda, establécese que un dos dous tipos de motivación é máis eficaz, pero non se explica cómo reorientalo tipo de motivación no caso de non te-lo máis axeitado. Tampouco convence a esta autora o concepto de motivación integradora, posto que na súa opinión é posible ter éxito no proceso de aprendizaxe dun idioma estranxeiro, por exemplo o inglés, ó tempo que se teñen actitudes negativas cara ó mundo anglosaxón, como revela un estudio realizado a un grupo de estudantes franceses de nivel avanzado. Na súa opinión, a motivación integradora é simplemente unha faceta dunha característica moi xeral do comportamento humano, que é o desexo de interacción social. Ely (1986) sinala que pode que existan outras razóns para a aprendizaxe dunha lingua que non estean relacionadas con ningún dos dous tipos de motivación sinalados por Gardner e Lambert. Do estudio de Burstall (1975) despréndese que se a distinción integrador / instrumental é válida, estará intimamente vencellada a un bo número de factores sociolóxicos, como a idade, sexo, o ambiente cultural, etc. Para Clement, Dörnyei e Noels (1994) o complexo motivacional consta de tres compoñentes: *o integrador*, asociado cunha serie de orientacións, incluída a orientación de coñecemento instrumental, *a seguridade nun mesmo no ámbito lingüístico*, que inflúe na competencia na L2 a través da actitude do estudante cara á aprendizaxe, e *o ambiente na clase*, xa que a cohesión no grupo relaciónase cunha avaliación positiva do ambiente de aprendizaxe.

Os datos obtidos nalgúns estudos, como o de Spolsky (1969), veñen corrobora-la hipótese de que a motivación integradora é a máis importante para ter éxito na aprendizaxe formulada por Gardner e Lambert. Sen embargo, a vantaxe que supón unha motivación integradora na aprendizaxe dunha lingua non está claramente avaliada por datos empíricos, posto que os resultados de estudos levados a cabo en contextos diversos resultaron contradictorios. Deste xeito, Lukmani (1972) descubriu que para unha mostra de rapazas de Bombai non occidentalizadas que estudiaban o inglés como L2, a motivación instrumental era máis importante cá integradora. O grao de motivación instrumental relaciónábase ademais significativamente co grao de competencia en inglés.

Como afirman Larsen-Freeman e Long (1991), certas investigacións levadas a cabo no eido da motivación revelaron que baixo determinadas circunstancias unha motivación instrumental proporcio-

na unha maior garantía de éxito na aprendizaxe ca unha motivación integradora. Os resultados obtidos por Burstall (1975) no seu estudio acerca da aprendizaxe do francés por parte de alumnos da escola primaria en Gran Bretaña confirman só en parte as hipóteses de Gardner e Lambert. Se ben se demostrou que a motivación e os resultados da aprendizaxe estaban intimamente relacionados, a motivación dos alumnos non resultou nin exclusivamente integradora nin totalmente instrumental. Por unha banda, a maior parte dos alumnos manifestaban un forte desexo de contactar con falantes nativos de francés e coincidían en que a posibilidade de comunicarse con eles era o principal motivo que os levaba a aprende-la súa lingua. Pola outra banda, concedían importancia ás maiores oportunidades que lles reportaría o francés no eido do emprego.

Dörnyei (1990) opina que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira dentro dunha aula dificilmente poderá implicar ningún tipo de actitudes cara á comunidade da L2, porque os estudantes ou a penas teñen contacto con falantes nativos da lingua meta ou non o teñen en absoluto. Nese tipo de contextos a motivación instrumental poderá adquirir segundo Dörnyei unha importancia especial, mentres que a motivación integradora estaría determinada máis por unha disposición máis xeral cara á aprendizaxe de linguas e ós valores que representa a L2 que por actitudes de tipo etnocultural cara á comunidade da L2. Gardner e MacIntyre (1991) conclúen que tanto a motivación integradora como a instrumental poden influír na aprendizaxe dunha segunda lingua. A diferenza entrámbalas dúas estriba en que a motivación integradora, ó estar fundamentada en actitudes favorables cara ó outro grupo étnico, outros grupos en xeral e o contexto da aprendizaxe da lingua, posiblemente terá unha influencia continuada na aprendizaxe e no uso da lingua. A motivación instrumental está vencellada a un obxectivo específico e a súa influencia manteríase, xa que logo, ata que se acadase dito obxectivo. Se este é continuo, a motivación instrumental poderá seguir sendo efectiva.

Para explicar esta disparidade de resultados nos distintos estudos aducíronse algunhas causas. Ellis (1994) considera que é a situación social a que produce estas diferencias, xa que determina tanto o tipo de motivación como cal é o tipo de motivación máis importante no proceso de aprendizaxe. Clement e Kruidenier (1983) e Dörnyei (1990), entre outros, apuntan tamén a factores de tipo contextual como unha das causas da discrepancia nos resultados. Sen embargo, non hai acordo con respecto a qué contextos favorecen un determinado tipo de motivación. Así, mentres para Ellis (1994) naqueles contextos nos que a L2 é unha lingua segunda, por oposición a lingua es-

tranxeira, a importancia da motivación instrumental pode resultar decisiva, Dörnyei (1990) e Clement e Kruidenier (1983), pola súa banda, consideran que é nos casos nos que a L2 é unha lingua estranxeira nos que a motivación instrumental poderá adquirir maior relevancia. Para Palacios (1994), a distinción entre motivación instrumental e integradora é válida naqueles casos nos que a lingua meta é estudiada como unha segunda lingua, pero non naqueloutros nos que é unha lingua estranxeira.

Outra causa que se ten sinalado para explica-la diversidade antes mencionada (Clement e Kruidenier, 1983; Oller, Bace e Virgil, 1977; Strong, 1984; Ely, 1986) é a ambigüidade na definición dos conceptos de motivación instrumental e integradora. Deste xeito, alguén que escolla "ter amigos que falen inglés" como unha razón para estudia-lo inglés poderá estar movido por calquera dos dous tipos de motivación. Do mesmo xeito, mentres que para Lukmani (1972) "viaxar fóra" é considerado como un motivo de tipo instrumental, para Burstall (1974), é integrador. Ely (1986) opina que non sempre é doado distinguir entre os dous tipos de motivación e que é posible que unha razón determinada sexa integradora ou instrumental dependendo dos factores sociais e psicolóxicos que interveñan en cada caso. En relación con este último aspecto, son moitos os autores que negan a existencia dunha fronteira nida entre a motivación integradora e a instrumental (Clément, Dörnyei e Noels, 1994; Castro Calvín, 1991; Ellis, 1994). Afírmase que malia algúns intentos de presentar ámbolos dous tipos de motivación como antitéticos, varias investigacións demostraron que poden estar relacionadas dun xeito positivo, e que se poden atraer ou repeler mutuamente, xa que son conceptos non exclusivos e dinámicos.

Os estudos realizados por Gardner e Lambert leváronos a afirmar que se ben unha maior motivación producirá uns mellores resultados na aprendizaxe da lingua, o contrario non ten por que se cumprir necesariamente. Isto é, un maior grao de competencia na lingua non terá como resultado necesariamente unha maior motivación. Estas apreciacións formulounas Gardner na hipótese de causalidade, unha das cinco hipóteses que constitúen o seu modelo socio-educativo. Autores como Mueller (1971) e Lukmani (1972) coinciden con Gardner e Lambert neste punto.

Outros autores, en cambio, defenden a postura de que os resultados obtidos no proceso de aprendizaxe poderán influír na motivación. Así, Hermann (1980), tomando como mostra 750 rapaces alemáns que estudian inglés como lingua estranxeira, conclúe que aqueles alumnos que chegaran a un nivel de competencia medio ou

alto desenvolveran como consecuencia actitudes positivas cara á comunidade da L2 e viran incrementada a súa motivación. Aqueloutros cun nivel inferior á media, pola contra, mostrábanse máis reacios a acepta-la cultura da L2. Isto levou a esta autora a formula-la hipótese resultativa, segundo a cal o proceso de aprendizaxe pode influír na motivación e nas actitudes culturais, máis que ó revés. Strong (1984) atopa evidencia en apoio da hipótese resultativa de Hermann. Nun estudio desenvolvido con 21 nenos castelanfalantes que compartían aula nunha gardería nos Estados Unidos con falantes nativos de inglés, Strong non atopou que a motivación integradora influíse na competencia acadada en inglés. Demostrouse nembargantes que os alumnos cunha maior fluidez en inglés mostraban unha maior motivación integradora, un maior desexo de relacionarse cos seus compañeiros anglofalantes. Estes resultados non veñen invalidar segundo Strong os traballos de Gardner e Lambert. Simplemente indican que a motivación integradora non xoga o mesmo papel na aprendizaxe dunha lingua segunda por parte de nenos que nos adultos. A hipótese de causalidade formulada por Gardner e Lambert recibe as críticas de Bogaards: "Gardner e Lambert levan insistido moito na motivación como causa de bos resultados e non estudaron suficientemente a influencia que eses resultados poden ter na motivación" (1984: 43) [A traducción é miña. "Gardner et Lambert ont trop insisté sur la motivation comme cause de bons resultats et n'ont guère étudié l'influence que ces resultats peuvent avoir sur la motivation" (1984:43)].

Vijchulata e Lee (1985) e Svanes (1987) conclúen en senllos estudos que o nivel de competencia acadado na L2 si parece influír na motivación. Skehan (1989), á vista da diverxencia de resultados nos traballos de Gardner (1985) por unha banda e Burstall (1975), Hermann (1980) e Strong (1984) pola outra, adopta unha actitude conciliadora: "A situación actual é razoablemente compatible coa conclusión non sorprendente de que ámbalas dúas afirmacións son parcialmente verdadeiras- a motivación causa e é causada polo éxito na aprendizaxe" (1991:283). [A traducción é miña. "The current situation is reasonably consistent with the unsurprising conclusion that both claims are partly true- motivation both causes, and is caused by, success" (1991:283)].

3. Método

3.1. Suxeitos

Oitenta estudantes procedentes de fóra de Galicia que participaron nos cursos de galego promovidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística e que, como xa se indicou, representaban a práctica poboación total, actuaron como suxeitos deste estudo. Corenta destes estudantes estaban matriculados no curso de Iniciación, que se corresponde cun nivel básico, e os corenta restantes pertencían ó curso de Perfeccionamento. Para poder acceder a este último curso, tíñase que acreditar a superación do curso inicial.

Con respecto á idade (táboa 1), os suxeitos distribuíronse en dous grupos: (1) entre 18 e 25 anos, e (2) máis de 25 anos. Polo que respecta á procedencia, os informantes distribuíronse en catro grupos: (1) os procedentes doutras comunidades autónomas, (2) os do resto de Europa, (3) de América Latina e (4) Resto do Mundo, ó que pertencen tan só tres informantes, dous árabes e un norteamericano. Finalmente, mentres 27 dos informantes (= 33.75 %) afirman ter ascendentes galegos na familia, os 53 restantes (= 66.25 %) non teñen ningún vencello familiar con Galicia. Para o propósito deste estudo, resaltáronse dous destes criterios de clasificación como variables independentes, o sexo e o nivel do curso. Este último en trazos xerais pódese relacionar co nivel de competencia lingüística en galego.

18 a 25		Máis de 25		TOTAL	
N	%	N	%	N	%
30	37,5	50	62,5	80	100

Táboa 1. Distribución dos suxeitos segundo a idade.

HOMES		MULLERES		TOTAL	
N	%	N	%	N	%
33	41,25	47	58,75	80	100

Táboa 2. Distribución dos suxeitos segundo o sexo.

ESTADO ESPAÑOL		RESTO DE MUNDO		AMÉRICA LATINA		RESTO DO MUNDO		TOTAL	
N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
54	67,5	17	21,25	6	7,5	3	3,75	80	100

Táboa 3. Distribución dos suxeitos segundo a procedencia.

3.2. Instrumento de investigación

Tódolos datos analizados neste estudio recompiláronse por medio dun cuestionario (vid. Apéndice) que consta de 48 items, e que foi deseñado tomando parcialmente como base o cuestionario de Palacios (1993) deseñado para estudar a motivación de estudantes de inglés como lingua estranxeira. Algunhas preguntas, concretamente as que proporcionan información acerca da intensidade da motivación, son unha adaptación de Ely (1986).

A primeira sección do cuestionario (items 1-5) contén preguntas acerca do curso ó que asiste o suxeito, da súa idade, do seu sexo, do lugar de procedencia e da súa ascendencia galega ou non. Os items correspondentes ás seguintes seccións, agás tres preguntas abertas, respóndense mediante a elección dun dos valores dunha escala numérica do 5 (*totalmente de acordo*) ó 1 (*en desacordo absoluto*).

Na segunda sección (items 6-14), que responde a pregunta *¿cales dos seguintes motivos te levaron a facer este curso de galego?*, trátase de establecer que tipo de motivación, instrumental ou integradora, é a preponderante entre os suxeitos. Mentres os items 6, 7, 10 e 12 correspóndense cunha motivación de tipo instrumental, os items 8, 9, 11 e 13 clasificaríanse como razóns de tipo integrador. O item 14 é aberto, coa intención de que o informante poida engadir, se así o desexa, outro(s) motivo(s) que puidera(n) influír na súa decisión de aprender galego.

A terceira parte do cuestionario, que consta de cinco items (15-19), intenta medir a intensidade da motivación do informante. Os items 15, 17 e 19 indican unha intensidade baixa, e, polo tanto, canto maior sexa o grao de acordo coas afirmacións, menor será a intensidade da motivación. Pola contra, os items 16 e 18 correspóndense cunha motivación elevada. Neste caso, canto maior sexa o acordo cos enunciados, maior será, xa que logo, a intensidade da motivación.

Os items 20 a 25 constitúen unha nova sección que pretende averiguar cál debe ser segundo os alumnos o principal obxectivo no

ensino do galego. Mentres os ítems 20 e 22 correspóndense cunha finalidade comunicativa, os ítems 21, 23 e 24 indican un propósito de tipo cultural. Se o suxeito desexa engadir outro obxectivo que considere importante, o ítem 25 ofrécelle a posibilidade de facelo. A parte seguinte do cuestionario (ítems 26-36) pretende obter información sobre as preferencias dos estudantes con respecto ós temas que lles gustaría tratar nas clases de galego: deportes, música, sexo, animais, vida e cultura galegas, viaxes e vacacións, natureza, moda, política, drogas. Admítense tamén suxestións sobre outros temas que o suxeito poida considerar de interese. Nos ítems 37-40 o informante debe expresa-la importancia que concede a cada unha das catro destrezas (expresión oral, expresión escrita, comprensión oral, lectura e comprensión lectora) na aprendizaxe do galego. Na derradeira sección (ítems 41-48) débese valora-la utilidade que se lle concede a unha serie de actividades que se poden realizar nas clases de galego: exercicios de gramática, explicacións gramaticais por parte do profesor, lectura de textos con preguntas de comprensión, tradución, exercicios de vocabulario, actividades en parellas, traballo en grupo. O último ítem (48) é aberto e permite, polo tanto, suxerir calquera outra actividade. O cuestionario péchase coa invitación a que o informante exprese calquera opinión que non quedara recollida ó longo da enquisa.

3.3. Procedementos

En primeiro lugar, procedeuse a administra-lo cuestionario a un grupo reducido de informantes, cinco en concreto, coa finalidade de comprobar se tódolos ítems resultaban facilmente comprensibles. Estes informantes non atoparon ningún problema de comprensión, e, por conseguinte, non houbo que facer ningunha modificación. Posteriormente, distribuíuse o cuestionario entre tódolos informantes, que o cubriron nun tempo medio e aproximado de dez minutos e nun ambiente relaxado. Unha vez que os oitenta suxeitos cubriron o cuestionario, ós datos recollidos, previamente codificados, foron tratados co programa estatístico SPSS. Os factores sexo e nivel utilizáronse como variables independentes e o resto dos ítems (do 6 ó 47) como variables dependentes. O feito de escollermos estas dúas variables independentes débese á intención de comprobar determinadas hipóteses realizadas en estudos precedentes. Os referentes á variable nivel de competencia, que aquí podemos identificar co nivel de curso, xa se trataron na sección 2. En canto ós que tratan da variable sexo mencionáronse na sección 5.1.

4. Resultados

4.1. Tipos de motivación

Como xa se mencionou con anterioridade, a primeira sección do cuestionario consta de 5 items nos que se presentan diferentes motivos para estudar galego. Á vista dos resultados obtidos nesta sección (véxanse táboas 4 e 5), pódese afirmar que os suxeitos deste estudio teñen unha motivación tanto integradora como instrumental no seu estudio do galego, aínda que se observa certo predominio do factor integrador sobre o instrumental. Entre os oito motivos, o que recibe unha puntuación máis alta, cunha media de 4,125, é o número 8, *para me comunicar coa xente galegofalante*, claramente integrador. Máis das tres cuartas partes dos suxeitos, un 78,8 %, están totalmente de acordo (valor 5) ou de acordo (valor 4) con que este foi un motivo que influíu na súa decisión de estudar galego.

A continuación, os motivos que obtiveron unha mellor valoración, cunha media de 4,075 ámbolos dous, son de tipo instrumental e integrador respectivamente: o item 6, que se refire á utilidade que reporta o estudio do galego para o traballo ou a carreira e o item 13, que reflicte un interese pola cultura galega e relaciónase, xa que logo, cunha motivación integradora. Se ben os dous items ós que fixemos referencia obtiveron a mesma media, no 6 esta considérase máis representativa, xa que a desviación típica é menor¹. A cuarta posición está ocupada por un motivo instrumental, o item 12, que fai referencia á contribución que supón o galego para a adquisición dunha formación máis completa. Neste item obtense unha media de 4,063. Os lugares quinto e sexto na valoración dos suxeitos, cuns valores medios respectivos de 4,038 e 3,863, corresponden a motivos que se poden clasificar como integradores, a saber, a posibilidade de entender mellor á xente cunha cultura diferente e a posibilidade de adquirir novas ideas e dese xeito aprender a aceptar e convivir con outras realidades distintas. Os motivos que ocupan o sétimo, e, sobre todo, o oitavo posto na valoración dos suxeitos, ambos instrumentais, reciben unha puntuación sensiblemente máis baixa. Trátase das maiores posibilidades que pode supo-lo coñecemento do galego á hora de conseguir un posto de traballo (item 7), cunha media de 3,045, e a posibilidade de acadar recoñecemento social (item 10), ó que se lle

¹ A desviación típica mide o grao de dispersión dos valores con respecto á media, de tal xeito que, canto máis baixo sexa o índice da desviación, maior representatividade terá dita media.

outorga un valor medio de 2,250, moi inferior ó do resto dos items e a gran distancia do seu inmediato precedente. Máis da metade dos enquisados, concretamente un 56,3 %, está ben en desacordo (valor 2) ben en absoluto desacordo (valor 1) con que o recoñecemento por parte da sociedade influíra neles para emprende-lo estudio do galego. Da análise destes datos despréndese que os estudantes que responderon a esta enquisa están motivados tanto dende un punto de vista instrumental como integrador, se ben se percibe un certo predominio da motivación integradora. Tódolos motivos acadan unha valoración alta ou relativamente alta, agás o item 11, referido ó recoñecemento social.

Nº do Item	Descrición do Item	Media	Desviación típica
8	<i>Para me comunicar coa xente galegofalante</i>	4,125	0,984
13	<i>Porque estou interesado/a na cultura e/ou literatura galega</i>	4,075	1,053
11	<i>Para entender mellor á xente cunha cultura diferente á miña</i>	4,038	1,061
9	<i>Para adquirir vosas ideas e convivir con realidades distintas</i>	3,863	1,109

Táboa 4. *Valoración dos motivos de tipo integrador.*²

Nº do Item	Descrición do Item	Media	Desviación típica
6	<i>Pensei que me podería ser útil no traballo ou para a miña carreira</i>	4,075	0,978
12	<i>Para adquirir unha formación máis completa</i>	4,063	0,946
7	<i>Pensei que tería máis posibilidades de conseguir un posto de traballo</i>	3,425	1,32
10	<i>Para acadar recoñecemento social</i>	2,25	1,142

Táboa 5. *Valoración dos motivos de tipo instrumental.*

² Nesta táboa, así como nas seguintes ata a 12, os items aparecen en orde decrecente con respecto á media.

Outros motivos apuntados polos informantes son os seguintes: "porque a pesar de non ser galego, identifícome totalmente co idioma", "porque a lingua é cultura e a cultura non debe perderse", "por mor das oposicións", "porque vou vivir aquí", "esixencia de realiza-los cursos en dous anos ó aproba-las oposicións de mestres de primaria (inglés)", "para coñece-las miñas raíces".

4.2. Intensidade da motivación

Os datos extraídos das respostas ós items da segunda sección do cuestionario, adaptados de Ely (1986: 29), indican que a intensidade da motivación é bastante alta. Por unha banda, como se pode observar na táboa 6, aqueles items formulados de xeito negativo (15, 17 e 19) e que polo tanto indican unha intensidade máis alta canto máis baixas sexan as puntuacións, correspóndense coas medias máis baixas rexistradas en todo o cuestionario, 1,925, 2,125 e 1,813 respectivamente. Pola outra banda, aqueloutros items formulados positivamente, isto é, nos que os valores altos correspóndense cunha intensidade elevada (items 16 e 18) reciben puntuacións medias próximas ó valor 4, en concreto 3,850 e 3,900 respectivamente (Véxase a táboa 7).

Cómpre destacar que, conforme se desprende das respostas ó item 16, un 61,3 % dos suxeitos enquisados teñen intención de seguir estudiando galego unha vez rematado o curso. Se se comparan os dous niveis, aínda que os alumnos do curso de Iniciación mostran maior disposición, por estaren nun curso que ten continuación noutro, a seguir cos estudos de galego, as diferencias neste sentido son mínimas, en absoluto significativas ($p = 0,3953$). Mentres que a porcentaxe de alumnos de iniciación que manifestan a súa intención de continuar estudiando galego, isto é, que elixiron o valor 4 ou o 5, é do 72,5 %, entre os alumnos de perfeccionamento esta porcentaxe é do 70 %. A media acadada neste item no nivel inicial é 3,950 e no superior de 3,750. Outro dato salientable é que un 80,1 % dos suxeitos expresan o seu desacordo coa idea de que o galego non sexa útil, segundo se extrae das porcentaxes que reciben os valores 1 e 2 no item 19.

Nº do Item	Descrición do Item	Media	Desviación típica
17	<i>A dicir verdade, esfórzome pouco en aprender algo</i>	2,125	1,125
15	<i>Fóra da clase nunca penso sobre o que aprendín nela</i>	1,925	0,982
19	<i>Non creo que aprender galego me vaia ser moi útil</i>	1,813	0,891

Táboa 6. Valoración dos items que implican unha motivación de baixa intensidade.

Nº do Item	Descrición do Item	Media	Desviación típica
18	<i>Quero poder chegar a usa-lo galego nunha grande variedade de situacións</i>	3,9	1,026
16	<i>Gustaríame, cando remate este curso, seguir estudiando galego</i>	3,850	1,045

Táboa 7. Valoración dos items que indican unha motivación dunha intensidade elevada.

4.3. Opinión acerca de cales deben se-los principais obxectivos no estudio do galego

A terceira parte do cuestionario consiste nunha lista de cinco obxectivos que os estudantes deben valorar por medio dunha escala do 1 ó 5. Pódese establecer unha clasificación entre aqueles obxectivos cunha orientación cultural (items 21, 23 e 24) e aquel outros de tipo comunicativo (items 20 e 22). Neste sentido, como se pode observar nas táboas 8 e 9, os estudantes conceden aproximadamente tanta importancia ós uns coma ós outros. O obxectivo ó que se lle outorga unha maior relevancia, cunha media de 4,213 é *a posibilidade de acadar un mellor coñecemento da cultura galega*. A moi pouca distancia, cunha media de 4,138, séguese un obxectivo de carácter comunicativo e oral, *a posibilidade de entender ós falantes nativos de galego*. Obsérvase, xa que logo, un equilibrio entre os obxectivos culturais e maillos comunicativos.

Nº do Item	Descrición do Item	Nº de Suxeitos	Media	Desviación típica
24	<i>A posibilidade de acadar un mellor coñecemento da cultura galega</i>	80	4,213	0,980
21	<i>A adquisición do coñecemento necesario para ler textos en galego</i>	80	3,913	0,874
23	<i>A posibilidade de coñecer as principais obras literarias da cultura galega</i>	80	3,675	0,971

Tabla 8. Valoración dos obxectivos culturais.

Nº do Item	Descrición do Item	Nº de Suxeitos	Media	Desviación típica
20	<i>A posibilidade de entender ós falantes nativos de galego</i>	80	4,138	0,696
22	<i>A capacidade de falar con fluidez acerca de temas cotiáns</i>	80	3,975	1,001

Táboa 9. Valoración dos obxectivos comunicativos.

4.4. Preferencias con respecto ós temas nas clases de galego

A táboa 10 presenta os 11 temas que se suxerían no cuestionario ordenados conforme ás preferencias manifestadas por parte dos alumnos. O tema que ocupa o primeiro lugar nas preferencias dos enquisados, a unha grande distancia do segundo, é o que reza *Vida e cultura galegas*, ó que se lle outorgou un valor medio de 4,613. Suscitan tamén bastante interese os asuntos relacionados coa natureza e coas viaxes e vacacións. Os aspectos que resultan menos atractivos son a moda e a política. Entre os temas propostos polos propios alumnos atópanse os seguintes: "Artes", "o futuro da mocidade", "Flora galega e xeografía galega", "cultura en xeral", "temas da vida cotiá", "Literatura e Poesía galegas" ou "Traballo, relacións sociais e gastronomía".

Nº do Item	Descrición do Item	Nº de Suxeitos	Media	Desviación típica
30	<i>Vida e cultura galegas</i>	80	4,613	0,713
32	<i>Natureza</i>	80	3,988	0,960
31	<i>Viaxes e vacacións</i>	80	3,875	1,024
27	<i>Música</i>	80	3,637	1,022
29	<i>Animais</i>	80	3,337	1,067
35	<i>Drogas</i>	80	3,100	1,126
26	<i>Deportes</i>	80	3,087	1,336
28	<i>Sexo</i>	80	2,975	1,336
34	<i>Política</i>	80	2,800	1,511
33	<i>Moda</i>	80	2,775	1,239

Táboa 10. Valoración dos temas por parte dos suxeitos.

4.5. Valoración das catro destrezas

En conxunto, concédeselle unha grande importancia ás catro destrezas na aprendizaxe do galego, sendo a media máis baixa das catro de 4,388 (táboa 11). Malia a alta valoración acadada polas catro destrezas, pódense establecer diferencias entre unhas e outras. As referidas á lingua oral considéranse máis importantes que aquelas relacionadas coa lingua escrita.

Ningún dos oitenta estudantes que responderon ó inquérito escolleron o valor 1 (moi pouco importante) na resposta a ningún dos items desta sección. A porcentaxe máis alta de suxeitos que optaron polos valores 2 (pouco importante) e 3 (neutro), 10 %, corresponde á expresión escrita, mentres que a porcentaxe de alumnos que escolleron eses valores con respecto á expresión oral foi do 0 %. Tódalas respostas a esa última destreza repártense entre os valores 4 (bastante importante) e 5 (moi importante). Os índices de desviación típica nos items referidos ás catro destrezas atópanse entre os máis baixos dos acadados en todo o cuestionario, o que indica unha maior agrupación das respostas ó redor da media, a cal resulta, polo tanto, máis significativa.

Nº do Item	Descrición do Item	Nº de Suxeitos	Media	Desviación típica
39	<i>Comprensión oral</i>	80	4,775	0,445
37	<i>Expresión oral</i>	80	4,700	0,689
40	<i>Lectura e comprensión lectora</i>	80	4,563	0,539
38	<i>Expresión escrita</i>	80	4,388	0,716

Táboa 11. Valoración das catro destrezas.

4.6. Valoración da utilidade de diversas actividades nas clases de galego

Con respecto ás distintas actividades que se poden levar a cabo nas clases de galego, de entre as propostas no cuestionario, as que se consideran máis útiles, como mostra a táboa 12, son os *exercicios de vocabulario*, *exercicios de gramática* e *explicacións gramaticais por parte do profesor*. As que ocupan as últimas posicións con respecto á utilidade, pola contra, aínda que con valoracións relativamente altas, son as *actividades en parellas* e o *traballo en grupo*. Algúns dos informantes propuxeron actividades que eles consideran de utilidade, como “conversar na clase e que os alumnos poidan expresa-las súas opinións”, “exercicios de composición escrita e expresión oral” e “o ensino do galego tamén a través da música”.

Nº do Item	Descrición do Item	Nº de Suxeitos	Media	Desviación típica
45	<i>Exercicios de vocabulario</i>	80	4,450	0,623
41	<i>Exercicios de gramática</i>	80	4,250	0,836
42	<i>Explicacións gramaticais por parte do profesor</i>	80	4,225	0,743
44	<i>Traducción</i>	80	4,113	1,200
43	<i>Lectura de textos con preguntas de comprensión</i>	80	4,050	1,043
47	<i>Traballo en grupo</i>	80	3,925	1,053
46	<i>Actividades en parellas</i>	80	3,788	1,026

Táboa 12. Valoración das actividades na clase.

5. Análise das variables independentes

5.1. Variable sexo

Nalgúns estudos, como o de Burstall (1974), o de Mc Ewan e Minkle (1979) ou o de Ludwig (1983), afirmase que as mulleres xeralmente mostran unha actitude máis positiva cara á aprendizaxe de linguas estranxeiras cós homes, sendo o grao de motivación integradora daquelas superior ó destes. Neste traballo analizáronse as diferencias nas respostas de mulleres e homes co obxecto de comprobar ata que punto se poden considerar estatisticamente significativas.

Polo que respecta ós motivos que induciron ó estudio do galego, as mulleres acadan unha puntuación lixeiramente máis alta nos motivos que se poden caracterizar como integradores, aínda que as diferencias distan moito de ser significativas. O único item que presenta un resultado significativo no nivel do 0,05³ é o número 6. Como se pode observar na táboa 13, o factor utilidade é máis valorado como motivo para estudar galego polos homes ($\bar{x} = 4,3333$) que polas mulleres ($\bar{x} = 3,8936$). A frecuencia de probabilidade (p) é do 0,0471.

Nº do Item	Descrición do Item	Homes		Mulleres		p Frec. de prob
		N	\bar{X}	N	\bar{X}	
6	<i>Pensei que me podería ser útil no traballo ou para a miña carreira</i>	33	4,3333	47	3,8936	0,0471

($p > .05$; $df = 1$)

Táboa 13. *Diferencias entre homes e mulleres con respecto á valoración do item 6.*

O item seguinte, 7, que se relaciona tamén cun motivo instrumental, acadá, ó igual có anterior, unha valoración máis alta no grupo constituído polos homes, aínda que o resultado non é, por pouco neste caso, significativo no nivel do 0,05 ($p = 0,0584$).

Polo que se refire á intensidade da motivación e á cuestión de cales deben se-los principais obxectivos no ensino de galego non se aprecian tampouco diferencias significativas entre homes e mulleres.

³ Isto indica que hai un 5% de posibilidades de que as diferencias entre os dous grupos sexan produto da casualidade, e polo tanto, non realmente relevantes.

Na sección dos temas que lles gustaría tratar nas clases de galego (véxase táboa 14), hai un, o da moda, no que aparecen diferencias significativas. Mentres os homes concédennlle unha media (\bar{x}) de 2,3939, nas mulleres, este valor ascende ata 3,0426. A frecuencia de probabilidade (p) é neste caso 0,0195.

Nº do Item	Descrición do Item	Homes		Mulleres		p Frec. de prob
		N	\bar{X}	N	\bar{X}	
33	<i>Moda</i>	33	2,3939	47	3,0426	0,0195

($p > 05$; $df = 1$)

Táboa 14. *Diferencias entre homes e mulleres na valoración do item 33.*

As mulleres, como se presenta na táboa 15, outorgan unha valoración máis alta ás catro destrezas, pero é particularmente na comprensión oral e na lectura e comprensión lectora onde as diferencias resultan significativas.

Nº do Item	Descrición do Item	Homes		Mulleres		p Frec. de prob
		N	\bar{X}	N	\bar{X}	
37	<i>Expresión oral</i>	33	4,6364	47	4,7447	0,4331
38	<i>Expresión escrita</i>	33	4,3333	47	4,4255	0,5667
39	<i>Comprensión oral</i>	33	4,6061	47	4,8936	0,0021
40	<i>Lectura e comprensión lectora</i>	33	4,4242	47	4,6596	0,0473

($p > .05$; $df = 1$)

Táboa 15. *Diferencias entre homes e mulleres con respecto á valoración das catro destrezas.*

5.2. Variable nivel do curso

En canto á variable nivel do curso, atópanse aínda menos diferencias entre os alumnos do curso de iniciación e os do curso de perfeccionamento ca entre homes e mulleres. Tan só en tres dos items as diverxencias nos resultados entre os representantes do nivel inicial e do nivel superior pódense considerar significativos no nivel do 0,05 e

non simplemente produto do azar ou da casualidade. Un deles, como se pode comprobar na táboa 16, é o número 7, que ten como enunciado *pensei que tería máis posibilidades de conseguir un posto de traballo*, que indica un motivo que se inscribe no tipo instrumental. Neste caso, os alumnos de iniciación ($\bar{x} = 3,0250$) teñen unha puntuación máis baixa cós de perfeccionamento ($\bar{x} = 3,8250$), sendo a frecuencia de probabilidade do 0,0059. No concenrente ó resto dos items referidos ós tipos de motivación, as diferencias son mínimas.

Nº do Item	Descrición do Item	Homes		Mulleres		P Frec. de prob
		N	\bar{X}	N	\bar{X}	
7	<i>Pensei que tería máis posibilidades de conseguir un posto de traballo</i>	40	3,0250	40	3,8250	0,0059

($p > 0,05$; $df = 1$)

Táboa 16. Diferencias entre alumnos de iniciación e perfeccionamento con respecto á valoración do item 7.

Os outros dous items nos que existen diferencias significativas refírense á intensidade da motivación (táboa 17). Ámbolos dous están formulados de xeito negativo, e, neles, unha puntuación elevada correspóndese, xa que logo, cunha intensidade de motivación baixa. Tanto no item 17, *A dicir verdade, esfórzome pouco en aprender galego*, coma no 19, *Creo que aprender galego non me vai ser moi útil*, a media no grupo de perfeccionamento (1,8750 e 1,6000 respectivamente) é inferior á do grupo de iniciación (2,3750 e 2,0250). Destes datos parece desprenderse que a intensidade da motivación é superior entre os alumnos do curso avanzado que entre os principiantes. A maior grao de competencia parece corresponder, polo tanto, un índice de motivación máis elevado. Non obstante, no resto dos items relacionados coa intensidade da motivación, as medias aritméticas indican que os graos da intensidade da motivación nun e noutro grupo son parellos. As diferencias distan moito de ser significativas, xa que os índices da frecuencia de probabilidade sitúanse entre o 0,8291 e o 0,3953.

Nº do Item	Descrición do Item	Homes		Mulleres		p Frec. de prob
		N	\bar{X}	N	\bar{X}	
17	<i>A dicir verdade, esfórzome pouco en aprender galego</i>	40	2,3750	40	1,8750	0,0188
19	<i>Creo que aprender galego non me vai ser moi útil</i>	40	2,0250	40	1,6000	0,0184

($p > .05$; $df = 1$)

Táboa 17. *Diferencias entre alumnos de iniciación e perfeccionamento respecto á valoración dos items 17 e 19.*

5. Conclusións

Os resultados deste estudo indican que os alumnos que serviron de mostra posúen un grao elevado de motivación no seu estudio do galego. Tomando como referencia a clasificación proposta por Gardner e Lambert, a motivación destes estudantes vidos de fóra de Galicia é tanto de tipo integrador como instrumental, aínda que aquel predomina en certa medida sobre este. Mostran os informantes un grande interese pola cultura e a literatura galegas, e conceden unha importancia máis ou menos equivalente ós obxectivos culturais e comunicativos na súa aprendizaxe de galego. Entre os temas que se poden debater nas clases de galego, dos propostos no cuestionario, é precisamente o da vida e a cultura galegas o que resulta máis atractivo.

As catro destrezas son consideradas moi importantes na aprendizaxe do galego, aínda que se aprecia unha certa preferencia polas relacionadas coa lingua oral. Sen embargo, á hora de valoralas actividades que se poden desenvolver na clase de galego, opinan que exercicios de vocabulario, exercicios de gramática e explicacións gramaticais por parte do profesor son de bastante máis utilidade cás actividades en parellas ou o traballo en grupo, cando estas últimas parecen favorecer en maior medida a comunicación oral.

Non se atoparon en termos xerais diferencias en ningunha das dúas variables analizadas, sexo e nivel do curso. Con respecto á primeira, tan só catro items presentan resultados significativos no nivel do 0,05. Un deles indica que un motivo de tipo instrumental, a utilidade que supón o galego no traballo ou na carreira, é máis valorado

polos homes que polas mulleres. Outro dos items nos que as diferencias resultaron significativas é o da moda, que é considerado como un tema máis interesante polas mulleres. Finalmente, tamén as mulleres conceden maior importancia ás catro destrezas da aprendizaxe, pero son dúas nas que os resultados son significativos: comprensión oral e lectura e comprensión lectora.

Polo que respecta á variable do nivel, son tres os items nos que as diferencias entre alumnos de iniciación e perfeccionamento son significativas. Un refírese a un motivo de tipo instrumental e é máis valorado polos alumnos dun nivel máis avanzado. Os outros dous relaciónanse coa intensidade da motivación, e parecen indicar que canto maior é o nivel de competencia na lingua, maior tamén é a intensidade da motivación na aprendizaxe.

6. Referencias bibliográficas

- Bogaards, P. 1984. "Attitudes et motivation". *Français dans le monde* 185: 38-44.
- Burstable, C. 1975. "Factors affecting foreign-language learning: a consideration of some recent research findings". *Language Learning* 8.1: 5-25.
- Clément, R., Z. Dörnyei e K. A. Noels. 1994. "Motivation, Self-Confidence, and Group Cohesion in the Foreign Language Classroom". *Language Learning* 44.3: 417-448.
- Crookes, G. e R. Schmidt. 1991. "Motivation: Reopening of the Research Agenda". *Language Learning* 41.4: 469-512.
- Dörnyei, Z. 1990. "Conceptualizing Motivation in Foreign Language Learning". *Language Learning* 40.1: 45-78.
- Ellis, R. 1994. *The Study of Second Language Acquisition*. Oxford: Oxford University Press.
- Ely, C. M. 1986. "Language Learning Motivation: A Descriptive and Causal Analysis". *The Modern Language Journal* 70: 28-35.
- Gardner, R. 1985. *Social psychology and language learning: The role of attitudes and motivation*. Londres: Edward Arnold.
- 1988. "The Socio-Educational Model of Second-Language Learning: Assumptions, Findings, and Issues". *Language Learning* 38.1: 101-126.
- Gardner, R. C. e W. E. Lambert. 1959. "Motivational Variables in Second Language Acquisition". *Canadian Journal of Psychology* 13: 266-273.

- 1972. *Attitudes and Motivation in Second Language Learning*. Rowley: Newbury House Publishers.
- Gardner, R. C. e P. D. MacIntyre. 1991. "An Instrumental Motivation in Language Study. Who Says It Isn't Effective?". *Studies in Second Language Acquisition* 13: 57-72.
- Ladousse, G. P. 1982. "From Needs to Wants: Motivation and the Language Learner". *System* 10.1: 29-37.
- Larsen-Freeman, D. E. e M. H. Long. 1991. *An Introduction to Second Language Acquisition Research*. Nova York: Longman. (traducción ó castelán: *Introducción al estudio de la adquisición de lenguas segundas*. Madrid: Gredos)
- Ludwig, J. 1983. "Attitudes and Expectations: A Profile of Female and Male Students of College French, German, and Spanish". *Modern Language Journal* 67.3: 216-227.
- Lukmani, Y. 1972. "Motivation to Learn and Language Proficiency". *Language Learning* 22.2: 261-273.
- McEwan, A. e R. Minkle. 1979. "Why Am I Studying Spanish? An Evaluation of Student Response". *Hispania* 62: 89-97.
- Mueller, R. H. 1971. "Student Attitudes in the Basic French Courses at the University of Kentucky". *The Modern Language Journal* 55.5: 290-298.
- Nida, E. A. 1956. "Motivation in Second Language Learning". *Language Learning* 7.3-4: 11-15.
- Palacios, I. M. 1993. *An Analysis and Appraisal of the Situation of EFL Teaching in Spain in Secondary and Tertiary Institutions from the Perspectives of Teachers and Learners*. Tese de Doutorado. Universidade de Santiago de Compostela.
- 1994. *La enseñanza del inglés en España a debate*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Spolsky, B. 1969. "Attitudinal Aspects of Second Language Learning". *Language Learning* 29.3-4: 271-283.
- Strong, M. 1984. "Integrative Motivation: Cause or Result of Successful Second Language Acquisition?". *Language Learning* 34.3: 1-14.
- Svanes, B. 1987. "Attitudes and 'cultural distance' in second language acquisition". *Language Learning* 37: 341-359.
- Vijchulata, B. e G. S. Lee. 1985. "A Survey of Students' Motivation for Learning English". *RELC Journal* 16.1: 68-8

Apéndice: Cuestionario

ENQUISA PARA ALUMNOS DOS CURSOS DE GALEGO

Estamos interesados en saber cales son as túas motivacións, intereses, e expectativas a respecto do teu estudio de galego nos cursos organizados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Agradeceríamos moito que contestases ás seguintes preguntas coa maior sinceridade posible.

Traza un X na casilla correspondente.

- 1.- Curso: Iniciación Perfeccionamento
- 2.- Idade: 18-25 máis de 25
- 3.- Sexo: Masculino Feminino
- 4.- Lugar de procedencia: Estado Español lingua nai: _____
(especifica lingua nai) Resto de Europa lingua nai: _____
América Latina lingua nai: _____
Resto do mundo lingua nai: _____
- 5.- ¿Tes orixes galegas na túa familia? SI NON

Para as preguntas seguintes, **RODEA** cun circo o número da columna que mellor exprese a túa opinión:

5. TOTALMENTE DE ACORDO
4. DE ACORDO
3. NEUTRO
2. EN DESACORDO
1. EN DESACORDO ABSOLUTO

¿Cales dos seguintes motivos te levaron a facer este curso de galego?:

6.- Pensei que me podería ser útil no traballo ou para a miña carreira	5	4	3	2	1
7.- Pensei que tería máis posibilidades de conseguir un posto de traballo	5	4	3	2	1
8.- Para me comunicar coa xente galegofalante	5	4	3	2	1
9.- Para adquirir novas ideas e convivir con realidades distintas	5	4	3	2	1
10.- Para acadar recoñecemento social	5	4	3	2	1

11.- Para entender mellor á xente cunha cultura diferente á miña	5	4	3	2	1
12.- Para adquirir unha formación máis completa	5	4	3	2	1
13.- Porque estou interesado/a na cultura e/ou literatura galega	5	4	3	2	1
14.- Outro.....					

Exprasa o teu grado de acordo coas seguintes afirmacións:

15.- Fóra da clase case nunca penso sobre o que aprendín nela	5	4	3	2	1
16.- Gustaríame, cando remate este curso, seguir estudiando galego	5	4	3	2	1
17.- A dicir verdade, esfórzome pouco en aprender galego	5	4	3	2	1
18.- Quero chegar a poder usa-lo galego nunha grande variedade de situacións	5	4	3	2	1
19.- Creo que aprender galego non me vai ser moi útil	5	4	3	2	1

¿Cal cres que debe se-lo principal obxectivo no ensino do galego?

20.- A posibilidade de entender ós falantes nativos de galego	5	4	3	2	1
21.- A adquisición do coñecemento necesario para ler textos en galego	5	4	3	2	1
22.- A capacidade de falar con fluidez acerca de temas cotiáns	5	4	3	2	1
23.- A posibilidade de coñece-las principais obras literarias da cultura galega	5	4	3	2	1
24.- A posibilidade de acadar un mellor coñecemento da cultura galega	5	4	3	2	1
25.- Outro.....					

¿Que temas che gustaría tratar nas clases de galego? (Podes engadir outros se o desexas)

	Moito	Bastante	Non moito	Pouco	Moi pouco
26.- Deportes	5	4	3	2	1
27.- Música	5	4	3	2	1
28.- Sexo	5	4	3	2	1
29.- Animais	5	4	3	2	1
30.- Vida e cultura galegas	5	4	3	2	1
31.- Viaxes e vacacións	5	4	3	2	1

32.- Natureza	5	4	3	2	1
33.- Moda	5	4	3	2	1
34.- Política	5	4	3	2	1
35.- Drogas	5	4	3	2	1
36.- Outro.....					

¿Que importancia concedes ás seguintes destrezas na aprendizaxe do galego?

	Moito	Bastante	Non moito	Pouco	Moi pouco
37.- Expresión oral	5	4	3	2	1
38.- Expresión escrita	5	4	3	2	1
39.- Comprensión oral					
40.- Lectura e comprensión lectora	5	4	3	2	1

¿Que grao de utilidade che parece que teñen as actividades seguintes na clase de galego? (Podes engadir outras se o desexas)

	Moito	Bastante	Non moito	Pouco	Moi pouco
41.- Exercicios de gramática	5	4	3	2	1
42.- Explicacións gramaticais por parte do profesor	5	4	3	2	1
43.- Lectura de textos con preguntas de comprensión	5	4	3	2	1
44.- Tradución	5	4	3	2	1
45.- Exercicios de vocabulario	5	4	3	2	1
46.- Actividades en parellas	5	4	3	2	1
47.- Traballo en grupo	5	4	3	2	1
48.- Outras.....					

MOITAS GRACIAS POR CUBRIR ESTA ENQUISA. SE HAI ALGO MÁIS QUE CHE GUSTARÍA ENGADIR E QUE NON SE MENCIONARA NAS PREGUNTAS ANTERIORES, FAINO, POR FAVOR, NO ESPACIO QUE SEGUE. AS TÚAS OPINIÓNS E SUXESTIÓNS SON SEMPRE VALIOSAS.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



AS REALIZACIÓNS DE /e/ NO CASTELÁN DA CORUÑA

SANDRA FAGINAS SOUTO
Universidade da Coruña

1. *Introducción*

A pesar do pulo extraordinario que coñeceron os estudos de fonética acústica do español na última década aínda na actualidade a carencia deste tipo de traballos é case absoluta no que se refire á fala espontánea. Existen, certamente, investigacións nas que se analizan acusticamente diversos sons pero sempre a través dun corpus lingüístico realizado *ad hoc* polo propio fonetista. Estes estudos, se ben permiten analizar os datos de xeito fiable gracias ás excelentes condicións técnicas nas que son elaborados, non ofrecen, polo contrario, resultados representativos da fala "real" dos informantes.

A análise acústica da fala espontánea, xa de por si interesante, resulta selo se cabe aínda máis nunha comunidade bilingüe como a nosa na que agroman determinados fenómenos fonéticos, produto dese contacto lingüístico. Así, no caso da lingua española falada en Galicia, parece existir a nivel fonético, e máis en concreto nas vocais medias tónicas, certa influencia do timbre aberto e pechado das correspondentes vocais galegas [ɛ], [ɔ], [e], [o]. Esta interferencia¹ fonética, aínda que non ten sido estudiaada con rigor, está descrita en numerosos traballos de maneira intuitiva tal e como aparece xa expresado en Cotarelo (1927: 87):

INTERMEDIAS.- El gallego marca mucho en estas vocales la calidad de abiertas o cerradas, hasta el punto de que fonemas escritos exactamente lo mismo varían de significado, según la manera de pro-

¹ Por interferencia entendemos, nun sentido amplo, (seguimos a Álvarez Caccamo 1983:87) todo fenómeno de modificación da estrutura -xa sexa a nivel fonético, morfolóxico, sintáctico ou léxico-semántico- dun segmento de discurso ou construción dunha lingua por influencia dunha segunda.

nunciar la tónica (...). Por esta causa, hablando castellano también distinguen los gallegos las e y o abiertas y cerradas, y a veces en forma contraria a la de Castilla.

A carencia absoluta de investigacións científicas sobre este fenómeno, unida á ausencia, tamén, de traballos de análise acústica sobre fala espontánea, provocou que iniciásemos un estudio no que se combinasen ámbolos dous aspectos, co fin de observar e cuantificar a actuación desta interferencia fonética e coa intención ademais de suplir minimamente a falta de análises acústicas sobre este tipo de fala. Este traballo, resultado destas observacións, está deseñado de acordo co *obxectivo* principal de dar coñecemento das características acústicas -en concreto, a frecuencia do primeiro e segundo formantedas realizacións tónicas do fonema /e/ en sílaba inicial do español da Coruña.

Os motivos da elección das realizacións tónicas veñen dados pola propia natureza da posible interferencia fonética, posto que é neste caso onde o sistema vocálico galego presenta unha distinción de timbre aberto / pechado nas vocais medias anteriores: /e/-/e/. Pola contra, o feito de ter escollido a sílaba inicial da palabra non responde máis que á necesidade de acoutar o ámbito da investigación, xa que o ideal sería observar este fenómeno fonético en tódolos contextos silábicos posibles. Con todo, temos que sinalar que, en ocasións, vímonos na necesidade de recorrer á análise desta vocal media en palabras monosílabas, de xeito que o cualificativo "inicial" non é totalmente correcto.

A selección da comunidade de fala da Coruña débese inicialmente ó feito de ter á nosa disposición todo o material de traballo correspondente ó proxecto de investigación "Formación de un corpus de lingua hablada en la ciudad de La Coruña"², que está sendo elaborado por membros do Departamento de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura da Universidade da Coruña, baixo a dirección do profesor Mauro Andrés Fernández Rodríguez. Ademais da exis-

² O Proxecto deste Corpus -aínda sen finalizar- está dividido en dúas partes. A primeira consiste en realizar entrevistas sociolingüísticas sobre unha base de mostra estratificada segundo os parámetros de clase socio-económico-cultural, idade e sexo, dun mínimo de 120 persoas, cun obxectivo de polo menos unha hora de gravación por falante. Estas entrevistas (ata a actualidade lévanse realizadas algo máis de 150) están concibidas como conversacións semidirixidas, de acordo co sistema de módulos temáticos que William Labov empregou en Filadelfia. A segunda parte (aínda sen elaborar) consiste en delimitar e describir dous estratos sociais ben diferenciados segundo o nivel socio-económico dos seus membros, e inserir en cada un un observador participante.

tencia deste corpus, considerouse que a investigación da interferencia fonética nunha cidade como A Coruña sería realmente interesante xa que aquí a presenza do galego é moito máis reducida sobre todo naqueles falantes de menor idade e nos dunha situación social máis elevada (véx. os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, en Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995: 73-75).

Unha vez explorados tódolos aspectos relacionados co motivo da investigación pasamos á formulación das hipóteses de traballo. En primeiro lugar, postulámo-la influencia do timbre aberto das realizacións tónicas do /e/ galego sobre as realizacións -tamén tónicas- do /e/ do español da Coruña (en posición inicial de sílaba). En segundo lugar, a abertura da vocal media anterior tónica do español da Coruña sería máis significativa naqueles informantes nos que a presenza do galego foi maior, isto é, e de acordo con datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (véx. Seminario de sociolingüística da RAG; 1995: 73-78), os informantes vellos de clase social baixa. Finalmente, e relacionada coa hipótese anterior, postulamos tamén a aparición dun esquema de diferenciación entre as realizacións abertas e pechadas no español da Coruña, de acordo co timbre das correspondentes galegas (/ɛ/-/e/), naqueles falantes nos que a presenza do galego foi maior (vellos de clase baixa).

2. Metodoloxía

O estudio destas hipóteses foi desenvolvido de acordo coa metodoloxía experimental, segundo a cal, e trala presentación daquelas, foi necesario crear un corpus lingüístico que cumprise os requisitos fundamentais para elaboralos que se ían constituír despois como datos. Posteriormente houbo que escolma-los informantes, para o cal tivemos en conta as variables sociais da idade (ata 25 e máis de 55 anos) e a clase (alta e baixa). Decidimos escoller un total de oito falantes masculinos (dous de clase baixa novos, dous de clase alta novos, dous de clase baixa vellos e dous de clase alta vellos) -ante a dificultade da lectura dos espectrogramas das mulleres, que responde a cuestións de carácter fisiolóxico- co obxectivo inicial de recoller, polo menos, 45' de gravación para cada un deles, o que facía un total de 6 horas.

Como se desprende das nosas hipóteses necesitabamos en primeiro lugar traballar cun corpus de palabras nas que aparecese a vocal media /e/ en posición tónica. En segundo lugar, consideramos que para o estudio da interferencia fonética resultaría máis interesante a

selección daqueles termos cunha vocal media anterior que en galego común³ tivese timbre aberto e en español estándar timbre pechado⁴, e outros de novo coa vocal media /e/ tónica en sílaba inicial pero con timbre pechado tanto en galego común como en español estándar, pois deste xeito poderíamos definir sen problemas a dirección da interferencia, de aparecer, e cuantificar tamén así o seu grao de actuación. A seguir, presentámo-lo conxunto de palabras que compoñen estes *corpora*:

1) Palabras con *e* con timbre aberto en galego común e pechado en español estándar:

Bélico(s), bien, cien, diez, época(s), genio(s), jefe(s), médico(s), mérito(s), metro(s), pero, quien, serie(s), serio(s), siempre, tema(s), tenis, tiene, viene.

2) Palabras con *e* con timbre pechado tanto en galego común como en español estándar:

Negro(s), negra(s), mes /meses, pelo(s), peso(s), teta(s), vez/ veces.

Con tódalas gravacións xa seleccionadas e trala configuración do corpus procedeuse á análise acústica das vocais medias anteriores do español da Coruña. Fixéronse espectrogramas de banda ancha de todas estas vocais utilizando o espectrógrafo de son Computer Speech Lab modelo 4300 de Kay Elemetrics do Laboratorio de Fonética da Universidade da Coruña. Para avalia-lo grao de abertura da vocal media anterior considerouse, tal e como subliña Martínez Celdrán (1983: 289), a resta entre as frecuencias do F2 e o F1⁵, se ben en moitas ocasións prestouse especial atención ás frecuencias do F1 e o F2 por separado. En tódolos casos determinouse realiza-la medición no punto medio da dirección do formante, xa fose horizontal ou diagonal.

Unha vez que obtivémo-los resultados da análise acústica, os

³ Consideramos que en galego non se pode falar dun estándar oral, por iso empregamos o cualificativo "común".

⁴ Seguimos a descrición de Navarro Tomás (1974:53,57-59), segundo a cal existe diferenciación de timbre nas vocais españolas de acordo co contexto fonético no que aparecen.

⁵ Segundo Martínez Celdrán (1983:289) á menor diferenciación na resta dos valores formánticos nas vocais anteriores correspóndelle unha maior abertura vocálica (lémbrese que o descenso da frecuencia do F2 é indicativo dunha pronuncia máis centralizada, que indirectamente é percibida como máis aberta).

cales foron introducidos nunha base de datos, procedeuse ó transvase de toda esta información a un paquete estatístico de software, en concreto, o SPSS+. Facendo uso deste programa leváronse a cabo as seguintes operacións para tódalas vocais: calculáronse as medias totais do F1 e o F2 e mediante o método de Análise de Varianza analizouse a relación entre as variables independentes (Clase social e idade) e as dependentes (F1, F2, F2-F1). Esta análise proporciona ademais -entre outros moitos factores- un parámetro, o estatístico F, que permite determina-la significatividade da proba realizada.

3. Análise acústica

3.1. Vocal /e/ con timbre pechado en español estándar correspondente a /e/ en galego común.

Vocal /e/ (/e/ + /je/):

Na táboa 1.1. expóñense os valores medios do F1 e o F2 da vocal /e/ na que se inclúen as realizacións con e sen ditongo. Conxuntamente preséntanse a desviación estándar das medicións así como o valor máximo e mínimo de cada un dos formantes sinalados.

FORMANTE (Hz)	MEDIA	DESVIACIÓN ESTÁNDAR	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	NUMERO DE MEDICIÓNS
F1	528	43	397	725	680
F2	1776	195	1227	2368	646

Táboa 1.1. Parámetros estatísticos de /e/ (/e/ + /je/).

Nas táboas 1.2., 1.3. aparecen desglosados de forma independente os datos medios das realizacións de /e/, sen ditongo e con el, e preséntanse os mesmos cálculos estatísticos que na táboa anterior.

Vocal /e/:

FORMANTE (Hz)	MEDIA	DESVIACIÓN ESTÁNDAR	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	NUMERO DE MEDICIÓN
F1	527	36	414	639	366
F2	1675	174	1296	2126	344

Táboa 1.2. *Parámetros estatísticos de /e/.*

Vocal /e/ (/je/):

FORMANTE (Hz)	MEDIA	DESVIACIÓN ESTÁNDAR	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	NUMERO DE MEDICIÓN
F1	529	49	397	725	314
F2	1892	150	1227	2368	302

Táboa 1.3. *Parámetros estatísticos de /e/ (/je/).*

O primeiro que chama a atención nestas tres táboas é o alto valor do F1 do /e/, xa sexa formando ditongo ou non nos falantes seleccionados en relación cos valores que proporcionan Álvarez González (1980: 146) ou Martínez Celdrán (1983: 294) (táboa 1.4) para esta mesma vocal tónica no español estándar en falantes masculinos.

/e/ TÓNICO		
	Martínez Celdrán	Álvarez González
F1	471	401 - 512
F2	1921	1604 - 1782

Táboa 1.4. *F1 e F2 de /e/ tónico no español estándar.*

Nos valores frecuenciais do F2, polo contrario, obsérvase unha maior variabilidade nas tres táboas. Na primeira delas, a media total do segundo formante adecúase perfectamente ós valores sinalados por Álvarez González para o /e/ do español estándar, aínda que estaría por debaixo dos que presenta Martínez Celdrán. Sen embargo, se se estudia a resta entre os valores do F2 e o F1 destes resultados ofrecidos por estes autores e os nosos datos xerais para o /e/, é evidente que nos informantes seleccionados a distancia entre os dous formantes redúcese, percibíndose, polo tanto, como unha vocal máis aberta que no español estándar.

Esta menor diferenza entre ámbolos dous formantes aparece especialmente reflectida nos resultados das realizacións do /e/ cando non forma ditongo (táboa 1.2.), mentres que cando a vocal media anterior vai precedida da semiconsoante ([je]) os altos valores do F2 provocan unha maior distancia entre os dous formantes (táboa 1.3.). A presenza do [j] inflúe, por conseguinte, e tal e como sospeitábamos, na articulación do e que resulta ser máis anterior (e, indirectamente, máis pechado). Este aspecto reflíctese na medición acústica na alta frecuencia do F2 (máis próximo ó da vocal /i/), que se eleva de xeito considerable (máis de 200 Hz), en relación cos valores deste formante na vocal media anterior cando non forma ditongo. Pódese inferir -segundo o aquí referido- que, o contorno fonético subliñado é determinante na medición do /e/, polo que haberá que telo en conta na interpretación doutros resultados que ofrezamos ó longo desta investigación.

Malia estas observacións, cómpre salientar que, de acordo cos valores formánticos indicados na táboa 1.3., mesmo no caso de /je/, no que esperaríamos unhas realizacións máis pechadas, atopámonos cunha realización media máis aberta que as realizacións abertas de /e/ no español estándar, en contextos nos que non vai precedido de semiconsoante. Polo tanto, pódese afirmar que efectivamente no español falado na Coruña a vocal media anterior pronúnciase cun maior grao de abertura ca no español naqueles casos en que hai unha diferenza de timbre entre as dúas linguas (pechado en español estándar e aberto en galego común). Esta abertura do /e/ está estreitamente conectada, ó noso entender, coa existencia dunha vocal anterior media aberta galega, á que González e Regueira (1994:173) lle asignan, en contexto entre consonantes bilabiais, os valores formánticos que ilustramos na seguinte táboa⁶:

⁶ A falta de investigacións de fonética acústica para o galego obrigounos a tomar como referencia comparativa dos nosos resultados os ofrecidos por González e

	/ɛ/	/e/
F1	555	417
F2	1768	1898

Táboa 1.5. F1 e F2 de /ɛ/, /e/ tónicos galegos.

De acordo coa frecuencia dos formantes sinalada para o /e/ galego na táboa 1.5, advírtese que, en comparación cos valores das táboas 1.1., 1.2, 1.3. (segundo a resta do F2 e o F1) a abertura é algo menor na vocal media anterior do español da Coruña (/e/ + /je/), se ben no caso do /e/ cando non forma ditongo, os resultados indican unha realización máis aberta que o /e/ galego. Esta pouca diferenza entre as pronunciacións dos falantes escolmados e a sinalada para a vocal medio-aberta galega nos resultados de González e Regueira deben ser interpretadas con suma cautela, posto que cómpre non esquecer que no noso estudio analizamos fala espontánea na que teñen cabida multiplicidade de fenómenos fonéticos que, case con toda seguridade, poden ter incidido nas medicións, tal e como expoñeremos máis adiante.

Aínda que estes resultados coinciden co postulado na nosa hipótese de traballo, a distancia aparecida entre os valores mínimos e máximos dos dous formantes que presentamos na táboa 1.1. motivou que fixemos unha maior exploración dos datos co fin de analizar, ata que punto esta maior abertura da vocal media anterior do español da Coruña podía ser debida á interferencia do galego e non a outros factores. Deste xeito, determinamos somete-los nosos datos á técnica estatística de análise de varianza, e observar así, se realmente se cumprían tamén as nosas subhipóteses que relacionaban a maior ou menor abertura da vocal media /e/ do español da Coruña coas variables

Regueira (1994) no único estudio rigoroso publicado sobre a análise acústica do vocabulario nesta lingua (galego común). Esta investigación foi realizada en laboratorio cun total de dez informantes de ámbolos dous sexos. O feito de non ter separado, nos seus resultados xerais, os falantes femininos e os masculinos, ocasionou que non puidesemos manter as medias do F1 e do F2 das vocais galegas como referentes para o noso estudio. Por este motivo, determinamos seleccionar os valores formánticos que se presentaban nese traballo só para os informantes masculinos (un total de sete), e establecer un novo datos, coa finalidade de estreitar a comparación das frecuencias formánticas en ámbalas dúas investigacións.

independentes da clase social e a idade (segundo a maior ou menor presenza do galego).

3.1.1. Clase social

Vocal /e/ (/e/ + /je/):

Na táboa 1.6 preséntase os valores do F1 e o F2 da vocal media anterior, formando ou non ditongo e adxúntase a diferenza entre os dous formantes.

CLASE SOCIAL	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
ALTA	524	1819	1295
BAIXA	532	1731	1199

Táboa 1.6. F1 e F2 de /e/ (/e/ + /je/) segundo a clase social.

Segundo pode observarse, existe unha diferenza -significativa estatisticamente ($F = 37,212$; $GL = 1$; $P = < 0,001$)⁷ - na realización do /e/ (/e/ + /je/) nos falantes de clase baixa e clase alta, tal e como indica a resta entre os dous formantes, así como as frecuencias do F1 e o F2, en relación con esta variable independente. Esta diferenza na pronuncia tradúcese nunha maior abertura nos informantes de clase baixa, que ademais de presentar un F1 cunha frecuencia un pouco máis elevada (8 Hz), ofrecen un segundo formante cun valor frecuencial case 100Hz por debaixo dos informantes de clase alta, feito que leva a recoñece-la realización daqueles como máis centralizada, e indirectamente máis aberta.

⁷ Os resultados obtidos da ANOVA veñen indicados polo valor do estatístico F, os Graos de Liberdade (GL) e a Probabilidade (P). O valor desta última acostuma ser tomado como referencia nas investigacións das denominadas "ciencias sociais" cando non supera o 5% (0,05).

Vocal /e/:

CLASE SOCIAL	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
ALTA	529	1713	1184
BAIXA	525	1636	1111

Táboa 1.7. F1 e F2 de /e/ segundo clase social.

Nesta vocal atopamos de novo variacións importantes na súa pronuncia entre os informantes de ámbalas dúas clases sociais. Así, se atendemos á resta das frecuencias dos formantes, confírmase, segundo o tratamento estatístico ó que foron sometidos os resultados en relación con esta variable independente ($F = 16,398$; $GL = 1$; $P = < 0,001$), unha diferenza relevante na realización desta vocal media anterior nos dous grupos de falantes, sendo os de clase social baixa os que presentan un maior grao de abertura (73 Hz), que como no caso anterior (/e/+/je/) está estreitamente vencellada co descenso frecuencial do F2 nestes mesmos informantes.

Vocal /e/ (/je/):

CLASE SOCIAL	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
ALTA	519	1939	1420
BAIXA	540	1840	1300

Táboa 1.8. F1 e F2 de /e/ (/je/) segundo clase social.

Na análise do /e/ na secuencia /je/ confírmase a tendencia que vimos explicando en relación coa súa pronuncia segundo a procedencia social dos falantes escolmados, posto que, unha vez máis, os resultados indican a existencia dunha realización da vocal media anterior cun timbre máis aberto nos informantes de clase baixa, de acordo coa resta do F2-F1 ($F = 39,367$; $GL = 1$; $P = < 0,001$). Se ben no caso do /e/ (sen formar ditongo) encontrabamos unha "distancia" entre a frecuencia de ámbolos dous formantes que non acadaba os 80

Hz, nos valores presentados na táboa 1.8 subliñábase unha maior diferenciación entre as clases, de acordo coa comparación dos resultados obtidos da resta do F2-F1 (120 Hz)⁸. Esta apreciable diferenciación na pronuncia dos falantes conséntase analogamente no estudio estatístico do F1 (F= 15,318; GL=1; P= < 0,001) e do F2 (F= 24,526; GL =1; P= < 0,001) que chega a superar os 20 Hz no primeiro formante, e acada os 100 Hz no segundo.

Respecto ó manifestado no parágrafo anterior, cremos que, aínda que a influencia da nasalidade pode ter incidido con máis intensidade na realización dalgún /e/ nas palabras (“bien”, “tiene”, “siempre”) a maior elevación do primeiro formante da vocal anterior no ditongo /je/ (que implica unha maior abertura na pronuncia) nos falantes de clase baixa, non parece deberse a unha cuestión da actuación do contorno fonético, senón que, ó noso entender, está relacionada con factores que, dun modo xeral, se vencellan coa maior ou menor “expresividade” dos falantes, fenómeno que adoita aparecer con máis frecuencia nos informantes novos, especialmente nos da clase baixa. Este aspecto fonético parece constatarase nos datos que presentamos a continuación.

3.1.2. Idade

Vocal /e/ (/e/ + /je/):

IDADE	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
NOVOS	535	1799	1264
VELLOS	522	1759	1237

Táboa 1.9. F1 e F2 de /e/ (/e/ + /je/) segundo idade.

Pódese apreciar, segundo os datos arriba sinalados, que se considerámo-lo F2-F1, a diferenciación entre os dous grupos de idade na realización desta vocal é pouco relevante pois a penas acada os 27 Hz (táboa 1.10) (F= 18, 764; GL= 1; P= < 0,001). Sen embargo, o valor frecuencial deste F1 podería estar conectado coa existencia de fenómenos fonéticos característicos da fala espontánea que, dalgún

⁸ Este valor corresponde á comparación entre as diferencias dos F2 e F1 en ámbalas dúas clases sociais.

xeito, poderían incidir nos nosos resultados ó non seren controlados previamente ó estudio. Estas observacións parecen confirmarse trala análise da vocal [e] (sen formar ditongo) en relación con esta variable independente da idade.

Vocal /e/:

Nos resultados para o /e/ sen constituír ditongo (táboa 1.10), nos que a resta do F2 e o F1 non resultou significativa estatisticamente, a diferenza entre os valores formánticos dos falantes vellos e novos non supera os 2 Hz. Pola contra, cómpre subliñar -se atendemos á frecuencia do F1- a curiosa elevación deste formante nos informantes de menor idade (22 Hz) en comparación cos vellos. Esta significatividade do F1 no estudio da variable independente da idade ($F = 32, 386$; $GL = 1$; $P = < 0,001$) parece ir encamiñada na mesma dirección que no caso do /e/ (/e/+/je/), posto que, unha vez máis, son estes falantes novos os que presentan unha frecuencia do primeiro formante algo superior.

IDADE	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
NOVOS	538	1688	1150
VELLOS	516	1664	1148

Táboa 1.10. F1 e F2 do /e/ segundo idade.

Vocal /e/ (/je/):

Na vocal /e/ formando ditongo /je/ confírmase unha pronuncia máis aberta nos falantes vellos, (táboa 1.11) cunha diferenza de case 100 Hz entre as restas das frecuencias do F2 e o F1 nestes informantes e os de menor idade ($F = 35, 951$; $GL = 1$; $P = < 0,001$). Diferencia orixinada, neste caso, pola tamén significativa "distancia" entre os valores formánticos do F2 en ámbolos dous grupos ($F = 43, 464$; $GL = 1$; $P = < 0,001$), o que leva a interpreta-la realización desta vocal como bastante máis posterior e indirectamente máis aberta, nos falantes vellos. Malia non constatarse unha variación importante nas frecuencias do F1 en relación con esta variable independente, hai que destacar que tampouco atopamos na análise das medicións desta vocal

unha elevación do primeiro formante nos informantes vellos moi superior á dos novos, senón que mesmo son estes últimos os que presentan un valor frecuencial deste formante minimamente máis alto (4 Hz).

IDADE	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
NOVOS	531	1968	1437
VELLOS	527	1845	1318

Táboa 1.11. F1 e F2 de /e/ (/je/) segundo idade.

Na interacción entre a clase social e a idade (táboa 1.12) ($F=6,939$; $GL=1$; $P=<0,001$) obsérvase que, tomando en consideración a resta das frecuencias entre ámbolos dous formantes, a variable da clase social parece ser máis relevante, posto que son os novos e os vellos de nivel social baixo os que pronuncian un [e] con timbre máis aberto, seguidos dos vellos e os novos de clase alta. Por outro lado, os resultados ofrecidos levarían indefectiblemente a asumir que son os falantes novos de clase baixa os que presentan un grao de interferencia máis intenso; sen embargo, temos indicios para sospeitar que os valores frecuenciais (F2-F1) que figuran na táboa 1.12 para estes informantes non son totalmente "válidos", ó estaren afectados pola existencia doutros factores fonéticos que tamén poden favorecer a abertura vocálica; segundo as nosas observacións, esta abertura non debería ser interpretada na súa totalidade como froito dese contacto lingüístico.

		NOVOS	VELLOS
CLASE SOCIAL ALTA	F1	531	517
	F2	1848	1785
	F2 - F1	1317	1268
CLASE SOCIAL BAIXA	F1	542	526
	F2	1720	1738
	F2 - F1	1178	1212

Táboa 1.12. Vocal /e/ (/e/+/je/). Interacción clase social e idade.

3.1.3. Marcas fonéticas peculiares nos falantes

Como vimos subliñando reiteradamente na avaliación dos resultados acadados, consideramos que a maior abertura da vocal media anterior nos falantes novos non é debida unicamente á influencia do timbre da vocal galega /e/, senón que, na nosa opinión, está relacionada cunha serie de factores como a pronuncia enfática e as variedades de fala xuvenil. Así, en case todos estes informantes atopamos moitos exemplos nos que a elevación do F1 era debida a unha pronuncia moi expresiva ou enfática que está caracterizada por un "xesto" articulatorio distinto que favorece a abertura vocálica. Unido a este factor, e relacionado moi estreitamente con el, habería que ter en conta o propio xénero discursivo das entrevistas, pois naquelas nas que abundan os discursos narrativos achamos un número moi elevado deste tipo de realizacións enfáticas.

Por outro lado, detectamos tamén -en tres dos catro falantes novos (dous de clase alta e un de clase baixa)- a existencia de marcas fonéticas duns tipos de fala xuvenil características de determinados grupos urbanos da cidade da Coruña. Desta maneira, no caso de A1H32 estamos ante un claro exemplo do que comunmente se denomina acento "pijo", mentres que B1H21 e A1H21 adscribíense, sobre todo o primeiro, ó que cualificamos como "cheli coruñés". A peculiar pronuncia das vocais en calquera deste tipo de variedades de

fala caracterízase, segundo as nosas observacións, por un timbre máis aberto, producido probablemente tamén por un peculiar "xesto" articulatorio.

3.2. *Vocal /e/ con timbre pechado en español estándar e galego común*

Na táboa 1.13. preséntanse os datos correspondentes ós valores medios do F1, e o F2 do /e/ tónico en sílaba inicial, con timbre pechado tanto en galego común como en español.

FORMANTE (Hz)	MEDIA	DESVIACIÓN ESTÁNDAR	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	NUMERO DE MEDICIÓNS
F1	501	42	397	587	60
F2	1704	122	1417	1987	60

Táboa 1.13. *Parámetros estatísticos de /e/.*

Segundo se pode percibir, a frecuencia dos formantes é menor que nos casos nos que o /e/ presentaba un timbre aberto en galego e pechado en español estándar (táboa 1.2)⁹. A pronuncia deste [e] é semellante á do [e] do español estándar, de acordo cos datos presentados por Álvarez González, pero resulta máis aberta en comparación cos que ofrece Martínez Celdrán (táboa 1.4). Aproxímase, así mesmo, ó [e] pechado galego (táboa 1.5), se ben segue mantendo un timbre máis aberto a realización do español da Coruña, que non chega a acadala abertura da vocal medio-aberta galega.

O feito de que nos falantes seleccionados exista unha diferenza salientable na pronuncia da vocal [e], dependendo do timbre da mesma vocal en galego, confirmaría en principio os postulados da nosa hipótese sobre a interferencia fonética, posto que os informantes parecen reproducir-lo esquema de diferenciación entre a vocal aberta [ɛ] e a pechada [e], que na lingua galega ten valor fonolóxico. Esta distinción de timbre nesta vocal non aparece en tódolos falantes

⁹ Como no caso do [e] pechado non recorreremos ás realizacións desta vocal formando ditongo, parécenos máis conveniente establecer calquera comparación co [e], pechado en español estándar e aberto en galego común, baseándonos unicamente nos resultados desta última vocal cando non forma ditongo.

por igual, afectando, en maior medida ós vellos de clase baixa, tal e como se pode observar nos resultados que presentamos nos seguintes apartados.

3.2.1. Clase social

CLASE SOCIAL	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
ALTA	520	1689	1169
BAIXA	494	1712	1218

Táboa 1.14. F1 e F2 de /e/ segundo clase social.

Tanto se considerámo-lo cálculo da resta frecuencial dos formantes ($F = 14$, 368 ; $GL = 1$; $P = 0,003$) como os valores do F1 ($F = 18,072$; $GL = 1$; $P = < 0,001$), confírmase que existe unha diferenza na pronuncia desta vocal entre os falantes de clase alta e os de clase baixa, resultando, nestes últimos un [e] algo máis pechado. Este feito ten, sen dúbida, a súa relevancia se observamos que a estes informantes de nivel social baixo lles correspondía unha maior abertura na análise do /e/ (con timbre aberto en galego), exposta no apartado anterior (táboa 1.7). Parece claro, pois, que a presenza do galego nos falantes de clase baixa ten unha pegada máis profunda na súa fonética que, en concreto, na vocal media [e] tónica en sílaba inicial, tradúcese nunha diferenciación de timbre aberto/pechado, de acordo coa que se establece na lingua galega.

3.2.2. Idade

En relación ó que se expresa na táboa 1.15, pódese inferir que son os falantes vellos os que pronuncian un [e] máis pechado (en comparación cos falantes novos) así como os que presentan unha diferenciación de timbre -bastante acusada- na vocal media anterior do español da Coruña, sobre todo se temos en conta os valores presentados para o /e/, con timbre aberto en galego común e pechado en español estándar (táboa 1.10).

Estes resultados, sen embargo, non se confirman estatisticamente se atendemos á resta das frecuencias de ámbolos dous formantes. Si parece corroborarse, en cambio, nos resultados da ANOVA

para o F1 ($F = 31,085$; $GL = 1$; $P = < 0,001$), unha diferenza relevante na realización do /e/ (con timbre pechado en galego común e español estándar) segundo a idade dos falantes; diferenza que, tal e como se pode observar na táboa 1.15, se traduce nunha maior abertura nos informantes novos.

IDADE	F1 (Hz)	F2 (Hz)	F2 - F1 (Hz)
NOVOS	535	1703	1168
VELLOS	479	1705	1226

Táboa 1.15. F1 e F2 de /e/ segundo idade.

As distintas frecuencias do F1 para os falantes vellos e novos parecen apoiar-lo postulado na nosa hipótese sobre a maior diferenciación de timbre nos informantes de máis idade. Sen embargo, e aínda que no caso dos falantes vellos se constata esta diferenciación na pronuncia da vocal [e] (segundo o timbre en galego), nos informantes novos debemos interpretar unha vez máis *ad cautelam* esta maior abertura, posto que, de acordo co subliñado no apartado 3.1.3, a elevación do F1 pode ser debida a actuación de fenómenos fonéticos que non parecen depender totalmente da interferencia fonética.

Malia que a interacción entre a clase social e a idade non resultou ser significativa na análise estatística, expoñemos na táboa 1.16 tódolos datos obtidos deste cruzamento entre variables dependentes e independentes que, segundo se pode apreciar, indican que son os falantes vellos de clase baixa os que manteñen unha pronuncia máis pechada da vocal [e] que avaliamos neste apartado. Estes mesmos informantes, ó mesmo tempo, establecen unha maior diferenciación de timbre na vocal /e/ do español da Coruña, de acordo co timbre das vocais galegas /ɛ/, /e/, tal e como se infire da comparación das táboas 1.16 e 1.17 (na que expoñemos, a efectos de simplificar esta comparación, os resultados da interacción do /e/ sen formar ditongo -aberto en galego común e pechado en español estándar-).

		NOVOS	VELLOS
CLASE SOCIAL ALTA	F1	538	487
	F2	1710	1662
	F2 - F1	1172	1175
CLASE SOCIAL BAIXA	F1	526	476
	F2	1698	1720
	F2 - F1	1172	1244

Táboa 1.16. F1 e F2 Vocal /e/ (con timbre pechado en galego común). Interacción entre clase social e idade.

		NOVOS	VELLOS
CLASE SOCIAL ALTA	F1	525	514
	F2	1739	1677
	F2 - F1	1214	1163
CLASE SOCIAL BAIXA	F1	540	517
	F2	1635	1653
	F2 - F1	1095	1136

Táboa 1.17. F1 e F2 Vocal /e/ (con timbre aberto en galego común). Interacción entre clase social e idade.

4. Conclusións

Semella complicado poder establecer unhas conclusións definitivas neste estudio xa que o feito de ter traballado con fala espontánea orixinou a aparición dunha serie de factores -difíciles de controlar- e que con toda certeza afectaron ós resultados obtidos. Estes factores parecen estar relacionados, ó noso entender, cun tipo de pronuncia -a enfática- e coa existencia, en varios dos informantes de menor idade, dunhas determinadas marcas fonéticas propias de variedades de fala xuvenil, favorecendo ámbolos dous aspectos a abertura vocálica.

No referente á primeira hipótese de traballo, cómpre destacar que, trala medición de tódalas realizacións da vocal media anterior tónica /e/ (con timbre aberto en galego común e pechado en español estándar) en sílaba inicial, tódolos informantes pronuncian esta vocal cun timbre máis aberto cá correspondente ó español estándar. Esta abertura vocálica non afectou a tódolos falantes por igual, ó detectárense diferencias substanciais segundo as variables da idade e a clase social. Así, para a vocal /e/ (correspondente a /ɛ/ en galego) confirmábase unha maior abertura nas realizacións dos falantes adscritos á clase social baixa. No tocante á idade, detectamos unha realización algo máis aberta nos informantes vellos naqueles casos nos que o /e/ forma parte da secuencia vocálica /je/; sen embargo, na vocal /e/ sen formar ditongo, non atopamos indicios dunha maior abertura de acordo coa idade.

Na interacción entre a clase social e a idade resulta ser máis relevante a primeira das variables independentes, posto que son os falantes novos e os vellos de clase baixa os que pronuncian esta vocal media anterior cun timbre máis aberto. Con todo, os resultados non parecen coincidir co que podería esperarse *a priori*, xa que, curiosamente, son os falantes novos (de clase baixa) os que presentan un maior grao de abertura. A aparición destas realizacións cun timbre máis aberto nos falantes novos débese á existencia en gran parte dos factores propios da fala espontánea explicados anteriormente.

En canto ás realizacións da vocal media anterior con timbre pechado en galego e español estándar, os resultados acadados indican que son os informantes vellos os que pronuncian un [e] máis pechado e no estudio da outra variable independente, constátanse, do mesmo xeito, diferenciacións de timbre na pronuncia do [e] entre os falantes de clase baixa e alta, sendo as realizacións dos primeiros máis pechadas. Estes datos amosan un esquema de diferenciación do timbre vo

cálico aberto/pechado, de acordo coa súa correspondencia na lingua galega, o que vén corroborar-la nosa hipótese.

Este esquema de diferenciación vocálica observado nos falantes vellos da Coruña -e ausente practicamente nos informantes novos-vincúlase, desde a nosa perspectiva, coa desaparición progresiva do galego nestes últimos (sobre todo nos ámbitos urbanos) entre os que destaca A Coruña. Unido a este aspecto, debe considerarse tamén a denuncia manifestada por Regueira (1994) da paulatina perda da distinción do timbre nas vocais medias nesa nova variedade de "galego urbano" que se está a crear, e que, de se confirma-la súa presenza, incidiría en maior medida nos falantes de menor idade. Este aspecto parece ser igualmente unha das causas desta non diferenciación de timbre nestes informantes, tal e como corroboran os resultados obtidos.

A pesar de tódalas dificultades xurdidas neste estudio cremos que o feito de que os datos avaliados indiquen unha maior abertura en tódolos falantes, mesmo nos novos, constata que na actualidade esta peculiaridade do timbre aberto constitúe unha característica intrínseca á variedade de español falado na Coruña, mentres que a distinción no timbre que presentan os vellos -causada por ese maior contacto lingüístico- parece ir desaparecendo consonte descendemos na escala da idade. Este feito apunta, sen dúbida, á paulatina diminución do contacto coa lingua galega que se manifesta na progresiva perda desta interferencia, sobre todo se consideramos, como dixemos anteriormente, que ese contacto se establece con variedades do galego nas que a distinción de timbre é practicamente inexistente.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Cáccamo, Celso (1983): "A influéncia do galego sobre o sistema verbal e no uso de certas perífrases verbais do castelán de Galiza", *Grial* XXI/82, pp. 423-442.
- Álvarez González, J. A. (1980): *Vocalismo español y vocalismo inglés*, Madrid: Universidad Complutense.
- Cotarelo Valledor, Armando (1927): "El castellano en Galicia (notas y observaciones)", *Boletín de la Real Academia Española* XIV/66, pp. 82-136.
- González González, Manuel e Xosé Luís Regueira (1994): "Estudio acústico das vocais tónicas galegas en posición fonética normal" en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago de Com-*

- postela, 1989). A Coruña, Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa" Vol. VI, pp.141-180.
- Martínez Celdrán, Eugenio (1983): *Fonética*, Barcelona, Ed. Teide.
- Navarro Tomás, Tomás (1974): *Manual de pronunciación española*, Madrid, CSIC, (18ª ed.).
- Regueira, Xosé Luís (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", *Cadernos de Lingua* 10, pp. 37-60.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.

O ORDENADOR COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: ENTRE ORALIDADE E ESCRITA

MARÍA XESÚS BELLO RIVAS¹

Universität Paderborn / Instituto da Lingua Galega

1. Introducción

A irrupción dos ordenadores na vida moderna, xa non só como utensilio práctico como *máquina universal*, senón tamén como medio de comunicación (“metamedio”), carrexou múltiples consecuencias para a vida social. Entrar nun ordenador conectado a unha rede posibilita o acceso á “rede das redes”, é dicir, á Internet, e a través desta, ó mundo enteiro. En diversos campos (investigación, economía) a distancia xa non constitúe un factor determinante na medida en que a información necesaria sexa alcanzable nalgún punto da rede.

O ordenador contemplado, pois, como medio, como instrumento a través do cal os mundos se achegan. Hai que subliña-lo feito de estarmos ante un *medio* (hai quen prefire chamarlle “modelo metafórico”), xa que é determinante á hora de chegar a valoracións derivadas da investigación da interactividade individuo / ordenador. O home *utiliza* o ordenador como instrumento capaz de diversas tarefas. El é o único dono e señor, quen ordena, polo que non debemos caer na tentación de crer nun influxo determinista da máquina sobre o usuario.

Tampouco podemos deixar de lado a certeza da relación dos ordenadores coa lingua. Dentro das condicións de manexo dun destes aparatos está a necesidade de empregar, por parte do usuario,

¹ E-Mail: <belo@uni-paderborn.de> / <ilgchus@usc.es>. Quixera agradecer-la importante axuda prestada (sobre todo en cuestións de terminoloxía informática) ó Dr. Benno Stein do Fachbereich Mathematik / Informatik da Universität Paderborn así como a Juan M. Bello Rivas polos valiosísimos enderezos da Internet.

determinadas palabras que activan "mandatos" específicos (p.e. "imprimir", "insertar", "fin" etc.) Programando, introducimos diversas ordes servíndonos dun teclado alfabético que en grande medida remiten á linguaxe humana. Ademais, desde hai uns anos estanse a desenvolver disciplinas específicas (lingüística computacional) que xorden do estudio da aplicación das posibilidades informáticas no marco da investigación lingüística.

2. O ordenador como medio de comunicación

Varias son as aplicacións informáticas relacionadas coa lingua que se derivan da concepción do ordenador como medio de comunicación: *E-Mail*, *grupos de noticias (Newsgroups)*, *Talk*, *Internet Relay Chat*, etc. Os programas para a comunicación directa (sincrónica) en rede (*Talk*, *IRC*) existen desde hai tempo. O primeiro deles é bastante incómodo, xa que se precisan tódolos datos do ordenador do interlocutor para poder establecer unha conversa virtual, o que se complica excesivamente se son varios os participantes, por iso se desenvolveu o *Internet Relay Chat*. Por medio do *IRC* é posible poñer en contacto a diversas persoas. Cada unha delas está claramente identificada cun nome singular (*login*), o que lle permite a entrada directa nun dos milleiros de canais que para este fin existen no mundo enteiro. Esta posibilidade de comunicación directa e de masas obtivo grande popularidade no transcurso da Guerra do Golfo, onde as testemuñas oculares foron quen de poder contradicir axiña (a través destes canais de *Internet*) as versións dos feitos dadas polos xornalistas oficiais. No presente traballo concentrarémonos máis polo miúdo nos textos producidos no contexto do correo electrónico, o medio máis frecuentado polos usuarios das redes para a comunicación de tipo asincrónico².

² Esta non sincronidade é relativa, xa que un texto enviado por medio do correo electrónico precisa -en xeral- menos de oito segundos para chegar ó destino.

	E-Mail	E-Mail (lista)	Grupos de noticias	Talk	IRC
Remitente	un	un	un	un	moitos
Destinatario	un	abonados	moitos	un	moitos
Sincronía	non	non	non	si	si

Principais medios informáticos de comunicación

O ordenador supera, como vemos, o problema da necesidade da copresencia dos interlocutores nun contexto falado. Trabállase coa distancia, sendo esta un dos factores máis relevantes na comunicación en rede. Os interlocutores non se atopan as máis das veces no mesmo lugar, moitas veces nin tan sequera viven dentro de franxas horarias coincidentes, o que obriga a desenvolver un elevado aparato de precisións déicticas que supere estas barreiras locais e temporais. Alguén poderá dicir: “¿Cal é a diferenza entón co correo habitual? Cando escribo unha carta, tampouco teño o destinatario fronte a min, e quizais este tampouco viva dentro do meu contorno cultural ou temporal”. Non podemos dicir que exista conceptualmente diferenza ningunha, pero si na práctica, pois son varios os factores que fan do emprego do correo electrónico³ un medio único:

- Rapidez: a mensaxe chégalle ó destinatario nun lapso de segundos.
- Posibilidade de troco de datos: envío de arquivos de diferentes tipos, p.e. arquivos de son, imaxes etc. que se poden engadir ó email.
- Intercambio continuo: posibilidade de reenvia-las mensaxes recibidas a un terceiro destinatario.
- Faladoiros electrónicos: outra das vantaxes que ofrece o emprego do email é a da existencia de “listas de correo” onde unha central (normalmente un robot) se encarga de recibirla mensaxe enviada por algún dos subscritores da lista e, á súa vez, de reenviala á totalidade dos membros da rolda. Hai, na actualidade, listas de dous tipos: moderadas e non moderadas. Nas primeiras cóntase cun moderador / censorador que le

³ Incluso se tomou o nome de “correo” engadindo o adxectivo “electrónico” para redefini-lo anterior. En EE.UU., nalgúns ambientes, existe a tendencia contraria: o e-mail é aquí chamado simplemente “mail”, mentres que o correo habitual renomeouse irónicamente “snail mail” [correo-caracol] referíndose á lentitude deste.

tódalas mensaxes antes de reemitilas ó público. Este tipo de listas de correo son eficaces sobre todo cando se trata da aceptación ou non da publicación (seguimos a falar do contorno da rede) de artigos sobre un tema, xa que, se a rolda é moi grande, habería un exceso de mensaxes inútiles que impediría segui-la liña temática.

A existencia deste novo medio abriu un enorme abano de posibilidades sobre todo dentro do mundo científico. Cada vez son máis os proxectos que se desenvolven na rede, é dicir, cada vez é menos determinante o factor da distancia no traballo en común. O intercambio rápido de información facilita a continua actualización de datos, sendo tamén o factor da gratuidade (nas universidades e nas grandes empresas págase, como entidade, unha suma global, o que libera de custos adicionais ó usuario) un elemento máis a ter en conta na explicación do seu grande éxito.

3. A lingua da rede

A pesar de que a utilización do correo electrónico (cando menos a nivel interno nas universidades, xornais etc.) xa se xeneralizara nos Estados Unidos nos anos sesenta, trátase, en Europa, dun fenómeno de finais dos oitenta, o que fai inevitable o seu carácter de medio novo con especial éxito entre a xuventude. E é a xuventude a que aceptou máis axiña as normas do xogo da rede ó se-lo grupo máis preparado para o acceso á informática (falta de reparo, convivencia cos ordenadores desde a infancia, manexo do inglés...) ó que se lle engade o desexo de descubrir novos mundos e culturas característico deste grupo de idade. Todo aquel que adoite usa-las posibilidades da Internet sabe que os usuarios desta teñen unha forte conciencia de grupo e soen empregar un tipo de linguaxe que lles axuda a identificarse entre eles. Partindo da base da xuventude dos que acceden maioritariamente á rede, tampouco nos ha de estraña-la enorme tendencia á absorción de anglicismos que presenta este grupo.

3.1. O inglés⁴

A imposición dunha economía *globalizada* fai que cada vez sexa máis frecuente a necesidade de establecer contacto comercial con empresas ou entidades non pertencentes á mesma comunidade lingüística. O mesmo acceso á información da rede é un elemento moi atractivo dentro da planificación de proxectos económicos, por iso ninguén rexeita as regras de xogo necesarias para o éxito, entre as que está a necesidade de aceptar unha lingua igualmente *global*⁵, ou o que é o mesmo: de acepta-lo inglés.

En comunidades onde o inglés funciona realmente como unha segunda lingua, e sobre todo en círculos técnicos, é habitual a elaboración de artigos ou *papers* directamente nesta lingua, contando xa de antemán co público estranxeiro. Ademais, non podemos esquecer que o grande monstro da tecnoloxía informática segue a ser EE.UU., polo que o inglés é a lingua da innovación neste campo supoñendo sempre un atraso a necesidade de contar con traducións para cada produto acabado de desenvolver. Para poder ser competencia, hai que ser coma eles, e eles falan (e investigan) en inglés.

Como usuario normal tamén é necesario o manexo desta lingua para poder participar en debates de carácter mundial, ou incluso e non menos importante para poder recadar información interesante para un traballo de investigación ou manter conversas con profesionais acerca de case tódolos temas. Incluso no caso do individuo que "decide" vivir nun círculo máis pequeno onde os

⁴ "The most widely understood and spoken language on IRC is English. However! As IRC is used in many different countries, English is by no means the only language. If you want to speak some other language than English [...] go to a separate channel and set the topic (with / topic) to indicate that" L. Viljanen & A. Husa, "IRC-Etiquette", in: *EFF*, p. 1.

"Como Internet hace que el mundo sea un lugar más pequeño, el valor de contar con un idioma común ha aumentado mucho. Desde un punto de vista técnico, no hay razón para que el inglés funcione mejor que otros idiomas en Internet." Bill Gates, "La revolución informática" en *El País. World Media Network*, p. 3.

⁵ En contra do que poida parecer, a autora tenlle especial aversión ó adxectivo *global*, pero non é quen de fuxir da etiqueta, o que quizais amose ó éxito do termo.

"Las cosas tienen ahora tantos nombres en tantas lenguas que ya no es fácil saber cómo se llaman en ninguna. Los idiomas se dispersan sueltos de madrina, se mezclan y confunden, disparados hacia el destino ineluctable de un lenguaje *global*" (o subliñado é meu). G. García Márquez, "Botella al mar para el dios de las palabras", *El País*, "Debate sobre la evolución de la lengua española", abril, 1997. <http://www.elpais.es/debates>.

participantes das conversas virtuais pertencen ó mesmo contorno cultural, nin sequera aquí poderá ser evitado o inglés, xa que, desde os programas que facilitan o acceso á Internet, pasando polas ordes máis simples que precisa o ordenador, ata as máquinas chamadas de busca, todos eles precisan dun coñecemento cando menos rudimentario desta *lingua franca*. A consecuencia directa deste convivir coa lingua saxona constitúena a multitude de anglicismos⁶ que se descubren nos espazos frecuentados polos *surfeadores*, *hackers* e demais usuarios dos sitios da *Internet*, quen por medio dun simple *search* poden atopar aquel *top* ou aquel colega que xa hai tempo quería recibí-la música do grupo de moda, pero esquecera *atacar* ou *atachealo file* no último *mail*. Todo isto está a crear unha nova e incontrolable tradición de discurso que está funcionando, en cada unha das linguas diferentes do inglés, como acicate para o cambio lingüístico.



xuventude
dominio do inglés







innovación ling.



anglicismos

3.2. A "paralingua"

Denomino aquí *paralingua* a todos aqueles recursos tipográficos que se desenvolven co teclado do ordenador coa fin de simbolizar un referente concreto: iconos, ideogramas etc. sen barreiras lingüísticas ou unha prosodia específica:

• **Pictogramas ou iconos:** ¿Quen non coñece, por exemplo, os símbolos , , , ? Son as imaxes que debemos activar co rato cando queremos gardar un documento, abrir outro, cortar texto ou entrar no correo electrónico. Estamos afeitos a

⁶ Remito ó interesado no tema de terminoloxía informática dentro do marco da lingua galega ó artigo de A. M. Lorenzo & J. Gómez Guinovart: "Terminoloxía, informática e lingua galega", *Cadernos de Lingua*, 13, 1º semestre 1996, pp. 5-33.

traballar con estes iconos⁷, todos eles significan algo concreto que se pode aclarar con palabras, sen embargo non as necesitamos, xa que o símbolo encerra en si mesmo o conxunto da información, do mesmo xeito que → ⇄ ∃ etc.

•**Ideogramas:** Para que as chamadas “conversas virtuais” teñan realmente carácter de imitación dun diálogo oral habitual, cómpre botar man de determinados elementos (sempre gráficos) que permitan a impresión de observacións de tipo irónico, de exclamación, de tristura etc. Este tipo de ideogramas son tamén coñecidos co nome de *Emoticons* (conxunto de iconos especializados na expresión de emocións). En 1980, Scott Fahlman foi o primeiro en utiliza-lo primeiro, e máis sinxelo, ideograma; o coñecido “Smiley”. Xirando a cabeza cara abaixo e á esquerda podemos descubrir que estamos ante unha cara humana onde os dous puntos representan os ollos, o trazo o nariz e a paréntese un sorriso⁸. No programa de Word para Windows funcionan estes tres caracteres como “schortcut” (teclas) para o símbolo ☺, ou (coa paréntese de abrir) ☻. Partindo deste concepto desenvóléronse multitude de novos ideogramas⁹:

⁷ “Getting a spreadsheet to do one's bidding is simplicity itself. The visual metaphor amplifies one's recognition of situations and strategies. The easy transition from the visual metaphor to the symbolic value rule brings the full power of abstract models to bear almost without notice. One powerful property is the ability to make a solution generic by “painting” a rule in many dozens of cells at once without requiring users to generalize from their original concrete level of thinking.” A. Kay, 1984, p. 9.

(Kay e Ingla foron os primeiros en investiga-la importancia da utilización de símbolos con referencia á realidade externa -iconos, ventás etc.- para simplifica-lo manexo dos programas informáticos. O traballo de ambos foi ben aproveitado polos técnicos de *Apple Computers* e implementado no sistema peculiar de *Macintosh*).

⁸ “This odd symbol is one of the ways a person can portray “mood” in the very flat medium of computers by using “smiley faces”. His is “metacommunication”, and there are literally hundreds of such symbols, from the obvious to the obscure. This particular example expresses “happiness”. EFF. *Internet Glossary*, p. 1.

⁹ Parécese interesante a comparación cun xogo infantil (citado por Coseriu, 1981) no que se pretende integrar, a través dunha palabra peculiarmente escrita, significado e significante:

REL ⊙ XO

T ∪ URO

Para unha profundización teórica recomendámo-la lectura do capítulo dedicado por Coseriu á relación entre os signos e as “cousas” (Relationen zwischen Zeichen und „Sachen“).

Ideograma	Significado
: -)	sorriso (normalmente con retransca)
: - (aceno de tristura
;)	sorriso con chisco de ollo
:	indiferencia
(:	o usuario é zurdo
: >	sorriso sucio
> : >	sorriso de trasno
[:]	o usuario é un robot
: :)	o usuario usa lentes
B :)	leva as lentes sobre a fronte
8)	o usuario leva lentes de sol
: {)	o usuario ten bigote
: { }	o usuario ten os beizos pintados
{ :)	o usuario leva topete
: [o usuario é un vampiro
: *	o usuario está comendo algo acedo
:)	o usuario ten o nariz atascado
: ` (o usuario está chorando
: `)	o usuario chora de ledicia
: &	o usuario ten preguiza para falar
: O	o usuario boquexa
: Q	o usuario é fumador
: ?	o usuario fuma pipa
: D	o usuario estase a rir (de ti)
: DDD	o usuario estase a rir a gargalladas
: X	o usuario é mudo

Xunto a este aparato iconográfico cabe apuntar todos aqueles mecanismos gráficos que posibilitan a expresión de determinados riscos prosódicos, así, o *asterisco* denota expresión de sentimento ou de marcación exclusiva da palabra que acompaña:

- > A ti xa sei que non che importa, pero a *min* si, e *moito*
- > De veras que *non* sei de que me falas

Outra posibilidade moi aceptada é a de escribir con *maiúsculas* as palabras que se queren salientar:

- > ¿Estás seguro de que lle queres EN SERIO ou é só un dos teus xogos?

Tamén é común a repetición dos *signos* de *interrogación* ou de *admiración* para remarca-la intención¹⁰:

>Noraboa!!!!!!!

Un dos servizos que nos ofrece o email é o de poder retomar e modificar por medio de "replay" unha mensaxe que nos foi enviada. Automaticamente aparecerá o signo ">" no comezo de cada liña. É moi interesante esta capacidade do programa, pois permítenos contextualizar, de forma directa, as nosas cartas de resposta.

Pero aínda existe unha posibilidade máis de marca-lo texto que desexamos destacar ou ó que nos referimos en concreto na nosa mensaxe: a utilización do signo "^" escrito na liña inferior actúa a modo de frecha:

>E haber se me escribes dunha vez, xa hai que non sei de ti.
^^^^

E ti A VER se aprendes ortografía. Para *iso* vas a un colexio de pago!!!!!!

3.3. Fonogramas

Representación, por medio do alfabeto, de sons. Moitos deles tomáronse do mundo dos cómics: jag!, brrrrrrrrmmmmmm, ¡ploff! etc. Pero tamén hai fonogramas nados na informática, p.e. "ping" utilidade que ofrecen os servidores Unix para verificar se está activo un ordenador en rede, tomouse como clave en mensaxes normais (no corpo de texto) para indicar que se está preparado para recibir datos.

3.4. Abreviaturas

Unha das características que máis se destacan nos textos das mensaxes do correo electrónico é a rapidez coa que son producidas as

¹⁰ Na actualidade, se remitente e destinatario empregan o mesmo programa de correo (p.e. *Eudora*) non cómpre empregar estes diacríticos, pois é posible formatea-los textos con cursivas, subliñados etc. e que se reciban sen alteracións.

máis das veces, de aí o elevado número de abreviaturas¹¹ e signos do tipo: "xq" → 'porque', "+" → 'máis', "-" → 'menos' etc. que se atopan.

Pero volvendo ó mundo anglófono, é nesta lingua onde se chega ó extremo da brevidade co uso continuo de siglas e acrónimos¹². Así, "BK" será "because", como "BRB" → "be right back", "ROFL" → "rolling on floor laughing", "TTYL" → "talk to you later" etc. Nalgúns casos empréganse letras ou números que representan unha pronuncia igual ou semellante á palabra que se desexa abreviar: "CUL" → "see you later", "F2F" → "facetoface", "4" → "for" etc.

Tamén se bota man de números en forma de ideogramas fonolóxicos: "CUL8R" → "see you later". En correos escritos en galego ten certa aceptación o emprego de "@" para representar, por medio dun único signo, os morfemas masculino e feminino "o / a": "todol@ s galeg@s", para evita-la repetición ás veces enfermiza do tipo: "o / a neno / a" → @ nen@.

4. *Cara a unha clasificación do novo medio. A dicotomía oral / escrito*

O nacemento, e introducción, dun medio de comunicación novo na sociedade, pasa sempre obrigatoriamente pola necesaria adaptación deste conforme ós outros medios xa existentes que lle son máis próximos, á vez que insire novos factores ata o momento descoñecidos. Así, cando a finais do S. XV apareceu a imprenta, incorporáronse á publicación tódolos elementos da tradición fixa anterior (tipo de letra, forma de ilumina-los textos etc.) Tivo que pasar tempo ata que a imprenta atopase unha tradición propia que a desligara da súa proximidade á escrita manual. O novo factor da rapidez na publicación desencadeou en si mesmo unha nova demanda de velocidade que obrigou a eliminar moitos destes elementos herdados da tradición escrita anterior.

¿Que acontece co novo medio electrónico? A superficie dos programas creados para a produción de textos neste medio foi

¹¹ Estas xa existían na escrita manual. A tradición discursiva das abreviaturas remóntase séculos atrás, e co tempo foi perdendo vigor.

¹² Tendencia que non nace na rede electrónica, senón que se remonta á tradición desta lingua. Este xogo de abreviaturas era xa de uso común (p.e. a brincadeira lingüística "private i." → "private investigator" 'detective privado', xa que "i" se pronuncia [ai] do mesmo xeito que "eye" 'ollo').

calcada da tradición epistolar anterior: (remitente, destinatario, data, sinatura...), outros elementos son, sen embargo, novos: (suxeito tema da carta, posibilidade de reutiliza-lo texto recibido para contextualiza-la resposta etc.). O innecesario arquivo da correspondencia en forma de papel engádelle unha certa carga de intanxibilidade, o cal, unido á extrema rapidez do intercambio de información, está a crear unha nova tradición. Pérdese o formalismo en certo tipo de cartas e gáñase en rapidez; vaise esquecendo unha certa sacralidade da escrita (xa desde a invención da imprenta), cada vez escríbese máis e cada vez escribe máis xente. Hai unha clara tendencia cara á brevidade e cara ó emprego de todos aqueles medios que posibiliten o achegamento ós textos *orais*. Ata o momento presentámo-las principais peculiaridades da comunicación vía correo electrónico a través das que fomos constatando a existencia de características da escrita que manteñen unha relación directa co plano da oralidade. ¿Cales destes trazos pertencen plenamente á lingua escrita e cales se remiten ó plano oral?

En Alemaña, os lingüistas Peter Koch e Wulf Oesterreicher elaboraron unha clasificación seguindo a nomenclatura de Ludwig Söll¹³ na que establecen dúas variantes na delimitación dos termos *oral / escrito*¹⁴: a primeira atende ó *medio* no que se realiza un enunciado, mentres que a segunda se refire á *concepción* na que este é creado. Hai textos que son concibidos como escritos pero realizados oralmente (p.e. os discursos memorizados dun guía), e outros que se realizan graficamente pero que parten dunha concepción oral (p.e. unha postal a un amigo, unha nota etc.)¹⁵.

Combinando os catro factores obteremos dúas disposicións extremas: a) concepción escrita + medio gráfico, b) concepción oral + medio fónico, que funcionarán de límites do continuo *distancia /*


¹³ Söll, L. (1974): *Gesprochenes und geschriebenes Französisch*, Berlin.

¹⁴ A investigación xurdiu da necesidade de apoiar los numerosos *corpora* de textos de linguaxe oral coa teoría necesaria:

"Hinderlich ist allerdings, daß die Fakten häufig einfach 'gesammelt' werden, daß unzureichende theoretische Durchdringung ihre Interpretation teilweise fehlerhaft und daß unterschiedliche linguistische Teildisziplinen am Gegenstand 'gesprochene' Sprache arbeiten, ohne recht voneinander Notiz zu nehmen." Koch / Oesterreicher, 1990, p. 3.

¹⁵ "Wir alle kennen phonisch realisierte Äußerungen, deren sprachlicher Duktus kaum unserer 'Intuition' von 'Mündlichkeit' entspricht (z.B. Grabrede, Erklärungen bei einer Schloßführung, Festvortrag); andererseits gibt es aber auch graphisch realisierte Äußerungen, die sich schwerlich mit unseren Vorstellungen von 'Schriftlichkeit' decken (z.B. stichwortartige Notizen, 'Sprechblasen' (!) in Comics, Privatbrief)." Koch / Oesterreicher, 1990, p. 5.

proximidade. Inclúense no fluír deste continuo dous novos valores: *condicións da comunicación* e *estratexias da comunicación*, con cadansúas variables nos eixos de proximidade e de distancia, resultando o gráfico seguinte:



O continuo proximidade / distancia e as afinidades conceptuais e mediais¹⁶

¿Como se poden clasifica-las cartas emitidas na rede¹⁷ segundo a teoría de Koch & Oesterreicher sobre *Mündlichkeit* / *Schriftlichkeit*?

¹⁶ O esquema tomeino sen modificacións de Koch / Oesterreicher, 1990, p. 12. Os termos por eles empregados trátanse, as máis das veces, de producións propias, de aí a extrema dificultade de achar vocablos equivalentes en galego. O alemán permite un maior xogo de creación de novos sustantivos -por medio de, p.e., os sufixos -keit e -heit- có galego, por iso moitos dos pares resultantes na nosa lingua quizais resulten estraños: p.e. *Privatheit → *privacidade / Öffentlichkeit → publicidade. Noutros casos, en cambio, obtei por mante-la forma sen derivación: *Dialogizität → diálogo / *Monologizität → monólogo.

Vexamos en que medida leva a introducción do ordenador como medio de comunicación á ampliación da gama de matices deste continuo:

Na actualidade, cando queremos enviar unha mensaxe por ordenador, a única posibilidade real na práctica será a do *medio escrito*¹⁸. O abano amplíase, sen embargo, na dimensión *conceptual* do texto que se produce. Por unha banda, nos medios onde está presente o factor da sincronía (IRC, Talk)¹⁹ son case maioría o tipo de mensaxes dunha concepción de proximidade (comparables p.e. coas cartas escritas en círculos de amizade). Nos medios asincrónicos (email, grupos de noticias) a concepción é desigual, dependendo sempre do grao de estrañamento existente entre os interlocutores²⁰. Atopamos, pois, cartas de elevada elaboración sobre todo nos ambientes onde o uso do correo electrónico substituíu totalmente o “vello” correo, englobando o primeiro tódolos usos diafásicos, xunto a cartas de clara concepción oral.

Por outra banda, existe a idea da *nondistancia* ou “ruptura das formas” propiciada pola rede. O feito de escribir nunha pantalla carrega no seu momento importantes controversias, sobre todo entre os ambientes literarios. Xa papel²¹ e pluma eran máis queridos polos

¹⁷ A proposta de investiga-la incidencia da teoría de oralidade / escrituralidade de Koch e Oesterreicher no campo dos textos producidos no contexto da Internet partiu de Weingarten, 1994.

¹⁸ Existe a posibilidade de usa-lo ordenador como medio oral (por suposto co software e hardware adecuados) e de forma semellante ó contacto telefónico, pero a calidade de son obtido é aínda precaria.

¹⁹ O Talk permite visualizar toda a actividade do teclado emisor, cando borra e corríxe, cando prefire suprimir algo “dito” etc. exactamente igual que se o estiveramos escoitando no medio oral.

²⁰ Esta distancia é extrema nas mensaxes escritas por inexpertos no e-mail:

> Carta dirigida a [destinatario]

> Yo [remitente] le envío esta carta a través de mi alumna [nome] vía e-mail para que me envíe el concierto número 5 para dos pianos. Ruego me la envíe a mi dirección y no al e-mail de mi alumna. Gracias.

A través do escrito na primeira liña “carta dirigida a...” podemos deducir que o remitente cre na existencia dun intermediario (carteiro) que levará a mensaxe a destino. A mesma formulación da carta é esaxeradamente oficial (cabe preguntarse se o grao de oficialidade sería o mesmo se estivera empregando o medio gráfico ata agora habitual).

²¹ Faría falta un estudio serio que analizase a repercusión psicolóxica que supón o cambio do material empregado para a escritura. A idea de “volatilidade”, no sentido de fugacidade parece ser inherente á pantalla do ordenador. O texto créase con certa virtualidade e é enviado (feito desaparecer) da nosa vista en cuestión de segundos. O papel (como antes o pergameo de coiro, a pedra, o papiro etc.) posúen un maior grao de eternidade ou de realidade.

tradicionalistas do que a “revolucionaria” máquina de escribir. Coa chegada do ordenador acabouse co romanticismo das correccións á man e, ó se saber das posibilidades da comunicación vía Internet, estalou a polémica:

“Cuando apareció la escritura, no eliminó la palabra. Con Internet y las autopistas de la información, no sólo se puede hablar de una desaparición de la palabra interpersonal, sino también de la desaparición de la escritura. Y es que no existe la escritura en tiempo real. La *escritura requiere una distancia*²² que Internet anula con su obsesión de la simultaneidad. Internet y el ordenador dan lugar a otro lenguaje, a otra forma de funcionar, con sus propias normas. El ordenador hace pensar de otra forma. Por eso lo rechazo.”²³

¿Cal é a *outra linguaxe* que se produce na Internet? ¿Unha linguaxe menos formal no sentido de non suxeita a normas de cortesía? Os que estean afeitos a manter correspondencia por este medio terán experimentado seguramente un fenómeno moi xeneralizado: nun contexto formal (p.e. nunha carta a un docente de universidade) a primeira mensaxe enviada manterá unha estruturación cortés semellante á carta que mandariamos por correo habitual (data, saúdo oficial etc.). A resposta a esta carta soe ser moito máis informal e adoita incidir directamente sobre o asunto central da nosa misiva (sen rodeos) e servíndose moitas veces, tras un “replay” (*vid.* 3.2) da axuda do noso texto como marco contextual. Esta é seguramente “la otra forma de funcionar” da que fala o autor. Cómpre ser rápido e directo. Rómpeuse a *distancia* extrema dun escrito formal, pero participa dentro do medio escrito da mesma *proximidade* ca unha notiña pegada nun libro. Parece que a tendencia é a de producir textos máis semellantes á lingua oral.

4.1. As “*conversas virtuais*”. Unha mostra de “oralidade” na escrita

Ó longo do apartado 3 presentámo-la existencia dunha serie de mecanismos *paralingüísticos* que permiten, ben unha maior celeridade na produción dos textos, ben un mellor achegamento á realidade oral, por iso a meirande parte destes mecanismos son de concepción

²² O subliñado é noso. O autor parece entender por *distancia* o mesmo que *reflexión*.

²³ J. Baudrillard (1997): “¿Red, dónde está tu victoria?” en *El País. World Media Network*, p. 15.

fónica: p.e. uso de maiúsculas ou de asteriscos para remarca-la importancia dunha palabra, signos de admiración repetidos, etc. Desenvólvense tódalas posibilidades practicables, no medio gráfico, para imita-lo medio oral. A *creatividade* faise dona do medio (smileys) e eríxese coma determinante na creación dos textos. Noutros casos, coma nos das abreviacións do tipo "F2F" pátense dunha conceptualidade oral: para entender que "2", neste contexto, representa a palabra "to" debemos remitirnos ó medio oral e comprobar que "two" 'dous' e "to" (preposición con diferentes valores) teñen a mesma pronuncia. Está este exemplo, pois, moito máis preto da concepción falada do que a lingua escrita habitual, pois o costume de recoñecer enunciados a través da lectura xa non nos obriga a abstraerlos do medio escrito e levalos á oralidade. En moi poucos casos se recomenda a representación oral do escrito (p.e. na lectura de poemas rimados).

Vimos ata agora os diferentes recursos gráficos dos que podemos botar man para "disfrazar" de oral un texto producido no medio escrito. Moitos destes recursos pertencían á tradición do discurso das mensaxes breves, notas, etc. Unha frase, unha palabra²⁴, debe encerra-lo máximo de información posible. Paralelamente rexistrámo-la existencia de elementos da escrita que se moven sempre dentro do medio gráfico e non contan cun paralelo fónico (frecas de subliñado...). Pero existen máis elementos innovadores nesta nova tradición: o "ping" do que falabamos máis arriba que, a pesar de ter sido transmitido dentro do medio gráfico, entra na lingua oral (desde o inglés) como innovación (da mesma forma ca "clic" etc.). En alemán xa vén sendo habitual (en ambientes *undernet*) o uso dun verbo xerado a partir deste "ping" dos servidores do que falabamos no apartado 3.2: *pingen ['piŋən] (aínda que eu só oín a forma do participio): "Ich habe ihn schon mal *angepingt" que se podería traducir por algo así coma: 'xa lle peguei un toque (vía email)'.

Os elementos que definen a vella tradición serven de base para a nova mentres que esta está a crear novos recursos que a definen e singularizan con respecto a todo o anterior. Pero o movemento non remata aquí, xa que as novas tradicións, como acabamos de observar, tamén se introducen nas vellas provocando un entrecruzamento de tradicións e de medios e achegando as súas lindes na mesma medida en que se aproximan as concepcións falada e escrita.

²⁴ Quizais sería interesante estudar a repercusión da entrada no mercado das xa indispensables Post-It[®] na creación dunha nova tradición textual.

Fónico	Entonación especial	[fɔ:]	[si:ju]	-----	['plɪŋ]
		↑	↑		↑
		for	see you		
Gráfico	EU ** !!!!!	4	CU		ping :-) ^^^^

5. Bibliografía

- Alarcos Llorach, E. (1965), "Representaciones gráficas del lenguaje", *Archivum*, pp. 5-58.
- Baudrillard, J., "Internet. Virtualité et postmodernité", <http://www.dc.peachnet.edu>
- Bühler, K. (1934), *Sprachtheorie. Die Darstellungsfunktion der Sprache*, Jena.
- Coseriu, E. (1981²), *Textlinguistik*, Tübingen, Narr.
- EFF: EFF "Net Culture Cyberlinguistics" Archive, http://www.eff.org//pub//Net_culture//Linguistics.
- Gauger, H.M / Heckmann, H. (Hrsgg.) (1988), *Wir sprechen anders. Warum Computer nicht sprechen können*, Frankfurt am Main, Fischer Taschenbuch Verlag.
- Gumperz, J. J. (ed.) (1982), *Language and social identity. Studies in interactional sociolinguistics*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Kay, A. (1984), "Presenting an issue on the concepts and techniques that give form to the programmable machine", in: *Computer Software*, New York, W. H. Freeman and Company, pp. 3-9.
- Koch, P./Oesterreicher, W. (1990), *Gesprochene Sprache in der Romania: Französisch, Italienisch, Spanisch*, Tübingen, Niemeyer.
- Koch, P./Oesterreicher, W. (1994), "Funktionale Aspekte der Schriftkultur", in: H. Günther / O. Ludwig (Hrsgg.), *Handbuch Schrift und Schriftlichkeit*, Bd. I, Berlin, de Gruyter, pp. 587-604.
- Kolvenbach, M. / Lötscher, A. / Dieter Lutz, H. (Hrsgg.) (1979), *Künstliche Intelligenz und natürliche Sprache. Sprachverstehen und Problemlösen mit dem Computer*, Tübingen, Narr.
- VV. AA. "Atrapados en la Red", *El País. World media Network*, edición do 18-XII-1997.

- Weingarten, R. (1994), "Perspektiven der Schriftkultur", in: H. Günther / O. Ludwig (Hrsgg.), *Handbuch Schrift und Schriftlichkeit*, Bd. I, Berlin, de Gruyter, pp. 573-586.
- Weingarten, R. [Hrsg.] (1997): *Sprachwandel durch Computer*, Opladen, Westdt. Verl.

F. M. ...

...

...

...

...

Author	Wang, H. (1988)
Title	The structure of the Chinese language
Journal	Journal of Chinese Linguistics
Volume	16
Issue	1
Pages	1-15

1. Bibliography

Alford, L. (1988) 'The structure of the Chinese language', in H. Wang, ed., *Journal of Chinese Linguistics*, 16, 1-15.

Chomsky, N. (1965) 'The structure of language', in R. Jakobson, ed., *Essays on the structure of language*, The Hague: Mouton, 1-15.

Chomsky, N. (1980) *Lectures on government and binding*, Dordrecht: Foris.

Chomsky, N. (1985) *Minimalist inquiries: the framework of recent work in derivational morphology*, in R. Martin, D. Michaels, & J. Uriagereka, eds., *Step by step: essays in minimalist syntax in honor of Howard Lasnik*, Cambridge, MA: MIT Press, 89-155.

Chomsky, N. (1995) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (1998) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2000) 'Minimalist inquiries: the framework of recent work in derivational morphology', in R. Martin, D. Michaels, & J. Uriagereka, eds., *Step by step: essays in minimalist syntax in honor of Howard Lasnik*, Cambridge, MA: MIT Press, 89-155.

Chomsky, N. (2005) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2008) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2010) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2015) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2018) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2020) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

Chomsky, N. (2025) 'Derivation by phase', in Michael Kenstowicz, ed., *Ken Hale: a life in language*, Cambridge, MA: MIT Press, 1-52.

X. M. Bouzada Fernández, Lorenzo Suárez, *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*. Consello da Cultura Galega, Santiago 1997.

O futuro da lingua é a última achega dos profesores Anxo Lorenzo e Xan Bouzada, da Universidade de Vigo, ó coñecemento da realidade sociolingüística galega. O volume, editado polo Consello da Cultura Galega a través da súa Ponencia de Lingua, constitúe unha máis das publicacións desta Institución na liña de investigación coñecida como socioloxía da linguaxe.

Neste importante labor sitúase *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo* da [sic] *lingua galega*. Os profesores Anxo Lorenzo e Xan Bouzada son experimentados investigadores e contan xa con diversas publicacións sobre a dimensión social do idioma, nas cales este volume vén constituír unha nova peza de reflexión, necesaria e aínda infrecuente no noso país. O libro pretende inserirse nos estudos sobre a dinamización lingüística ou, desde unha perspectiva máis xeral, sobre a planificación do status, unha liña de investigación necesitada aínda dun inxente esforzo de análise e reflexión desde perspectivas rigorosas e exhaustivas, que conxuguen a análise e interpretación de indicadores sociais coa reflexión e a interpretación da que a lingua galega en parte aínda carece.

Na conxuntura en que aparece *O futuro da lingua* sabemos que Galicia é un país onde a práctica totalidade dos galegos entenden o galego e dous tercios da poboación está instalada nesta lingua. Sabemos tamén que as actitudes melloraron sensiblemente desde o inicio do período autonómico, e que asemade as iniciativas e os procesos de difusión do uso medran cada vez con máis forza. Con todo, moitos e, nalgúns casos, acreditados, son os funerais prematuros que se lle teñen feito á lingua galega. O noso idioma estaría xa morto nestes momentos, segundo os cálculos do Profesor Alonso Montero en 1973; estaría nestes momentos agonizando segundo un traballo de Mauro Fernández, publicado en 1983; e a xeración actual pode se-la que perda o galego, segundo un titular sensacionalista d'*A Nosa Terra* de outubro de 1994. Non cabe dúbida de que nun clima intelectual así é especialmente necesario o debate, sereno, rigoroso pero asemade positivo, sobre a situación social do idioma. Un debate no que os analistas, pensadores e divulgadores do idioma teñan claro, coma neste caso, que o norte debe se-lo mantemento e a recuperación de espazos de uso e de falantes para a lingua galega.

O tratamento realizado por Bouzada e Lorenzo sitúase a medio camiño entre a análise de datos e maila reflexión sociolóxica -e ensaística- sobre o devir da lingua galega. Ademais de abordar aspectos especialmente relevantes para o idioma de Galicia, tenta contribuír á reformulación do discurso

sociolingüístico do noso país, pouco fructífero –salvo excepcións– na última década, a pesar da aparición de tan novidosos materiais de base.

No seu traballo atopamos reflexións sobre o concepto de diglosia e maila súa inadecuación para o caso galego. Analízase tamén a importancia de cada unha das áreas sectoriais nas que se instala o idioma e cal é a prelación da importancia de cada unha delas; qué escenarios son nestes momentos máis propicios para a difusión do uso ou cara a onde deben camiñar as estratexias normalizadoras. Trátase, en tódolos casos, de aspectos moi importantes no ámbito en que se inscribe o libro. E non podemos menos, xa que logo, que saudalo con especial entusiasmo.

O libro consta de cinco capítulos. O primeiro deles fai referencia a cuestións metodolóxicas da investigación que se presenta. No segundo ofrécese unha análise dalgúns aspectos que os autores consideran relevantes na interpretación da situación xeral da lingua galega, basicamente a partir dos datos presentados polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (MSG). No capítulo 3 analízanse os procesos de normalización lingüística nos ámbitos comunitarios e locais, e no 4 estúdanse diversos indicadores relativos á vitalidade e posibilidades futuras da lingua galega no ámbito socioeconómico. No último capítulo, os esforzos céntranse en analizar os procesos de normalización na actualidade no seu conxunto, tanto desde unha perspectiva sincrónica como desde a prospección cara ó futuro. Unha páxina de “remate” serve para que os autores se despediran moi brevemente do lector, previo paso polo anexo onde aparece o cuestionario e polas referencias bibliográficas correspondentes.

No capítulo 1, como dicíamos, establécense os alicerces metodolóxicos da investigación, presentándose tanto a materia de estudio coma os obxectivos últimos do traballo. Así, os autores refírense brevemente a algunhas investigacións macrosociolingüísticas sobre a lingua galega, desde aquela primeira achega de Ayestarán e De la Cueva de 1974 ata o Mapa Sociolingüístico de Galicia. Este último traballo será no que basearán as máis das súas descripcións, xa que “contribuíu poderosamente a resolver boa parte dos problemas de cuantificación” da situación sociolingüística galega (p. 19). Seguindo os tres volumes, en especial o II, afirman que analizarán unha serie de trazos característicos na “realidade sincrónica chea de contrastes e de matices” (ibid) que supón na actualidade a lingua galega.

En canto ás partes do traballo, os autores xustifican os aspectos abordados e a correspondente consideración dos ámbitos locais e socioeconómicos, que na súa opinión “representan dous sectores decisivos para avaliar as posibilidades reais que presenta o galego” (p. 21). Esta nova visión da lingua é particularmente necesaria e clarificadora, porque en Galicia estivo moi esquecida ata hai ben pouco tal perspectiva, ó centrarse o interese dos estudiosos, divulgadores e activistas no ámbito escolar. Desde hai máis de 25 anos levamos escoitando que, como criticaría Fishman (1991), “a escola pode facelo”. A pesar de que na presente década se modificou dunha maneira importante esta visión, nos anos 70 e 80 os sectores que pularon polo noso idioma consideraban que introducindo o galego no ensino a normalización estaba

plenamente garantida, idea desacertada como veu demostra-lo paso do tempo.

Os ámbitos analizados son importantes pola súa capacidade para influír no cambio lingüístico. Segundo Bouzada e Lorenzo, os concellos establecen as vinculacións institucionais máis próximas e o contexto sociolaboral contribúe poderosamente á socialización adulta dos individuos. Mágoa que non completasen a análise con outros ámbitos como as redes sociais familiares, veciñais e de amizades -nas que os autores traballaron noutra ocasión- e estudiasen en profundidade as implicacións afectivas da familia en que un medra e as daquela que constrúe.

A metodoloxía da investigación preséntasenos como "flexible e variada" para así poder "acceder á situación e ós universos valorativos sobre a lingua galega" (p. 22). Para isto seleccionouse "unha mostra representativa de tódolos sectores implicados" (ibid.), na que non sempre resulta doado comparalos resultados dos diversos escenarios analizados.

Por unha banda, selecciónase unha mostra denominada "estratéxica" para analiza-las opinións das empresas e empresarios estudados (pp. 118-131). Trátase dunha mostra da que coñecemos-la distribución por provincias, pero a penas nada da técnica de mostraxe, cal é a envergadura das empresas analizadas, a qué sectores productivos pertencen, cántas son galegas e cáles foráneas ou cáles están en contacto directo co consumidor final.

Infelizmente, os autores non puideron xunta-los recursos suficientes para traballar cunha mostra óptima, tendo que conformarse cunha de 100 entrevistas para un universo de varios miles, o que os leva a adoptar unha solución de compromiso "en detrimento do respecto ó tabú estatístico" (p. 118). De aí que Bouzada e Lorenzo non poidan analizar diversas variables pertinentes, como por exemplo, a variación rural-urbano ou as diferencias por áreas xeográficas e sociais¹.

O segundo capítulo, dedicado á análise da situación sociolingüística e ós procesos de normalización da lingua galega, está dedicado na súa maior parte a comentar e analizar datos procedentes do MSG. En primeiro lugar faise referencia ás pretendidas limitacións dos datos cuantitativos nos que se baseou este macroestudio. A veracidade e validez das opinións que se recollen en estudos cuantitativos certamente deu lugar a un interesante debate sobre a presunta "obxectividade" das opinións, pero é un lugar común que os diversos especialistas que se serven dos mesmos -tamén Bouzada e Lorenzo- acep-

¹ Con todo, e malia ás limitacións inherentes ó tipo de mostra, existía a posibilidade de utilizar procedementos e probas estatísticas máis potentes e esixentes nas súas cualidades analíticas, o que se cadra lles axudaría ós autores a evitar algunhas das dificultades técnicas que lles xurdiron no seu traballo. Isto fixo que aparecesen fenómenos que quizais se deban basicamente a factores de azar e non a cuestións sociolingüísticas en sentido estricto. Véxase, por exemplo, a páxina 122: no cadro 10b a provincia da Coruña mantense na tendencia global (16.2%) e no 10c a cidade con ese nome queda fóra da mesma, coa porcentaxe máis baixa (10.7%), feito que se pode considerar relativamente parello ó caso de Ourense (Cadro 10b: 18.5% na cidade; Cadro 10c: 13.3% na provincia).

ten as dificultades metodolóxicas, aínda que procuren mingualas o máximo posible. Dificultades, por outra banda, abondo recoñecidas e comentadas polos propios autores do MSG (volume de *Usos*, p. 43).

Ó entraren a analizar certos trazos característicos dalgunhas dinámicas bilingües, Bouzada e Lorenzo refírense ó caso da Coruña como paradigma da castelanización urbana galega, malia a que as cidades cunha situación máis castelanizada son, por esta orde, Ferrol e Vigo, seguidas, certamente a pouca distancia, pola Coruña. A lóxica modernizadora, que achegan como argumento que contribuíu á castelanización desa cidade está, sen embargo, igual de presente nas demais, mesmo no caso de Santiago, que é a máis galeguizada. Isto indica que esa lóxica modernidade-tradición ela soa non dá conta da castelanización urbana se non se introducen na análise cuestións como o transvasamento de poboación campo-cidade. Moitos cidadinos coruñeses –e doutras cidades de Galicia– son nados ou fillos de nados no medio rural galego, de aí tamén que hoxe en día se fale máis en galego nas cidades do país ca hai 30 ou 50 anos.

Ó aproveitaren outros estudos coma o dirixido polo profesor Siguán (1994) sobre a situación social das linguas en España, os autores chegan á conclusión de que a situación de Galicia é semellante á de Valencia (p. 30) no referente ó relegamento da lingua a un ámbito expresivo e informal. Admitindo que as comparacións son sempre relativas, e sen a seguridade de que sexa ese o espírito e a letra do estudio do profesor Siguán, cremos que esa apreciación está demasiado influenciada pola visión oficial catalana das linguas de España. O discurso lingüístico catalán ten unha tendencia comprensible, pero pouco rigorosa, a maquillar os datos demolingüísticos para presentala súa comunidade como a de máis vitalidade etnolingüística e de máis falantes da lingua propia. A primeira apreciación é, como tódolos conceptos sociolingüísticos, discutible, pero a segunda, tal como documenta o propio estudio de Siguán (p. 21), non se corresponde coa realidade.

Ó trátaren a relación entre o uso, as redes e as culturas locais, Bouzada e Lorenzo desbotan a utilización da idea de rede en beneficio de “unha variable máis densa e ampla como é a de cultura, e máis en particular a de culturas locais” (p. 33), a pesar de que o primeiro ten moita máis tradición na investigación sociolóxica realizada, coma no seu caso, desde unha perspectiva empírica. Precisamente unha das dicotomías da investigación en redes (densa/difusa), na súa opinión, “non nos axuda a entender por qué Cataluña, aínda sendo máis burguesa, urbana e cosmopolita, ten un maior pulo de recolocación en prácticas favorables á lingua local” (p. 34). Sería útil unha maior concreción desta idea de *cultura local*, para podermos avaliar se permite realmente dar conta dos baleiros que na interpretación sociolóxica quedan ó usar en exclusiva *rede social*.

Bouzada e Lorenzo preséntannos tamén algunhas reflexións sobre a *ollada liberal* vs. *ollada comprometida* á lingua galega, que na súa opinión se atopan nunha dialéctica que cómpre analizar. Trátase dun aspecto no que cumpriría facer un maior fincapé, porque, como eles mesmos afirman “á realidade somos nós chamados a lle dar forma, a inventala e modelala” (p. 38).

Aínda que poucas veces se comenta, os propios investigadores, tanto os que se dedican á pura descrición e análise de datos coma os que centran o seu interese na análise, reflexión e interpretación social (e sociolingüística xa que logo), co seu traballo están non só describindo esa realidade senón, en boa medida, construíndoa ós ollos dos demais. E mesmo é lícito que, desde a responsabilidade e a seriedade no traballo, esteamos contribuíndo a realizar "profecías que se autocumpren", como diría Paul Watzlawick (1981) seguindo a Hobbes.

De aí a importancia e a negatividade das teorías lingüísticas *catastrofistas* ou *derrotistas*, interesadas en transmitir á sociedade a idea de que nada se pode facer para revertela pretendida morte dunha lingua, infelizmente abundantes (¿maioritarias?) en Galicia. Fronte a esta consideración, unha parte importante e moi fructífera da investigación sociolóxica parte de que as realidades sociais —entre elas a lingua— non son entes inmanentes, inmutables e teleoloxicamente dirixidas cara á súa desaparición, como apuntaban hai varias décadas algunhas teorías sociolóxicas evolucionistas, senón realidades que a acción individual e colectiva poden cambiar e de feito están a cambiar continuamente.

Outro aspecto de interese é a importancia dos niveis micro e macro na relación entre lingua, cultura e identidade. Estes dous niveis de análise deron lugar a importantes discusións tanto na investigación sociolóxica (cfr. Ritzer 1979, 1990) coma sociolingüística (cfr. Grimshaw 1987, 1987a) das últimas décadas. No volume que estamos a reencensionar fálase brevemente da importancia para a construción do discurso da interrelación entre os dous niveis. É unha mágoa que non profundasen nesta cuestión, porque desde algúns sectores, desde unha perspectiva ideolóxica e propagandística, tense escoitado en ocasións que os estudos *macro* son unha 'radiografía plana da situación sociolingüística galega'. Investigacións serias, rigorosas e fundamentadas en algo máis cá oposición sistemática a todo aquilo que poida soar a 'oficial' permitirían afrontar con cientificidade algo que, como a oposición micro-macro, non debe ser un xoguete máis nas mans dos intereses publicitarios de certos sectores do reintegracionismo galego, senón unha ferramenta de análise da ciencia sociolóxica, nacida para fins máis relevantes.

De moito interese tamén, son as opinións sobre o chamado "autoodio", tan utilizado para explicar algúns comportamentos lingüísticos da poboación galega, e que certamente ten que ser revisado en profundidade, porque probablemente non é axeitado para defini-las condutas da poboación de Galicia, e se cadra de ningunha outra. Outras afirmacións e olladas algo máis desenvolvidas atinan tamén, ó noso entender, en aspectos centrais da psicoloxía lingüística galega: "esa mesma condición social, cultural e lingüística compartida como orixe e precedente vivencial común á práctica totalidade dos galegos, pode chegar a transformarse nun posible estímulo para unha recuperación" (p. 41). Efectivamente, ese fondo emocional e afectivo, que unha parte da poboación utiliza con frecuencia ó falar do galego, e que se ten denostado desde posturas pretendidamente moi comprometidas coa lingua por folclórico e pouco sincero e coherente, supón un xeito importante

para tratar de achegarse e dinamiza-la poboación. O testemuñalismo é contraproducente verbo da lingua, pero tamén o é pretender seducir con estratexias puramente racionais e/ou ideolóxicas. Porque o cerebro e a mente humana, así o documentan os neurobiólogos e os psicólogos da conducta (cfr. Vincent 1986), ten unha compoñente emocional moito máis importante do que ás veces queremos ou nos interesa recoñecer. E só asumindo e aproveitando estas ensinanzas poderemos chegar a comprende-lo porqué dos comportamentos, tamén os humanos, así como cales son os procesos que axudan a modificalos.

O capítulo 3, centrado nos procesos de normalización nos ámbitos comunitarios e locais, está estruturado en catro partes. A primeira delas consiste nunha descrición do estado da cuestión dos procesos de NL a través dos diversos axentes e actores locais. A segunda está constituída por unha exposición de opinións e realidades sobre a extensión da lingua galega, a partir da información obtida das distintas partes consultadas. Nunha terceira sección, fálase do caso particular do Concello de Moaña e na última recapítúlase unha serie de puntos fortes e febles respecto á materia estudiada.

Entre as valoracións sobre os técnicos normalizadores atópanse certas opinións que probablemente non serán amplamente compartidas. Á Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, Bouzada e Lorenzo asígnalle unicamente a función de "compartir experiencias, resolver problemas de asesoramento, etc." (p. 63), mentres advirten dos perigos de que a CTNL tome un rumbo distinto: "se, polo contrario, os obxectivos van máis ben encamiñados na dirección de aglutinar intereses corporativos, conformar redes alternativas ás entidades e ós persoeiros que traballan a prol da normalización, e mesmo como alternativa ó poder político correspondente, ou outros obxectivos desta natureza (...)" (p. 63). É evidente que existen foros máis decisivos e cunha máis dilatada traxectoria cá referida CTNL. Pero se cadra é útil para todos deixarmos que cada colectivo traballe coa maior honradez e profesionalidade que saiba, sen gastar esforzos en opoñerse ós compañeiros de viaxe, pero asemade sen traballar con temor e precaución cara a ningunha outra persoa ou colectivo. Probablemente todos esteamos de acordo na coñecida e antiga máxima de Castelao de que "non lle poñades tachas á obra namentres non estea rematada. O que pense que vai mal que traballe nela; hai sitio para todos".

Refírense Bouzada e Lorenzo así mesmo á excesiva dedicación dos técnicos de NL a labores referentes á corrección normativa. Consideran que o esforzo dirixido a esta área é maior do que debería, explicable en parte pola súa escasa formación en dinamización e planificación lingüística, así como na concepción filoloxicista do idioma, que lastra dun xeito importante as maneiras de traballar, ó converte-los técnicos en simples tradutores e correctores lingüísticos, labor necesario, pero non único nin probablemente o máis importante.

O estudio de caso realizado sobre a dinamización lingüística faise a partir dunha análise de corte cualitativo. Tómanse como base as opinións de diversos informantes de Moaña, dos que sería bo podermos coñecer algúns

datos sobre a súa relevancia na vila, idade, adscrición a unha organización determinada, responsabilidade nesa organización, etc. Sería útil tamén para o lector dispoñer do conxunto, ou alomenos de importantes extractos, de cada unha das gravacións, para así poder formar unha opinión máis completa e ben contextualizada das pasaxes escollidas nos comentarios que se presentan.

No capítulo 4, relativo á posición da lingua galega nos ámbitos socioeconómicos, pódese atopar unha revisión das actuacións emprendidas neste eido, con datos que, coma os referentes ós entes locais, ás veces necesitarían unha nova actualización, pero que permiten establecer un interesante estado da cuestión.

Non resulta fácil estar de acordo, sen embargo, en canto ás axudas da Xunta para a promoción do galego na empresa, en que é un "labor que hoxe parece estar nunha fase de estancamento debido a que o pulo inicial da administración non deu paso a unha resposta decidida da sociedade civil" (p. 100), cando a DXPL da Xunta, en especial nos últimos 10 anos, non fixo máis que manterse a remolque das dinámicas xeradas desde a propia sociedade e os seus correspondentes actores, como a Fundación Galicia-Empresa, a Mesa, o Centro de Estudos Lingua e Empresa ou diversas asociacións de comerciantes e empresarios, que foron os que acabaron arrastrando, e en ocasións convencendo, a Xunta a polo menos dar soporte económico ás súas actividades.

Nesta mesma liña, cremos que se realiza un tratamento demasiado sintético das campañas emprendidas a este respecto pola Mesa, entre as que a das *rebaixas* foi certamente a máis sonada, pero non a única. Porque coñeceremos con detalle e en profundidade cómo teñen lugar os procesos de cambio social, tamén os promovidos desde fóra da Administración, é fundamental para entendermos cómo se expanden as innovacións sociolingüísticas.

A valoración coa que remata o capítulo sobre a Fundación Galicia-Empresa tamén parece difícil de subscribir: "as iniciativas chamadas a servir como modelo para outras empresas, como é de feito a experiencia da Fundación Galicia-Empresa, non está a resultar tan modélica como nun principio se pensou" (p. 133). Ademais das dificultades que presentan os datos ó respecto, semella inxusto valorar tan pouco unha iniciativa que cualitativamente contribuíu e contribúe dun xeito moi importante á dinamización do mundo socioeconómico galego.

Introdúcense, así mesmo, os autores na descrición e avaliación das iniciativas afrontadas polos sindicatos respecto á cuestión lingüística, para o cal utilizan novamente unha mostra denominada "estratéxica". Sobre estes actores sociais, afirmase que "entre os sindicatos, as diferencias na dinámica normalizadora preséntanse como unha cuestión de matices" (p. 116), feito non concordante coas opinións dadas tres parágrafos máis adiante polo representante de CCOO: "a nós parécenos que non estamos todos na mesma sintonía". Resulta, así mesmo, estraño o corte que se ofrece das opinións da CIG, no que aparentemente este sindicato está máis disposto a facer concesións ca ningún outro, feito que non concorda coas declaracións públicas habitualmente realizadas ó respecto polos seus responsables. Quizais sería

conveniente en cuestións coma estas coñece-lo contexto en que se produciron tales declaracións, ademais da pregunta en concreto formulada, para poderemos situar mellor esas palabras.

Máis sorprendentes son afirmacións como "as empresas manifestan distintos tipos de reticencias á etiquetaxe en galego ou bilingüe dos seus produtos. (...) cremos que pode haber tamén motivos de reacción do mercado e de imaxe pública da empresa: parece unha tarefa moi arriscada comercial e publicitariamente" (p. 110). Pode consultarse e este respecto a nosa publicación *Publicidade e lingua galega* (1995), así como a máis recente *Vender en galego* (1997). Porque o uso desta lingua, aínda non tendo propiedades terapéuticas, non só non prexudica senón que mesmo pode contribuír decisivamente á mellora da imaxe comercial dunha empresa e dos produtos que esta distribúa.

No capítulo 5, que resume e avalía moitas das cousas ditas anteriormente, atopamos ideas importantes sobre a dinamización lingüística galega. Entre elas, a constatación da "falta total de avaliación que se está a producir en tódolos puntos da xestión normalizadora" (p. 137), feito capital e que sistematicamente se segue esquecendo, tanto desde a DXPL coma desde a práctica totalidade das entidades dinamizadoras. É sintomático, por exemplo, que non contemos con estudos ou calas de opinión sobre as campañas realizadas ata o de agora, o que sen dúbida dificulta a necesaria retroalimentación entre as mesmas e a corrección de posibles erros cara ó futuro. Máis grave, con todo, é a carencia total de avaliación das iniciativas emprendidas ou subvencionadas pola Xunta de Galicia, que só parecen entendibles nun país que carga sobre o erario público gastos que non se sabe se serven para solucionar problemas que a propia Administración admite como vitais para o futuro da nosa lingua e a nosa sociedade.

Non compartimos, sen embargo, as opinións expresadas sobre a adecuación do modelo catalán para a situación de Galicia (pp. 139-140). Porque a realidade catalana e mailas súas dinámicas son moi diferentes das galegas. Nós temos unha poboación só moi excepcionalmente foránea, unha historia económica radicalmente diferente e uns trazos psicociolóxicos moi pouco concordantes cos cataláns. De aí que, na nosa opinión, o discurso e a dinamización teñan que ser tamén diferentes, aínda que poidamos aprender dos acertos -e dos erros- cataláns, como tamén dos quebequeses, os israelís ou doutros exemplos relativamente exitosos e diferentes do noso.

Concordamos plenamente na idea de que a realidade sociolingüística non é inmutable e en que os axentes dinamizadores e a sociedade galega en xeral poden modificar dun xeito substancial a situación se se adoptan as estratexias oportunas e se conseguen poñer de acordo as forzas e discursos pertinentes; resulta tamén evidente que é necesario, mesmo urxente e imprescindible, un plan dinamizador para saír do *impasse* en que nos atopamos na actualidade.

A análise prospectiva que pecha o volume (pp. 144-158) leva a Bouzada e Lorenzo a realizar un inxente traballo de configuración e etiquetaxe de variables, xunto cun estimable labor de cálculo matemático, traballo que, sen

embargo, non se explota para construír unha máis detallada interpretación dos escenarios e actores dinamizadores.

En definitiva, podemos dicir que estamos ante un volume necesario e ben interesante para a investigación social sobre a lingua galega, en especial tendo en conta o lastre do pasado en canto á indefinición de obxectivos e funcións e maila lamentable pobreza de ideas. Por iso son necesarios libros coma este que, con valentía e decisión, aborden temas cruciais e decisivos para o futuro do galego. As discrepancias apuntadas en absoluto empanan o interese da obra e dos seus argumentos, máis ben son proba de que a sociolingüística galega, na que os autores teñen xa un papel destacado, pode e debe madurar co paso firme e decidido que se intúe nos últimos tempos. Sería bo que este traballo pioneiro, xunto a outros, servise para estimular os investigadores, estudiosos, divulgadores e público interesado en xeral, a traballar na resolución de tan importantes cuestións para a lingua galega, camiñando cara a un futuro próximo no que poidamos prescindir do termo *normalización*, para comezarmos a falar de *dinamización e planificación lingüística*.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1973). *Informe dramático sobre la lengua gallega*. Akal, Madrid.
- Fernández, Mauro (1983). "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: el ritmo de la desgaleguización en los últimos 50 años", *Verba* 10, pp. 79-119.
- Fishman, Joshua (1991). *Reversing Language Shift*. Multilingual Matters, Clevedon.
- Grimshaw, Allen D. (1987). "Micro-/Macrolevels", in *Sociolinguistics*, Walter de Gruyter, Berlin-New York, pp. 66-77.
- Ramallo, Fernando F. e Gabriel Rei Doval (1995). *Publicidade e lingua galega (Os consumidores ante o uso do galego na comunicación publicitaria e nas relacións comerciais)*. Consello da Cultura Galega, Santiago.
- (1997). *Vender en galego (Comunicación, empresa e lingua en Galicia)*. Consello da Cultura Galega, Santiago.
- (1987a). *Sociological Theory and Sociolinguistics*. London.
- Ritzer, Georges (1979). "Toward an Integrated Sociological Paradigm", in W. Snizek e outros (eds.). *Contemporary Issues in Theory and Research*. Greenwood Press, Westport, Conn., 22-46.
- (1990). "Micro-Macro Linkage in Sociological Theory: Applying a Metatheoretical Tool". In G. Ritzer (ed.). *Frontiers of Social Theory: The New Syntheses*. New York, Columbia University Press, pp. 347-370.
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. Real Academia Galega, A Coruña.

- Siguán, Miquel, dir. (1994). *Conocimiento y uso de las lenguas en España*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- Vincent, Jean-Didier (1986). *Biologie des passions*. Odile Jacob, Paris.
- Watzlawick, Paul e outros (1981). *Die erfundene Wirklichkeit*. R. Piper, München 1981. Cito pola ed. cast. *La realidad inventada (¿Cómo sabemos lo que creemos saber?)*. Gedisa, Madrid, 1995. Véxase, en concreto, "Profecías que se autocumplen", pp. 82-98.

GABRIEL REI DOVAL

Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Gramática da lingua galega I, Fonética e fonoloxía*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1998, 317 páxinas.

Desde que no ano 1976 Amable Veiga publicara a súa *Fonoloxía gallega* (obra que polo seu incuestionable rigor metodolóxico segue sendo de obrigada consulta) ata esta *Gramática da Lingua Galega I, Fonética e Fonoloxía* de Xosé Ramón Freixeiro Mato de 1998, os investigadores galegos non produciron ningunha outra obra de conxunto que estudiase a compoñente fónica da nosa lingua. Desta maneira, as introduccións máis accesibles para os estudantes de fonoloxía galega reducíanse ben ó manual de Veiga, ben á breve introducción que aparece na *Gramática Galega* de R. Álvarez, H. Monteagudo e X. L. Regueira (Vigo, 1986). Cómpre, polo tanto, felicitarlos pola aparición deste novo manual, primeira parte dunha futura nova gramática da lingua galega que esperamos con ilusión. A aparición deste traballo vén incrementar eficazmente o capital bibliográfico de investigación sobre a lingua galega, de modo que se facilita o estudio e coñecemento da fonoloxía e fonética galegas ós estudantes, ós investigadores foráneos e ó lector culto en xeral. A obra de Freixeiro Mato, utilísima por achegar unha grande cantidade de datos, resulta un intento de sistematización da maior parte da investigación fonolóxica e fonética (sexa de procedencia dialectolóxica, histórica ou de simple estudio sincrónico) que se leva producido ó longo da historia da lingüística galega. Polo que se refire ó marco teórico, e como vén sendo tradición dentro dos estudos de fonoloxía galegos, o autor orientase polo estruturalismo. A obra contén unha breve introducción sobre o que é a gramática e as súas partes, unha breve introducción teórica, a análise segmental das vocais e das consoantes e das relacións que establecen en virtude da denominada *fonética sintáctica*, un curioso estudio sobre a ortografía do galego (dicimos curioso polo lugar en que aparece, un manual de fonética e fonoloxía), unha descrición da estrutura da sílaba, unha análise dos trazos suprasegmentais e unha parte dedicada á fonostilística. Conta, ademais, con índices de palabras, de materias e de autores, o que redundante verdadeiramente no valor do traballo.

É, como vemos, un traballo ben completo e que dá unha visión xeral sobre a fonoloxía do noso idioma. Consideramos preciso, sen embargo, analizar algúns aspectos teórico-descriptivos da obra cos que non concordamos e que nos parecen dignos de comentario. Entre as cuestións de orde máis xeral, non deixa de sorprendernos que nun estudio que se nos presenta como sincrónico (p. 31) aparezan constantemente entrecruzados aspectos de gramática sincrónica e de gramática diacrónica. Por un lado, non se percibe unha fronteira clara entre as dúas orientacións na interpretación dalgúns fenómenos tratados. Un exemplo claro disto podémolo ver cando se afirma que "a metafonía de -o final ou unha

nasal trabante poden facer que apareza [e] en palabras que etimoloxicamente deberían levar [e]” (p. 75). Do uso do presente de indicativo na oración da cita cabe concluír que os procesos metafónicos aínda actúan hoxe: esta afirmación, quizais válida nun fonólogo xenerativo, resulta pouco adecuada dentro do marco teórico estruturalista en que se move o autor¹. Este tipo de mesturas perpetúa un modo de descrición ó noso xuízo errado e que unha obra destas características debería tentar superar. Unha vía de superación do problema descritivo podería acadarse se se manexasen conceptos coma o de *distribución*, *inventario* ou *incidencia*²: desta maneira, sería máis axeitado e simple concluír que, por razóns históricas, as variedades dialectais do galego presentan diferencias de *incidencia* no uso dos fonemas vocálicos de grao medio, de xeito que nunhas partes do territorio encontramos [noβo] e noutras [noβo], nunhas partes [dente] e noutras [dente].

Do mesmo xeito, precisamente por cualificarse como sincrónico, non nos parece que teñan cabida neste estudio algúns dos temas tratados. Así, non entendemos por qué o autor se detén na historia e orixe do *seseo* en galego, sobre todo se temos en conta que é un aspecto xa perfectamente descrito por outros autores en manuais de fácil consulta³. En todo caso, ó longo da exposición sobre este tema presenta interpretacións fonolóxicas dos feitos moi cuestionables. Nun momento da súa disertación afirma que “o seseo, presente en Galiza e Portugal, representa a continuidade do sistema galego-portugués primitivo, mentres que o paso de *s* a /θ/ [sic] que se produce no galego supón unha innovación no sistema fonolóxico” (p. 162). Sen embargo, é claro que tanto os sistemas seseantes coma o non seseante son o resultado dunha profunda reestructuración do antigo sistema de sibilantes, e que os sistemas seseantes modernos son tan distintos do medieval coma o non seseante, e igual de innovadores (cando non máis), pois dun sistema en que se opuñan seis fricativas coronais pasouse a sistemas en que ben se opoñen tres, ben dúas ou ben nos que só existe unha fricativa coronal, e os trazos distintivos que caracterizan esas unidades en cada un dos sistemas son sempre distintos. O único que teñen en común o sistema de coronais fricativas medieval e o seseante moderno é a ausencia dunha coronal non sibilante (a fricativa dental); sen embargo, en tanto que sistema, nada nos autoriza a pensar que o sistema non seseante é cuantitativa ou cualitativamente máis innovador có sistema que só opón dúas fricativas coronais.

¹ A propósito das explicacións que acoden á metafonía para xustificar estas alternancias no portugués contemporáneo, Jorge Morais Barbosa afirma que “estão certas, mas não têm lugar na actual sincronia do português (...). Hoje em dia, há muito que esse fenómeno deixou de se manifestar em português (...) e invocá-lo na actual sincronia da língua constitui, por tanto, um erro grosseiro de perspectiva” (en *Fonologia e morfologia do português*, Coimbra, 1994, p. 179).

² Véxase J. K. Chambers e Peter Trudgill, *La dialectología*, Barcelona, 1994, pp. 66-68.

³ Véxase, entre outros, Manuel Ferreiro, *Gramática histórica galega*, Santiago de Compostela, 1995, pp. 182-188.

Freixeiro Mato tamén emprega de modo conflictivo e confuso as nocións de fono, fonema, arquifonema e neutralización. Por exemplo, ó comenta-lo vocalismo do galego afirma na p. 112 que “en posición postónica final o número de fonemas redúcese a tres, /a, e, o/, pola falta de oposición ente os da serie anterior e posterior, que se neutralizan en /e/ e en /o/ respectivamente, resultado dos arquifonemas /E/, /O/”; unha redacción parecida observámola na p. 109: “os arquifonemas resultantes da neutralización, /E, O/, son os fonemas /e, o/”. Nestes casos, cremos que o autor mestura os termos fonema e arquifonema. Xorden tamén problemas cando comenta a distribución do fonema nasal velar. Deste xeito, na p. 175 afirma que os catro fonemas oclusivos nasais se neutralizan en posición implosiva, do que cabe concluír que as nasais que aparecen neses contextos son realizacións dun arquifonema. En principio, nada temos que obxectar a esta interpretación; sen embargo, na p. 178 asegura que o fonema nasal velar aparece “nos casos xa vistos de neutralización de /N/ [sic] en posición implosiva”⁴. Na descrición e no estudio das semivocais encontramos outras dificultades: na p. 119 atribúe a semivocal [j] a unha realización do arquifonema vocálico anterior /I/ e a semivocal [w] a unha realización do arquifonema vocálico posterior /U/; nas pp. 93-94, 112 e 222 atribúe estes fonos a realizacións asilábicas dos fonemas /i/ e /u/. O certo é que no marco teórico-descriptivo no que teñen cabida os conceptos de arquifonema e neutralización tal e como os emprega Amable Veiga (de quen Freixeiro toma os elementos), unha unidade fonolóxica ou ben é fonema, ou ben arquifonema, e será unha cousa ou outra en función dos trazos pertinentes que funcionen nunha posición⁵. Ó noso xuízo, toda esta confusión ten dúas causas. Dun lado, o autor tenta conxuga-la fonoloxía de Veiga coa fonoloxía que aparece na *Gramática Galega* de R. Álvarez, H. Monteagudo e X. L. Regueira, que responden a concepcións teóricas incompatibles en moitos aspectos, como non deixa de demostrar Alexandre Veiga⁶. Doutro lado, e desde o noso punto de vista, Freixeiro Mato non se move nun marco teórico definido que lle sirva de referente.

Outra proba desta indefinición teórica encontrámola cando tratando a diferenza entre *son* e *fonema* o autor afirma na p. 47 que “cada son presenta os trazos pertinentes do fonema de que é realización e mais tamén outra serie de trazos fónicos irrelevantes. Por iso, un mesmo fonema pode ser realizado por diversos sons, con tal de que estes conteñan os mesmos trazos diferenciais”. Esta norma, común en moitos fonólogos funcionalistas, é despois ignorada, pois clasifica como fonemas oclusivos ós membros da serie /b, d, g/, a pesar de que teñen alófonos aproximantes⁷.

⁴ Na p. 223 afirma que /n/ pode aparecer na marxe posnuclear en *once*, mentres que aparece /N/ en *instalar*.

⁵ Véxase Alexandre Veiga, “En torno a los conceptos de neutralización y distribución defectiva”, en *Verba* 20, 1993, pp. 113-140.

⁶ Véxase Alexandre Veiga, “Marca, neutralizacións e relacións xerárquicas no subsistema vocálico galego”, en *Verba* 21, 1994, pp. 67-84.

⁷ Véxase E. Martínez Celdrán, *Fonología general y española*, Barcelona, 1989, pp. 24-25.

Por outra parte, asómbraos que un estudio sobre a fonética e a fonoloxía do galego contemporáneo se basee na lingua de textos literarios. Realmente, esa é unha das vías para achegarnos ós sistemas fonolóxicos das linguas mortas ou dos estadios preteridos das linguas vivas; sen embargo, obter mostras dunha lingua tan viva coma o galego é unha tarefa tan simple que torna inútil calquera referencia ós textos escritos. Relacionado con este último aspecto, a análise da fala real, tamén resulta sorprendente que nun traballo que se subtitula *Fonética e Fonoloxía* o autor deixe de lado a análise acústica dos sons, sobre todo cando hoxe en día xa contamos con abundante material referido a este aspecto (polo que non ten ademais moita necesidade de recomendar autores que estudian o castelán, Quilis e Martínez Celdrán, e non o galego).

Polo que se refire ós símbolos fonéticos empregados, Freixeiro asegura na p. 27 segui-la carta IPA de 1993 (que xa ten unha carta reformada de 1996). Sen embargo, no seu manual existen moitas diverxencias con respecto á Asociación Fonética Internacional. Por pormos algúns exemplos, Freixeiro Mato define [j] como consoante fricativa mediopalatal sonora, mentres que no alfabeto fonético internacional este símbolo correspóndelle á consoante oclusiva palatal sonora. Define [ʃ] e [ʒ] como consoantes fricativas prepalatais; na carta IPA estes sons son definidos como consoantes fricativas postalveolares. Define [ɹ] como consoante líquida vibrante simple alveolar sonora relaxada, mentres que na carta IPA este símbolo representa un son aproximante alveolar sonoro... O problema que aquí se orixina non é de simple nomenclatura, como podería pensar un lector pouco avisado. Cos trazos articulatorios empregados polo noso autor, altermase a descrición dos sons do galego, desorientase ó estudioso que se achega por primeira vez á fonoloxía da lingua galega e asúmense e séguense a difundir descrições tradicionais pouco afortunadas e que unha obra coma esta debería tentar corrixir⁸.

En canto a cuestións de matiz, podemos salientalo tratamento dado a un dos problemas máis interesantes que presenta o estudio do fonoloxía do galego: o silabeo de *unha*, *algunha* e *ningunha*. Como se sabe, hai autores que consideran que a nasal ocupa a marxe explosiva e autores que a sitúan na marxe imploriva. Sorpreendentemente, esta cuestión non merece unha soa liña no apartado dedicado ó estudio da sílaba, e o silabeo proposto *u-nha* xustifícase con criterios de autoridade, sen que se tente ofrecer ningunha outra proba.

Cuestionable tamén é o tratamento dado á denominada segunda forma do artigo. Deixando á parte a valoración que o fenómeno lle merece⁹, a descrición lingüística non nos parece satisfactoria. Mesturando outra vez factores sincrónicos e diacrónicos, Freixeiro Mato acaba por atribuí-la segunda forma do artigo a unha "pronuncia espontánea e relaxada" (p. 212). Os problemas son

⁸ Véxase Xosé Luís Regueira Fernández, "Galician", en *Journal of the International Phonetic Association* 26(2), 1996, pp. 119-122.

⁹ Na p. 57 afirma "As novas normas oficiais de 1982 resultan mesmo regresivas a respecto das promulgadas pola RAG en 1970 e 1971, contendo aspectos totalmente inaceptábeis para moitas persoas interesadas polo idioma (*colle-lo libro, ata, posible, có, Galicia*, etc.), ao non ofreceren para elas mesmo unha fasquía digna da lingua" (trazo groso noso).

varios, aínda que se poden resumir en dous. Dun lado, non deixa claro se se debe a un proceso fonolóxico ou morfolóxico; doutro, desliga esta explicación da terceira forma do artigo, que para el parece non deberse a factores de espontaneidade e relaxación, senón a un proceso morfolóxico (este si). Quizais a militancia contra a súa representación gráfica é o que o leva a estas análises tan estrañas. Sen embargo, a descrición dos feitos gramaticais non se debería ver interferida pola valoración que deles se ten¹⁰.

En todo caso, consideramos que xa vai sendo hora de elimina-lo concepto de *fonética sintáctica*, xa que subsume en si con bastante pouca fortuna procesos de *sandhi* fonolóxico e morfolóxico non equiparables, como ben nos mostra todo o capítulo dedicado a este fenómeno, onde aparecen mesturados procesos fonolóxicos e morfolóxicos coma se estivesen todos ó mesmo nivel.

Un último aspecto que podemos sinalar está relacionado coa *gheada*. Lonxe de preocupárono-lo problema histórico da súa orixe, o historiográfico da súa valoración nos diferentes gramáticos, o dialectolóxico da súa extensión xeográfica ou o sociolingüístico da súa valoración social, interésano-la interpretación que nunha fonoloxía estruturalista sincrónica coma a de Freixeiro Mato merece o fenómeno. Aquí é onde non volvemos a concordar co autor citado, que sostén na p. 139 que "existen outras realizacións dialectais de /g/ que dan orixe ao fenómeno da gheada". Sen embargo, se nun sistema lingüístico non existe [θ] nin [g], mal se pode dicir que existe un fonema /g/. Nos dialectos en que aparece a gheada, o seu estatus fonolóxico debe ser determinado en función das características articulatorias dos fonos que a realizan¹¹.

Non podemos acabar esta recensión sen volver a felicitar ó autor e ó público, que conta cunha nova obra, pois de certo que esta constitúe realmente un novo e verdadeiro motor que vai reaviva-lo debate fonolóxico en Galicia.

FRANCISCO DUBERT GARCÍA

¹⁰ Unha análise alternativa propónse en Francisco Dubert García, "Achegas sobre a morfoloxía do artigo determinado e do pronome átono acusativo de terceira persoa", comunicación lida no I Congreso Internacional «A lingua galega: historia e actualidade», Santiago de Compostela, 16-20 setembro de 1996 (no prelo).

¹¹ Véxase Amable Veiga, *Fonología gallega*, Valencia, pp. 93-94, 96 e 108-110.

...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...

...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...

...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...

...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...
...e se non fosse stata quella...

Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírase ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas inclúiranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas

Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congreso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.

Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA
Hórreo 31, 2º
15702 Santiago de Compostela

R E A L
ACADEMIA
GALEGA



CONTIDO

- 5 X. GONZÁLEZ MILLÁN,
O criterio filolóxico e a configuración
dunha literatura nacional:
achegas a un novo marco de reflexión.
- 25 M. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,
M. RODRÍGUEZ NEIRA,
A relación entre competencia
e uso do galego
- 47 X. V. LÁMINA,
O estudio do galego en Rusia.
- 57 J. F. DÍAZ PÉREZ,
A motivación na aprendizaxe
do galego en alumnos
de fóra de Galicia.
- 83 S. FAGINAS SOUTO,
As realizacións de /e/ no
castelán da Coruña.
- 105 M^a. X. BELLO RIVAS,
O ordenador como
medio de comunicación lingüística:
entre oralidade e escrita

MADE R NOS DE LINGUA